

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 55

Sesión plenaria
11 de xuño de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 6916 (12/PNP-000707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do *cluster* da industria de defensa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

5.2 22082 (12/PNP-001774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

5.3 23906 (12/PNP-001888)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

5.4 26099 (12/PNP-002077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

5.5 26197 (12/PNP-002087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

5.6 26326 (12/PNP-002108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 203f1, do 28.05.2025



Punto 6. Interpelacións

6.1 24261 (12/INT-000951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.2 24314 (12/INT-000954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.3 25091 (12/INT-000978)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e tres deputados/as máis

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 26636 (12/POPX-000045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego destinadas a resolver os problemas do acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

7.2 26637 (12/POPX-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o nivel da defensa da lingua galega que exerce o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 26190 (12/POP-003831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025



8.2 22240 (12/POP-003449)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo que avala a tramitación do parque eólico de Campelo, entre Coristanco e Santa Comba, e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

8.3 24964 (12/POP-003664)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao seu compromiso de recuperar a terceira unidade de educación infantil do CEIP San Clemente, do concello de Caldas de Reis, para o vindeiro curso 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

8.4 26063 (12/POP-003811)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas peticións de reformas nas infraestruturas dos centros de ensino públicos de Betanzos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

8.5 26602 (12/PUP-000116)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre os anuncios da Xunta de Galicia relativos á eliminación do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

8.6 26603 (12/PUP-000117)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela para o vindeiro curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 03.06.2025

8.7 22495 (12/POP-003417)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do primeiro ano de funcionamento da Oficina Económica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

8.8 25611 (12/POP-003757)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o grao de información que ofrece o Goberno galego ao Parlamento verbo da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade e dos seus plans de futuro para esta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f2, do 20.05.2025



8.9 25678 (12/POP-003761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o impacto da ampliación do porto deportivo de Baiona e da presión turística nesta vila

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f2, do 20.05.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica que se retoma a sesión co punto sétimo da orde do día.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego destinadas a resolver os problemas do acceso á vivenda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 11.)

Contestación da Xunta: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 12.)

Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 14.)

Réplica da Xunta: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 15.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. Nacionalista Galego, sobre o nivel da defensa da lingua galega que exerce o Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Contestación da Xunta: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 17.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)

Réplica da Xunta: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela). (Páx. 20.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día. (Páx. 21.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo que avala a tramitación do parque eólico de Campelo, entre Coristanco e Santa Comba, e as súas consecuencias. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 21.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 22.)

Réplica do autor: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 24.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 28.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 28.) e Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 30.)

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 32.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do clúster da industria de defensa: *rexeitada por 9 votos a favor, 65 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 33.)

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a Lei de esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos: *aprobada por 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente: *rexeitada por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro: *rexeitada por 25 votos a favor, 40 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 35.)

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables: *aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 35.)

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística: *rexeitada por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)



Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 36.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 39.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 41.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 43.)

Interpelación de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández González (BNG).* (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 48.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández González (BNG).* (Páx. 51.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 52.)

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 54.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 57.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 61.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 63.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 66.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego canto ao seu compromiso de recuperar a terceira unidade de educación infantil do CEIP San Clemente, do concello de Caldas de Reis, para o vindeiro curso 2025-2026. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 71.)



Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas peticións de reformas nas infraestruturas dos centros de ensino público de Betanzos. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 75.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia unha alteración da orde do día consistente na acumulación das preguntas referenciadas na orde do día nos apartados 5 e 6. (Páx. 76.)

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os anuncios da Xunta de Galicia relativos á eliminación do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela para o vindeiro curso. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 77.) e *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 78.).

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Réplica dos autores: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 81.) e *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 82.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do primeiro ano de funcionamento da Oficina Económica de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de información que ofrece o Goberno galego ao Parlamento verbo da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade e dos seus plans de futuro para esta comarca. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 93.)



Pregunta de D^a Carmela González Iglesias e D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto da ampliación do porto deportivo de Baiona e da presión turística nesta vila. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Villaverde Acuña).* (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Villaverde Acuña).* (Páx. 97.)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego destinadas a resolver os problemas do acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, hoxe quería preguntarlle sobre o grave problema que teñen moitos galegos e galegas de acceso á vivenda, que, por certo, é un problema crecente día a día. Lembre que lle preguntei, desde diferentes ópticas en materia de acceso á vivenda, xa no mes de xaneiro e no mes de febreiro. Naquelas datas contestoume unhas veces que se Pedro Sánchez, outras veces que se a Lei de amnistía, incluso algún día falou da bandeira de España. Un verdadeiro, desde o meu modesto punto de vista, insulto á intelixencia colectiva, no sentido de que quen agarda respostas e explicacións a problemas e a cuestións importantes recibe meros slogans.

Vostede, como presidente da Xunta, ten a obriga de contestar e dar explicacións sobre as cuestións da política galega, sobre as cuestións que se plantean para resolver os problemas de Galicia, pero opta ultimamente por gardar silencio. E, cando xorden cuestións que creo que socavan ou que conmoven gran parte da poboación de Galicia, vostede segue gardando silencio. Opta por esa cuestión: gardar silencio, pola pasividade, pola ausencia.

Mire, non nos corresponde a nós analizar as cuestións persoais nin os asuntos xudiciais, para iso evidentemente está a Administración de xustiza, e non é o caso do que imos ou nós pretendemos debater. Pero o que si lle corresponde ao presidente da Xunta é contestar, dar explicacións das cuestións políticas, das condutas políticas, do que se fai en política. Iso si lle toca, e diso non pode evadirse, señor Rueda.

Tivo vostede no seu Goberno durante seis meses un conselleiro denunciado por agresión sexual, e ocultouno; ocultouno, señor Rueda. Leva días fuxindo de dar explicacións. A semana pasada saíu de Galicia e mantívose nun silencio sepulcral sobre estas cuestións. Doutras cousas si falaba, pero de dar explicacións sobre unha cuestión importante non o quixo facer o presidente da Xunta.



Mesmo onte por dúas veces tivo a oportunidade de que se votase aquí a favor da súa comparecencia para dar as explicacións, as súas explicacións, sobre este asunto. Por iso me vexo obrigado nese silencio, que lle digo honestamente que é un silencio que doe e que avergoña, a facerlle preguntas e cuestións para as que unha gran maioría dos galegos e das galegas necesitan que se lles dea unha explicación e unhas respostas a determinadas preguntas.

Primeiro, ¿por que ocultou durante catro meses unha denuncia por agresión sexual contra un conselleiro? ¿Por que promoveu vostede unha homenaxe institucional a este conselleiro, dimitido por un caso grave? ¿Que pensa o presidente da Xunta ao ver todo o PP enfervorizado e aplaudindo ante tales feitos? ¿Que pensa de que se falese de dimisión en conciencia ou de renuncia ao aforamento, cando o que había era simplemente unha táctica para gañar tempo? ¿Sabe vostede que filtrar o nome da denunciante pode ser constitutivo de delito? ¿Que pensa de que ese nome da denunciante se soubese minutos despois de confirmarse a dimisión? ¿Que pensa vostede de que o foco se poña na muller que denuncia unha agresión sexual? ¿Por que vostede non dixo nin unha soa palabra en contra da violencia da machista?

Vostede pode defender o seu amigo e a súa inocencia, e pode crer nela, pero vostede non é un particular, é o presidente da Xunta, e, por tanto, o que non pode facer é facer un seguimento cego dun amigo, vaia onde vaia. O silencio para vostede non é unha opción, non é a opción dun presidente digno. O silencio, no seu caso, é unha verdadeira renuncia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: E cada día que pasa sen dar explicacións, cada día que pasa sen dar explicacións sobre estas cuestións, creo que demostra que non está á altura do cargo que ostenta. Vostede comeza a ser un problema para Galicia, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Besteiro, tiven tres roldas de prensa na última semana, sometínme a todas as preguntas en canutazos que estimaron os medios de comunicación, hoxe estou aquí, a todas as preguntas que me quixeron facer respondín. Entón, ¿de que silencio está falando? ¿Non será que me está confundindo co seu xefe de filas, señor Besteiro? ¿Non lle soa iso de que o estará facendo precisamente quen lle dá a vostede instrucións? *(Aplausos.)*

Mire, sinceramente, do que lle escoitei dicir saco dúas conclusións: ten vostede moita cara e moi mala memoria. O de ter cara supoño que o necesita para o seu día a día, que non debe ser nada sinxelo. Pero o de ter memoria podemos remedialo, ¡eh!, podemos remedialo.



Eu comprendo que hai cousas das que, pasados dez anos, é mellor non falar, mellor que non saia moito, pero hai xente que tiña 8 anos e agora ten 18 e pode votar, e ao mellor non sabe cousas. Hai xente á que lle foi esquecendo, porque, salvo os que vivimos a política diariamente, pois a xente está a moitas cousas á vez e hai cousas que se lle van pasando. Pero, claro, escoitándoo falar agora, é bo recordar algunha cousa, é bo recordar unha persoa que se chamaba Xosé Ramón Gómez Besteiro, no ano 2015, que botou catro meses, non, perdón, cinco meses, imputada por catro ou cinco delitos —ao mellor mo pode aclarar vostede— e seguiu tranquilamente, e despois caéronlle seis ou sete máis: cohecho, prevaricación, tráfico de influencias, fraude ás administracións públicas, fraude de subvencións, delito continuado de malversación de caudais públicos, dereitos contra o territorio...; se quere, sigo, jeh!, porque hai máis, señor Besteiro.

Ao mellor xa se lle esqueceu, e ao mellor xa se lle esqueceu o que dicía vostede naquel momento: apelaba á presunción de inocencia, estaba indignado. Incluso dicía que podía seguir no seu cargo, porque, total, o cargo que tiña naquel momento, que é o mesmo que ten agora, responsable máximo do Partido Socialista en Galicia, dicía que non era un cargo público, co cal se podía continuar, así, alegremente.

Todo iso o dicía vostede, e non só vostede, jeh! O seu xefe de filas —antes e agora—, o señor Pedro Sánchez, falaba do seu amigo, freou a súa dimisión tras a súa imputación, e dicía naquel momento que a asunción de responsabilidades viña co xuízo oral. Polo tanto, vostede podía andar pola vida alegremente, poliimputado con dez delitos, non pasaba absolutamente nada. Antes era co xuízo oral, agora xa é máis adiante, acabámolo de ver no caso do fiscal xeral do Estado. Vostedes van cambiando o criterio. O que non cambian é o plantexamento.

É certo que, despois, o señor Sánchez o deixou caer, cambiou de opinión, como en tantas cousas, pero naquel momento dicía iso.

Entón, a miña pregunta é: ¿a que Besteiro temos que crer: ao que apelaba á presunción de inocencia, ao que dicía que non pasaba nada, ao que se indignaba ou ao de agora? ¿A que señor Sánchez hai que crer: ao de agora ou ao de antes? Porque igual de cínico é agora que igual de cínico era antes.

Mire, señor Besteiro, voulle dicir unha cousa, xa que ten tan mala memoria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Xa remato, señor presidente.

Tamén isto vai polos señores do BNG. Respecten a Xustiza, respecten a separación de poderes, respecten a presunción de inocencia e no fondo, tamén, respéctense a si mesmos.

E despois, agora, na réplica, se lle interesa, falamos de vivenda, que xa vexo que non lle interesa absolutamente nada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, a verdade é que non me decepciona, pensei que ía ser no segundo turno pero foi no primeiro; por tanto, imos directamente xa ao saco.

Non lle foron seis meses, foron oito meses, pero o 3 de xullo do 2015, cando me imputaron, eu xa non ostentaba un cargo público. Esa é a notable diferenza, señor presidente da Xunta. (*Aplausos.*) Se quere mesturar os temas, pode facelo, pero demostrará que non entendeu nada. Pero lémbreo ben: o 3 de xullo do 2015 eu non era cargo público, e pasaron oito meses ata o 18 de marzo do 2016. Téñoo absolutamente claro. E vostedes tamén, porque diso e dos anónimos saben moito, (*Aplausos.*) e, se fosemos capaces de facer probas caligráficas, ao mellor aparecían con nomes ben cercanos aquí e co documento nacional de identidade.

Pero, en todo caso, este non é o tema, este non é o tema, señor presidente; é o seu silencio, confirmado unha vez máis. Non foi capaz de responder a ningunha das cuestións que se lle plantexaron aquí. E o presidente da Xunta é vostede, por iso ten que dar explicacións, porque, apelando a un tuit o día glorioso do *alzamento nacional*, ben, perdón, do pinchazo nacional, o pasado domingo, onde dicía: *«Hoy estoy en Madrid, para pedir, junto a miles de personas, algo que ya reclamé en la Conferencia de Presidentes, y que muchos consideran urgente. Un gobierno que no aprueba leyes ni da explicaciones no puede continuar. Por responsabilidad, es momento de convocar elecciones.»*. Aplíquese a receita, señor Rueda.

Vostede non dá explicacións en sede parlamentaria, que é onde o ten que facer. Aquí ninguén está cuestionando a presunción de inocencia, non estamos falando do señor Villares, estamos falando da súa actitude e da súa falla de respostas ante cuestións claras. ¿Sabe por que? Porque, efectivamente, co seu silencio, está dicindo moito do que representa, moito do que pensa e moito da actitude que ten vostede en política.

Por iso lle vou contestar eu ás preguntas que vostede non quere contestar, voulle contestar eu ao que significa que teña ocultación durante catro meses da denuncia dun conselleiro por agresión sexual. O silencio seu fai pensar que ten vostede información problemática e que non a conta. Iso é o que creo eu ante o seu silencio.

¿Por que promoveu vostede unha homenaxe a un conselleiro? Ben, o seu silencio é un verdadeiro insulto pola gravidade do caso.

¿Que pensa vostede de que todo o PP aplaudise enfervorizadamente ese día nesa homenaxe? O seu silencio produce vergoña a todo o país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Remato, señor presidente.



¿Que pensa de que falase desa dimisión en conciencia ou de renunciar ao aforamento cando soubemos logo que eses meses eran para gañar tempo? Pois esa discusión empobrece e ese silencio empobrece a política.

¿Sabe vostede que filtrar o nome da denunciante nun caso así pode ser constitutivo de delito? ¿Que pensa de que se soubese, poucos minutos despois de coñecerse o caso, a identidade da denunciante? ¿Que pensa de que se poña o foco na persoa da denunciante?

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: O seu silencio contribúe á revitimización da denunciante, da muller, da agredida. Iso é o seu silencio e iso é o que significa.

Pídlle, por responsabilidade, que dea explicacións e...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro. Terminou o seu tempo. Grazas, señor Besteiro.

(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señor Besteiro, para entendelo ben, entón secretario xeral do Partido Socialista non é un cargo público. ¡Ah!, é presidente dun club *pequeñito*. Ben, iso si, iso si que o podo entender *(Risos.) (Aplausos.)*

E cada vez máis pequeniño, señor Besteiro, con estas cousas. Ou sexa, *(Murmurios.)* que me quede claro para entendelo. Se tes dez imputacións por delitos como os que acabo de ler, non hai ningún problema; niso ti podes ser o máximo responsable do terceiro partido en Galicia, e baixando, non hai ningún problema, se non importa nada.

Xa o dixo vostede: o tema non son as miñas dez imputacións, o tema é a denuncia dun conselleiro que, en horas, dende que entrou en fase xudicial, renunciou. Ese é o tema que lle interesa a vostede, evidentemente. *(Murmurios.)* Pero, claro, para iso hai que ter moi mala memoria e dicir cousas como esa. Non pasa nada, dez imputacións; secretario xeral do Partido Socialista, non é un cargo público, *(Murmurios.)* é unha cousa privada entre catro que ninguén coñece. Está moi ben, señor Besteiro, está moi ben sabelo. *(Murmurios.)* Perfecto. De acordo, quedo con iso. Está moi ben.

¿Presunción de inocencia? Para vostede; para os demais, nada.

¿Recaditos? Porque vostede non é capaz de non cumprir o que ten cada quince días de mandar os recadiños. Mandoume un recadiño, non sei que, de que se eu estiven... *(Murmurios.)* Si, si. Estiven dicindo que España non pode seguir así, efectivamente, e sigo dicindo. ¿Sabe por que? Porque estamos paralizados, tamén en vivenda, que —insisto— é polo que vostede me preguntaba.



Mire, no minuto e medio que teño voulle deixar clara unha cousa, porque vostedes dicían esta semana que como eu fun capaz de rexeitar a proposta que nos facía o Goberno central en vivenda e que non tiven ocasión de rexeitala. Voulle dicir unha cousa. Probablemente a tería aceptado, porque necesitamos canto máis financiamento mellor para facer vivenda, se é dun 60-40. Parecía, con algunhas condicións que iamos poñer —e, á parte, moitas das cousas que pedían xa as estamos facendo aquí—, algo a considerar, pero resulta que non se nos pediu opinión, porque o señor Sánchez se enfadou; foise enfadando durante a Conferencia de Presidentes e ao final decidiu levantar a sesión e dixo que alí non se votaba nada, que non lle interesaban os nosos acordos. Eu fun falar despois coa ministra de Vivenda para dicirlle: a Galicia isto pódelle interesar, e díxome que me ía chamar. ¿Sabe que pasou? Que, por suposto, non me chamou. Tres días despois, o que vimos é como din publicamente que esa proposta a van tratar, coma sempre, sectariamente, coas comunidades que non son do PP, porque ás do PP, o muro, para que non fagan nada, para que non se diga que non hai ningún acordo.

Por iso, non podemos seguir así, señor Besteiro. Por iso, isto é insostible e por iso quixen dicirlle á cara —e non lle gustou moito, supoño que por iso leva escondido moitos meses, moitos, si, xa máis dun mes— o que moitísima xente en España pensa: que isto non dá máis de si e que en problemas tan graves como o da vivenda era aquel foro, esa conferencia, unha ocasión para solucionalo. Galicia estaba polo labor e vostedes, como sempre, están co muro, co «non» (*Aplausos.*); e, se mo permite, coa súa hipocrisía, señor Besteiro, coa súa hipocrisía.

E quedo con esa mensaxe a todos os socialistas de ben, que hai moitos: pódese ser máximo responsable do Partido Socialista imputado por dez delitos graves, non hai ningún problema; é case un orgullo, segundo lle escoito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. Nacionalista Galego, sobre o nivel da defensa da lingua galega que exerce o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, eu a verdade, vendo a pregunta, non deixo de preguntarme a quen aplauden as señorías do Partido Popular. ¿Aplauden a un presidente que encubriu durante meses un presunto agresor sexual? ¿Iso é o que aplauden, señorías, do Partido Popular? (*Aplausos.*) Porque isto é o que fixo o señor Rueda.

E si, nunca pensei ter que dicir isto no Parlamento galego: encubriu vostede durante meses un presunto agresor sexual valéndose do seu cargo. Encubriu un presunto agresor sexual ao que mantivo como conselleiro, ao que mantivo cada luns sentado ao seu lado no Consello da Xunta, viaxando en coche oficial, cobrando un salario oficial e utilizando un despacho oficial. Así durante meses e meses, porque vostede, señor Rueda, encubriuno e amparouno. Tras semellante indignidade moral e política, ¿considera que está vostede capacitado para seguir como presidente da Xunta? De verdade, señor Rueda, ¿considera que está vostede capacitado para seguir como presidente da Xunta?



Porque o que é evidente é que calquera persoa decente, no seu lugar, unha vez que coñecera este caso, tería cesado de inmediato o conselleiro. Pero vostede fixo todo o contrario: encubriuno durante meses, permitiulle utilizar a sede oficial da Xunta de Galiza para proclamar a súa inocencia e permitiulle saír pola porta grande, entre aplausos e eloxios do seu Goberno, e, por riba, filtrando o nome da vítima.

E desde aquí quero enviarlle, unha vez máis, toda a nosa solidariedade e apoio a unha muller que deu un paso valente, como é denunciar por unha agresión sexual un poderoso, un conselleiro amigo do presidente da Xunta. (*Aplausos.*) Unha muller, señor Rueda, para a que vostede non tivo nin unha soa palabra de apoio e de respecto. Ao contrario, o que fixo foi pechar filas co seu conselleiro, proclamando a súa inocencia e *de facto* cuestionando a veracidade da vítima, porque iso é o que está facendo o seu Goberno, ao máis puro estilo negacionista da extrema dereita.

¿E sabe como se chama iso, señor Rueda —e aínda ri—? Violencia institucional. (*Aplausos.*) Revictimización dunha muller por parte do Goberno do Partido Popular.

Pero é que o pasado venres, señor Rueda, vostede escribiu a páxina máis indigna de dezaseis anos de goberno do Partido Popular: organizou un acto para despedir, entre abrazos e eloxios, un presunto agresor sexual, enviando unha mensaxe demoledora a esta nosa sociedade e ás mulleres.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E é que, cando hai unha denuncia de agresión sexual, o presidente da Xunta ampara o presunto agresor e desprotexe a vítima. Este acto, señor Rueda, é unha mostra máis da degradación política e moral do seu Goberno e de vostede como presidente.

Por iso, volvo preguntarlle se, de verdade, señor Rueda, considera que, despois desta indignidade, vostede pode seguir como presidente da Xunta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, dígollo sempre; dígollo agora outra vez, porque sempre é así. Todas as sesións de control o que eu digo é a páxina máis indigna e o peor de todos os anos de historia; polo tanto, iso xa perde valor, e moito máis cando vexo a súa pose. Non me estaba rindo, estaba sorrindo, porque se lle ve na cara perfectamente que vostede está pensando nese corte en redes sociais, onde di o primeiro disparate que se lle ocorre, dálle igual o que diga, pensando simplemente para que despois lle digan: ¡que ben che quedou isto que imos poñer! E cada vez nótaselle máis, señora Pontón, cada vez nótanselle máis esas leccións que nos quere dar.



Mire, se me quere dar leccións —que sempre mas quere dar—, o primeiro que ten que facer é ser coherente e exixente cos seus socios en Madrid; e tamén, por certo, co seu partido. Vostede era a que baixaba —aí non lle aplaudía o seu grupo— hai un par de meses a cabeza e non era capaz de condenar comentarios machistas, en absoluto; non sei se se acorda. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o medo ao seu partido, aos que mandan de verdade. E agora vén aquí dando leccións. Non dixo nin unha palabra, nin chío, en todo o que estamos vendo: os Koldos, as Jessicas, os Aldamas, os Cerdanes, os pisos, as contratacións... Non dixo absolutamente nada. E agora vén aquí montar todo isto en relación cunha persoa que, en canto houbo un pronunciamento xudicial, deixou o seu cargo e se someteu á Xustiza ordinaria, señora Pontón. (*Aplausos.*) Polo tanto, mire, o que lle digo sempre: tan brava aquí, tan mansa alá; e cada vez son máis certas as dúas cousas.

Mire, vostede, recén celebradas as eleccións, que perdeu por terceira vez —recorde—, nomeou un goberno paralelo; presentóunolo a todos —e, por certo, eran os mesmos que os deputados— e fixo unha gran *performance*. E despois xa lle esqueceu, nunca máis soubemos diso. E agora retoma a idea, pero xa non cun goberno, cun tribunal, onde vostede tamén é a presidenta do tribunal —nas súas ensoñacións vostede sempre é presidenta—, e supoño que agora toca nomear fiscais e xuíces.

Pero, mire, a mellor maneira de protexer a Xustiza, de protexer as vítimas e tamén as persoas que denuncian é crer na Xustiza e facer que funcione de verdade. Se vostede non entende disto e non respecta isto, nin entende nin respecta absolutamente nada. Esta utilización partidista descarada que está facendo, iso si que é unha falta de respecto ás vítimas de violencia machista, polas que eu si teño un enorme respecto, (*Aplausos.*) polas que eu si teño un enorme respecto. Este sectarismo, este desprezo á presunción de inocencia daqueles que non son da súa corda, iso si que nos coloca a todos en situación de desprotección, empezando, por suposto, polas vítimas e polas persoas que denuncian.

Mire, señora Pontón, nesa república nacionalista, independentista —jeu que sei o que ten vostede na cabeza!—, probablemente unha das súas primeiras intencións sexa nomear unha Xustiza ao seu xeito, onde haxa unha serie de persoas, pero a que di quen é culpable, que non, a que trata as persoas como si xa houbese unha sentenza, esa vai ser vostede, por suposto.

Pero, afortunadamente, para iso existe a democracia e a separación de poderes, e, afortunadamente, por iso os galegos votan e vena a vostede nestas cousas e xa saben o que teñen que evitar. Por iso, eu alégrome moitísimo de ser —porque os galegos me deron a confianza— o presidente desta comunidade autónoma. Alégrome moitísimo de que vostede estea na oposición. E alégrome moitísimo de que de aquí a Xustiza en serio, na que hai que crer, á que hai que defender, a que protexe as vítimas e que protexe todas as persoas, a fagan xuíces e fiscais; non vostede, como lle gustaría.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, canto máis o escoito máis indigna me parece a súa posición. *(Aplausos.)* Vén vostede aquí intentar frivolar e intentar rebaixar a gravidade dunha denuncia por agresión sexual a un membro do seu Goberno, que, ademais, é o seu amigo persoal.

E falou de xuíces e de sentenzas. Pero ¡se quen ditou sentenza foi vostede e o seu Goberno o mesmo día en que na sede oficial da Xunta de Galiza proclamaban a inocencia do señor Villares *(Aplausos.)* dicindo que, cando se solucione isto, o quen recuperará xa para a vida política!

Señor Rueda, di que está coas vítimas. ¿Por que non lle amosou a súa solidariedade, apoio e respecto á muller que deu ese paso valente de denunciar un poderoso? Nin unha soa palabra para a vítima. E, iso si, abrazos e eloxios para un denunciado por unha agresión sexual, utilizando as institucións públicas deste país. ¡É unha vergoña intolerable, señor Rueda! *(Aplausos.)* Intolerable. Grotesco e, desde logo, intolerable.

Segue vostede sen desculparse coas vítimas de violencia machista e coas mulleres deste país, ás que nos ten que explicar por que, cando hai unha denuncia por agresión sexual, se pon do lado do agresor e non do lado da vítima. Explíquelles —se é capaz— ás mulleres deste país.

E dinos que o fixo todo ben. ¿Que fixo ben, señor Rueda? ¿Encubrir durante meses un presunto agresor sexual? ¿Que fixo ben? ¿Permitir que o contorno do conselleiro filtrase o nome da vítima? ¿Que fixo ben? ¿Organizar un acto de despedida para despedir, entre abrazos, un presunto agresor sexual? ¿Que fixo ben, señor Rueda? Dicirnos que isto era un problema privado. ¿A violencia de xénero, unha agresión sexual, é un problema privado? Non, señorías. As mulleres levamos décadas reclamando que a violencia de xénero é un problema político de primeira magnitude. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, a súa decisión de encubrir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...un agresor, un presunto agresor dun delito sexual, desde logo, degrada as institucións. E o que está provocando é que teñamos que dicir que vostede non é digno de ser presidente de Galiza.

Estou segura de que a maioría deste país non o votou para encubrir un agresor sexual. Estou segura de que a maioría dos galegos e das galegas senten vergoña cando saben que un conselleiro denunciado desde o mes de xaneiro por agresión sexual estivo no seu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cargo porque vostede o amparou e o tapou. E eu creo que Galiza merece moito máis, as mulleres deste país e o conxunto da cidadanía...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: ...porque a súa actitude, señor Rueda...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é gravísima e fai que sexa indigno do...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cargos que ocupa.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vólvelle dicir iso de que son indigno para o cargo, fixen o peor en dezaseis anos...; iso dimo vostede sempre. A súa teoría é que o feito de ter gañado as eleccións por maioría absoluta a min non me dá ningún dereito a tomar decisións, pensando que é bo para o interese xeral. A que ten que tomalas é vostede. *(Murmurios.)* E xa vimos dúas veces que sacou o de presunto; ¡o que é o subconsciente!, iso fala moi ben de como manexa vostede estas cousas. E despois xa vimos imputando directamente á contorna do conselleiro unha acción. Vostede imputa. Esta é a señora Pontón, a ministra, fiscal, xuíza e o que faga falta. *(Aplausos.)* E a xente ten que velo.

Señora Pontón, vólvelle dicir: nin unha soa crítica a todo o que estamos vendo. E deberíamos saber o que pensan vostedes, porque todo o que está pasando, mentres siga pasando, é responsabilidade tamén de vostedes, que o sustentan, o apoian. Supoño que lle gustará, supoño que non lle provocará ningún tipo de reflexión e supoño que o bendicirá todo, como o fan eles, porque non teñen máis remedio. Pero vostedes si que teñen máis remedio e o bendí igual. Xa digo: esa bravura aquí e esa mansedume en Madrid delátana moi ben.

Eu creo na Xustiza; protexe os denunciante, protexe as vítimas; a Xunta traballa por elas e cremos na presunción de inocencia, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Por moito que vostede a retorza, por moito que sexa cómplice desas acusacións directas aos xuíces que están facendo o seu traballo e, como lles prexudica, que barbaridades están dicindo no Partido Socialista. Supoño que o señor Besteiro estará de acordo. Ademais, vendo a importancia que lle dá a ter imputados de delitos, supoño que moitísimo máis. Pero vostede debería ser doutra maneira se quere ser crible, simplemente, e non o é.

En todo caso, mire, con esta pregunta, que vai do galego, xa vimos tamén o que lle importa o galego á señora Pontón, vólvelle dicir unha cousa. Vostede creo que na pregunta di: ¿por que estamos deixando que esmoreza? Mire, para que lle quede claro, a xente cada vez está máis farta de que se utilice a nosa lingua como ariete político, como fan vostedes. A lingua



común é ideoloxía, por suposto, a súa ideoloxía, e menos mal que non, porque, se fora a súa, probablemente xa tería desaparecido.

Polo tanto, eu volvo tenderlle a man. Xa sei que vostedes están facendo todo o posible para que iso non sexa posible, por un pacto pola lingua.

E que lle quede clara tamén unha cousa: a miña postura, a postura de todo o meu grupo e a postura da maioría dos galegos: eu defendo o galego, quero o galego, estou orgulloso do galego; díxeno o outro día en Barcelona. Pero miren, a min para falar con outro español un pinganillo nunca me vai facer falta. ¿Sabe por que, señora Pontón? Porque temos unha lingua común, porque temos lóxica e porque temos educación. Así somos os galegos. Vostedes non o entenden e por iso perden sempre.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos a substanciar agora unha alteración da orde do día.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo que avala a tramitación do parque eólico de Campelo, entre Coristanco e Santa Comba, e as súas consecuencias

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, o pasado 21 de marzo a Xunta de Galicia tivo coñecemento da sentenza ditada polo Tribunal Supremo na que o alto Tribunal avala a correcta tramitación por parte do Goberno galego da autorización do parque eólico de Campelo, ubicado entre os concellos de Coristanco e Santa Comba, o que podería abrir a porta a que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia levante a paralización que afecta ata 64 parques eólicos da nosa comunidade que se atopan nunha situación similar.

O fallo do alto tribunal, segundo manifestou a propia Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, entra no fondo da cuestión xurídica que motiva esta paralización, rexeitando que a Xunta incorrese en fraccionamento durante a tramitación dese parque eólico e aclarando que, do feito de que comparta conexión con outro parque, non se pode colixir que a tramitación de ambos se teña que facer de xeito conxunto. Esta sentenza engádese a outras emitidas anteriormente polo Supremo a finais de 2023 e principios de 2024 sobre o parque eólico Corme, no concello de Ponteceso, nas que xa avalaba o proceso de información pública realizado pola Xunta ao abeiro da tramitación ambiental dos proxectos eólicos.



É por todo isto que este grupo parlamentario, que si confía plenamente na actuación da Xustiza deste país, agarda que se produzan avances no proceso de desbloqueo de instalacións eólicas que sofre a nosa comunidade autónoma. Pero a nosa confianza na Xustiza non é incompatible con denunciar certas coincidencias, que poden levar a cidadanía a desconfiar das súas institucións e que deberían despezarse, ao noso entender, para evitar este pernicioso e indesexado efecto.

Porque a coincidencia en fracasados proxectos políticos dos denunciante deses parques eólicos con quen ten a obriga de pronunciarse sobre a súa legalidade esperta desconfianza. A constatación de que ecoloxistas galegos vinculados ao BNG promovesen durante o Bipartito as mesmas instalacións eólicas que agora tentan paralizar esperta desconfianza. Que persoas que ocupan un escano neste Parlamento voten recorrentemente contra os mesmos parques eólicos cuxa implantación defendía cando exercía como letrado esperta desconfianza. Ou como persoas que hoxe afirman defender a Xustiza hai moi poucas semanas falaban nesta Cámara de *lawfare* e de fachas con toga iso tamén esperta desconfianza. (*Aplausos.*)

Pero como este grupo parlamentario aspira a reforzar a confianza dos cidadáns galegos nas súas institucións e a despezar esas dúbidas razoables que poden xurdir, é polo que lle formulamos hoxe a pregunta que está rexistrada: ¿como valora o Goberno galego esta sentenza do Tribunal Supremo que pode poñer fin ao bloqueo eólico que está a sufrir Galicia?

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Pazos, a situación que está vivindo Galicia, sen dúbida, neste asunto é máis que preocupante. Eu teño que dicir que é insólita, é inédita e non ocorre en ningunha parte do Estado español.

Esta situación non só está a frear a importantísima actividade económica na nosa Comunidade, senón algo fundamental que eu teño que denunciar como conselleira de Medio Ambiente, que é que nos está impedindo loitar contra o cambio climático, tal e como nós tiñamos previsto; é dicir, está impedindo en realidade a descarbonización total de Galicia.

Este parón xudicial —e cremos na Xustiza, pero efectivamente temos tamén a posibilidade de recorrer esta parálise— motivou que Galicia pasara de ser líder a estar na quinta posición.

E ¿por que está a ocorrer esta situación? Ben, pois por unha decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que nun primeiro momento paralizou a implantación de distintos proxectos eólicos, argumentando defectos de tramitación, mesmo por parte da Administración autonómica.



Así, cuestionouse, por exemplo, que os trámites de información pública e os de consulta pública puidesen efectuarse en paralelo. E tivo que ser o Supremo, non só unha vez, nin dúas, nin tres, senón ata catro veces, quen lle dese a razón á Xunta de Galicia, quen lles dese a razón aos funcionarios da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Pero, non obstante, continuamos con esa paralización, con este proceso, e eu aquí teño que apelar á responsabilidade, á responsabilidade dos grupos políticos, pero tamén á responsabilidade da ministra de Transición Ecolóxica, xa que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como non puido por ese lado, agora baséase na zonificación; unha zonificación que está feita de maneira que dúas ferramentas cartográficas que son meramente orientativas ao final están decretando Galicia libre de eólicos, e iso estase amparando tamén por parte dos grupos da oposición e daqueles que aplauden, certos eidos ecoloxistas.

Polo tanto, hai algo que eu lles teño que dicir: temos paralizado o 76 por cento dos parques, e isto non o podemos consentir. Eu mesma dirixinme á vicepresidenta terceira e ministra de Transición Ecolóxica para que rectifique, para que clarifique. Salvamos unha situación, hai que salvar a seguinte situación. Pero tamén lle dixemos que Galicia segue traballando e que ten as verdadeiras ferramentas cartográficas, aquelas polas cales se lle abriu expediente por parte da Unión Europea ao Goberno central, por non ter feitas as zonas da aceleración de renovables. Galicia teno feito. E eu téñolles que dicir aos galegos que só nun 3,5 por cento do territorio se poderían instalar os eólicos a través desa ferramenta; ferramenta ademais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...que non inventa Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...senón que é unha orde da Comisión Europea.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois, conselleira. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, conselleira.

Escoiteille estes días pedir coherencia, responsabilidade e rigor. Pois non pide vostede case nada, conselleira. Non son estas virtudes que abunden na bancada esquerda deste Parlamento.

Non é coherente pedir a redución de emisións contaminantes ao tempo que se boicotea a implantación de enerxías verdes. Non é coherente defender a descarbonización namentres se ataca a instalación de parques eólicos ou a súa repotenciación. Non é coherente criticar figuras como o canon eólico namentres concellos gobernados polo BNG, grazas aos ingresos dese canon, pagan as facturas de despachos xurídicos amigos que atacan a implantación eólica.



Pero esta é a catadura moral da oposición galega, esa catadura moral que lles permite dar leccións de institucionalidade namentres colonizan todas e cada unha das institucións de todos. Esa catadura moral que exige responsabilidades políticas en Galicia namentres alén do Padornelo aplauden un aforamento *express* cualificado de fraude de lei pola xuíza instrutora da causa relacionada co enchufe do irmán do presidente. Que pide respecto para a xustiza namentres insultan os xuíces que van sentar o fiscal xeral do Estado no banquillo dos acusados, procesado por vulnerar dereitos fundamentais dun cidadán. Que critican o abrazo de despedida a quen presenta unha dimisión ante a primeira actuación xudicial e calan cando unha ministra lle di a un procesado: «*lo que necesites; non estás solo*». *Una cenita*, señora conselleira. (Aplausos.)

Este grupo confía plenamente no bo facer do Goberno galego para solventar o bloqueo eólico, para reconducir a repotenciación dos parques. Pero non nos pidan que confiemos na coherencia, no respecto e no rigor da esquerda galega. É máis sinxelo que atope vostede nesa bancada un unicornio azul que un mínimo de lealdade a Galicia. Non conte con ela.

Máis nada, moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente e Cambio climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Pazos.

Lembro unha vez máis: é que a nós a xustiza estanos dando a razón e, a pesar de darnos a razón, continuamos nesta situación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o Supremo, unha, dúas, tres e ata catro veces; e eu, ademais, agardo que tamén o faga o TJUE. Non podería ser doutro xeito. Primeiro, porque respectamos integramente a lei; segundo, porque aqueles funcionarios que agora están informando son os mesmos que tamén están informando outras declaracións de impacto ambiental, e o problema está no eólico.

Eu non quero que se esquezan da propia Unión Europea e do que di. Di que a única medida real para loitar pola biodiversidade é avanzar cara á descarbonización a través de enerxías renovables. Polo tanto, eu dígolles aos señores da esquerda: únanse ao que está facendo o Goberno, porque é o único xeito de poder levalo a cabo. Non digan que son ecoloxistas, porque, ao final, con esta paralización e aplaudindo a mesma están permitindo vostedes que se estean emitindo 2,5 millóns de toneladas de CO₂ ao ano. Esa é a realidade. (Aplausos.)

Pero, independentemente desa realidade e do «non» continuado, hai que dicir que, grazas, que fomos unha gran potencia e que volveremos selo; dende o punto de vista económico, pero tamén dende o punto de vista medioambiental. Agora estamos coa repotenciación e xa levamos autorizadas nove repotenciacións, todas aquelas que foron solicitadas. E, ¿saben vostedes o que supón? Pois supón que reducimos un oitenta por cento os aeroxeradores. ¿Saben vostedes o que supón? Que temos un 35 por cento máis de enerxía renovable. ¿E saben sobre todo o que supón? Que deixamos de emitir 100.000 toneladas de CO₂ ao ano.



E eu diríalles a todos e a cada un dos que aplaude certas decisións: achéguese ata o pobo, vaian ata certos lugares. Eu fágoo, é a miña obrigaón, é a miña responsabilidade, pero tamén se convida os distintos grupos nos distintos concellos. Hai escasos días estiven en Vimianzo e alí estaban os propietarios do monte. O que comentaban non era outra cousa máis que dicir que os que gobernaban que, grazas á implantación deste eólico en Vimianzo hai vinte anos, houbo unha conexión do pobo co monte, porque o monte estaba totalmente illado. Grazas á implantación dese eólico deixou de haber incendios nese monte. Grazas á implantación dese eólico hai gando nese monte. Esa é a realidade, unha realidade que vostedes non queren ver. Porque ao final é «quero, pero non o quero así», tal e como dicía tamén unha concelleira do BNG.

Polo tanto, imos continuar na mesma liña: cumprindo a lei e, sobre todo, amparando a quen fai os informes sectoriais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Retomamos as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

Señorías do Partido Popular, ¿imaxinan o presidente dun país boicoteando a súa lingua? ¿Imaxinan os deputados e deputadas dun país boicoteando a lingua do seu país? ¿Imaxinan unha Galiza sen galego? Eu non, eu non imaxino unha Galiza sen galego e estou profundamente orgullosa da lingua propia do meu país, do galego. Por iso non renuncio nunca a querer, a pensar, a aprender, a soñar, a falar e a vivir sempre en galego en Galiza.

Pero Rueda non. O presidente Rueda non está orgulloso do galego e imaxina unha Galiza sen galego, mesmo podemos asegurar que traballa para conseguila. Por iso acaba de renunciar en Madrid, na Conferencia de Presidentes, a falar en galego. Renunciou á lingua propia e oficial do país que goberna, renunciou á lingua que identifica a sociedade galega, independentemente da lingua na que fale. Defende o galego como defende as vítimas de violencia machista, como acaba de demostrar agora neste hemiciclo. Entre servir os galegos e servir o PP madrileño, Rueda escolleu a submisión aos intereses do Partido Popular máis reaccionario, ás ordes de Ayuso, (*Aplausos.*) quen abandonou de forma absolutamente irrespetuosa



e maleducada a Conferencia de Presidentes cando algúns presidentes escolleron libremente falar na súa lingua, na lingua do seu país. Unha señora Ayuso que só volveu á Conferencia de Presidentes cando se asegurou de que Rueda obedecía o seu mandato e renunciaba a falar en público en galego. Rueda non representa o pobo galego porque renega do galego.

Señorías do Partido Popular, voulles trasladar unha pregunta que a min me levan feito en diferentes ocasións nas últimas semanas: ¿até cando vai seguir o Partido Popular atacando o galego, a lingua do país que os escolleu como representantes? E eu aínda lles engado máis preguntas, porque eu si teño a oportunidade de facelo aquí: ¿vostedes tamén negan, señorías do PP, como a señora Ayuso, que a Constitución española reconece o Estado plurilingüe e plurinacional? ¿Tamén o negan? ¿Por que son vostedes cómplices dun goberno que non garante o uso normal e oficial do galego nin asegura o seu coñecemento, como manda o Estatuto de autonomía? ¿Até cando van ser aliados dun goberno que deliberadamente incumpre a lei de normalización lingüística e a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas? ¿Por que votan reiteradamente en contra de activar as medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega? Ese plan que foi o último grande acordo de país e que saben, como sabemos no BNG, que están aí medidas moi importantes que se poden activar de forma inmediata para comezar a reverter a emerxencia lingüística na que está a nosa lingua.

Señorías do Partido Popular, ¿a onde nos queren levar co seu servilismo ao Partido Popular máis antigalego, máis antidemócrata e desleal da historia? Este primeiro ano de lexislatura, Rueda deixou ben claro cal é o seu plan para o galego: crear unha consellaría de *attrezzo* que leve no titular a palabra «lingua» para acelerar a política contra o galego na que leva comprometido dezaseis anos. ¿Que agardar dun presidente Rueda que accedeu á Xunta de Galiza abrazando a pancarta contra o galego e apoiando a organización Hablamos Español? (A señora Queixas Zas amosa unha fotografía.) (Aplausos.)

Unha foto indigna que o acompañou cada día ata agora, como o vai acompañar para sempre outra foto indigna: (A señora Queixas Zas amosa outra fotografía, que mantén á vista durante un tempo mentres fala.) a foto da vergoña, a foto do abrazo entusiasta de despedida ao conselleiro do Mar. Un conselleiro denunciado por agresión sexual, declarándoo inocente e presionando a xustiza para que resolva o caso rapidamente, porque «é un tema privado do conselleiro», e podelo recuperar axiña outra vez para a responsabilidade pública. ¿Que agardar dun presidente Rueda que mantivo o conselleiro do Mar sentado no Goberno da Xunta e sentado neste escano (A señora Queixas Zas sinala cara a bancada dos membros do Goberno.) no pleno até hai moi poucos días, encubriendo durante catro longos meses, consciente e coñecedor de que fora denunciado como presunto agresor sexual? ¿Que agardar do presidente da Xunta, o señor Rueda, que ignorou a vítima, a muller denunciante, á que sempre temos que protexer e apoiar? Seis días ignorándoa, nin unha palabra para ela, nin sequera hoxe que tivo a oportunidade de rectificar e facelo neste pleno. (Aplausos.) ¿Cando lle van pedir perdón a ela e ás mulleres que se atopan nunha situación de extrema vulnerabilidade como é esta? Tamén vostedes, señorías, señores e señoras deputadas do Partido Popular, están actuando como cómplices, caladas e neutrais no peor silencio cómplice.

Rueda e o Partido Popular retratados ocultando a violencia machista deliberadamente e desautorizados para falar a partir de agora de igualdade e de dereitos das mulleres, porque xa



non se esforzan nin o máis mínimo en disimular a cara máis reaccionaria do Partido Popular. Negar os dereitos lingüísticos como Vox, negar a violencia machista como Vox, negar a educación no pensamento crítico como Vox, negar a oficialidade do galego en Europa como Vox e buscando a alianza e os votos de Vox. Pensamento único na lingua única desde o control ideolóxico da escola e coa censura da TVG por medio. (*Aplausos.*) As catro regras do manual dos tres emes do Partido Popular: mentira, manipulación e machismo.

Señorías do Partido Popular, ¿para quen traballan vostedes? Converteron este primeiro ano de lexislatura nun interminábel retroceso para o galego. Co galego en emerxencia lingüística vostedes aceptaron aprobar leis en contra do galego, negar os datos oficiais que certifican a emerxencia lingüística, desprestixiar as institucións que chaman o Goberno para un cambio de rumbo na política lingüística, descualificar as dúas grandes mobilizacións sociais convocadas por Queremos Galego, acusar os inmigrantes de seren os responsábeis da baixada de uso do galego e incluso anular o discurso do presidente desta Cámara, do señor Santalices, que sempre se gababa de presidir o único Parlamento monolingüe do Estado. Grazas ás señorías do Partido Popular, xa non o é. Todo con tal de demostrar que non recoñecen o galego como lingua oficial, senón como unha lingua de segunda e para o Día das Letras Galegas.

Pero ao Partido Popular non lle chegaba con vetar o avance do galego en Galiza e aínda foron máis alá. Votaron neste Parlamento en contra do uso do galego no Congreso e no Senado, votaron no Congreso en contra do uso do galego como lingua oficial nas institucións europeas. O boicot do Partido Popular ao galego aínda foi máis aló. ¡Que indecente é ver o tándem Feijóo-Rueda, expresidente e presidente da Xunta, traballando en contra do galego e manobrando con outros estados para que votasen en contra de que o galego sexa unha lingua oficial nas institucións europeas de pleno dereito! ¡E que inmoral velos a vostedes, señores deputados e deputadas do Partido Popular, gardaren silencio ao ver o seu partido malversado o seu voto, o voto que deron, a favor do galego como lingua oficial nesta Cámara no pleno do 7 de maio! (*Aplausos.*) ¡Son unha fraude para Galiza e Galiza non os merece! Esta é a verdadeira cara antidemócrata, antigalega e intolerante do Partido Popular que se di galego: nin respecto institucional por esta Cámara, nin respecto polos acordos unánimes que tomamos nesta Cámara, nin respecto sequera polos propios deputados e deputadas do Partido Popular. ¿Se non se respectan a vostedes mesmos como van respectar todo un país?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato xa.

Se aínda lles queda, señorías do Partido Popular, algo de dignidade, rectifiquen hoxe; dean a cara polo galego e voten a favor desta proposta do BNG que pide reprobar a actuación do Partido Popular en contra do acordo unánime desta Cámara no pleno do 7 de maio a favor do galego como lingua oficial nas institucións europeas e instar a Xunta de Galiza a velar polo cumprimento dos acordos adoptados na Cámara galega en defensa da normalización da lingua galega. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A miña afirmación segue estando viva, señora Queixas. Somos o único Parlamento onde todos os deputados e deputadas... *(Murmurios.)* Si, si. Aquí, en sede parlamentaria, dígame un que non o fale. Aquí, aquí, aquí. Dígame un, dígame un. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Dígame un aquí, aquí en sede parlamentaria! Estamos falando de parlamentos. *(A señora vicepresidenta, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, porque se meteu a señora Queixas falando dunha afirmación que dixen eu. Nada máis. Eu sigo mantendo o que dixen no seu día, e creo que é certo.

¿Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea? *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día.

Cando, ademais, eu respecto ao presidente *(A señora Longueira Castro sinala cara a bancada do señor presidente.)*, eu pregúntome precisamente que respecto lle ten o presidente da Xunta a este Parlamento. Dígoo porque hai algo máis dun mes, precisamente o 7 de maio, aprobamos aquí neste Parlamento —co meu estupor, evidentemente— por unanimidade ese traballo que defendía o señor Ferro para que o galego fose a lingua cooficial en Europa. A verdade é que foi un día non como o de hoxe, a verdade. A verdade é que foi un día alegre, foi un día memorable. Eu sei que as cousas ás veces custan un pouco máis do que se pensa ou do que parece, pero eu creo que neste caso custan moitísimo máis do que parece. Sobre todo, porque cando aquí se toma un acordo, é verdade que ás veces fanse cousas por encima e o papel énchese de letras e non ten esa validez que se supón desde aquí, pero en calquera caso foi un acordo neste Parlamento por unanimidade, con algo que ademais nos beneficia a todos. É dicir, non estamos falando de que a un lle vaia peor que a outro ou a un lle vai restar, pensando en eleccións, máis votos ou menos votos. Era un acordo pola cultura, en xeral; por algo que nunca fai dano, senón que en calquera caso sempre beneficia e xera produto interior bruto.

Claro que tamén, vista a consideración que lle merece ao presidente da Xunta a gravidade das denuncias por un delito de agresión sexual, levado a cabo por unha muller valente, eu creo que tampouco hai máis preguntas que facer ao respecto. Porque, ante a gravidade dos feitos dos que vimos falando durante estes dous días, organizar unha homenaxe a unha persoa, o conselleiro do Mar, diante incluso de mulleres do Partido Popular, é dicir, diante das mulleres que forman parte do propio Executivo... Que a min vanme permitir, pero tampouco sei que papel xogaron nese momento e como se terían que ter sentido. Eu sei como me sentiría eu. Paréceme que foi non só xogar coa banalidade do mal, como diría Hannah Arendt, senón que tamén foi xogar coa dignidade das mulleres que estamos na política e das mulleres que estamos neste Parlamento, en calquera caso, *(Aplausos.)* e que temos que vir aquí falar, día si e día non, desgraciadamente, dun tema tan doloroso como é a violencia sexual. Pero



bueno, supoño que este tipo de ignominias ou este tipo de banalidades teñen un porqué, o que pasa é que o señor Rueda nunca é capaz de dicirnos por que, como se atreveu a cruzar esa liña vermella, que eu creo que moitos dos seus conselleiros e conselleiras aínda se están preguntando como foi capaz de cruzar a liña vermella. Non me refiro, por suposto, ao de non xulgar antes de tempo, senón de falar ou de deixar que se fale abertamente sen ningún tipo de pudor da persoa que foi, ademais, a denunciante —insisto, valerosa— e desa banalidade de facer unha despedida a unha situación que... insistimos, tiña que ter pasado simplemente por unha toma de posesión e pouco máis, evidentemente, e non por un encubrimiento, como xa se dixo aquí en máis dunha ocasión. Así que se ese é o comportamento ante situacións que provocan dor e que provocan ás veces mortes, creo que o comportamento de obviar o acordo que se fixo aquí coa lingua galega non deixa de ser incluso un mal menor dentro do universo do señor Rueda.

E eu preguntome como pode ser que pense que o máis sensato para un feito cultural, como é falar unha lingua, con todo o que iso conleva... Porque claro, eu creo que poñerse detrás dunha pancarta no ano 2009 si que foi unha actitude política. Pero, home, facer agora diso unha cuestión de Estado, e que todos rememos a favor diso, engrandece calquera parlamento e calquera grupo político. Entón, o que me pregunto é como pode pensar que o feito de ter que usar un pinganillo, falarnos destas —con perdón— tonterías. Usar un pinganillo para falar nunha conferencia de presidentes da autonomía, pois é unha cuestión que molesta. Pois todo o contrario: España é múltiple, ten múltiples nacionalidades, ten múltiples sensibilidades, incluso máis linguas das que oficialmente están recoñecidas. ¿Como pode ser que un presidente dunha autonomía pense que iso é un demérito e teña o galego como algo romántico —volvo insistir— para romarías e tómbolas de feira? Non, o galego é unha cultura, é unha cuestión seria. Produce produto interior bruto, produce benestar, e produce, ademais, o que tantas veces dicimos aquí, e tantas veces di o Partido Socialista: o tecido cultural dunha comunidade. Sen lingua non seríamos o que somos. Sen lingua non estaríamos aquí.

Bueno, eu xa sei que moito respecto polo presidente deste Parlamento non ten, pero máis dunha vez aquí o señor Santalices, como xa dixeron, ten esa honra de ter un Parlamento onde se fala só galego. Aínda que só fose por ter respecto a un compañeiro que ten aquí presidindo este Parlamento.

Entón, todo este tipo de vulneracións de acordos, e mesmo de saltar por riba ao respecto das persoas, di moi pouco de quen temos á fronte desta cuestión. Máxime cando sabemos extraoficialmente —é verdade que non hai unha nota en que se diga— que o señor Rueda, previo á reunión dos comisarios da Unión Europea, fixo propaganda para que isto non fose levado a cabo. É dicir, aquí dixo que si e alá dixo que non. Ou sexa, aquí vota que si e cando vai a Europea fala co señor Pons e fala cos outros deputados de posicións conservadoras para que este tipo de cuestións non saia adiante.

Bueno, tamén é verdade que estamos acostumbrados a que isto pase co señor Núñez Feijóo, que cada vez que sae de España ben de nós non fala. Entón, supoño que será un patrón de comportamento do Partido Popular. É dicir, non imos ter en consideración o que defendemos aquí, no que cremos aquí e imos darlle bolilla a esta cuestión, que, desgraciadamente, vaille quedar xa a cuestión de «*hay que poner un pinganillo*». Entón, toda a súa cuestión co galego



é que «*hay que poner un pinganillo*». Bueno, pois se esa é a opinión dun xefe de filas dun parlamento autonómico, eu creo que voltamos a estar no que dicía ao principio da banalidade do mal; neste caso dun mal que lle pode facer á cultura, que nos fai a todos, como xa o dixemos aquí máis dunha vez, máis grandes e máis libres.

Eu, sinceramente, non sei se o dixeron tamén naquela intervención do 7 de maio, que con estupor agradecín moitísimo o apoio do Partido Popular á nosa iniciativa de facer o galego lingua cooficial en Europa. Tamén dixeron naquel ocasión, sen saber que ían aprobar a nosa proposición, que nós voltariamos aquí pedir unha e outra vez que isto ocorrese, porque ao final vai ter que ocorrer. O que lamentamos moitísimo é que isto teña que suceder escoitando cuestións tan ignominiosas como as que tivemos que escoitar hoxe aquí.

Entón, voltaremos sobre este tema. Vai ser cansado, evidentemente, porque eu creo que hai moitas outras cousas que resolver no eido da cultura. Esta sen dúbida é primordial, é unha das máis importantes. Nós voltaremos a traelo aquí, voltaremos a seguir falando deste tema, pero sinceramente espero que nas vindeiras veces que teñamos que vir aquí defender ou apoiar unha iniciativa deste tipo, non teñamos enriba da mesa casos tan sangrantes como os que tivemos que vivir esta semana e non teñamos que escoitar do presidente dun goberno galego que hai un problema por usar un pinganillo nunha conferencia de presidentes autonómicos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Hoxe debatemos unha iniciativa que, pese a envolver a defensa da lingua galega, vén cargada dunha intencionalidade política clara: atacar o Partido Popular, aproveitar un titular de prensa e lanzar unha campaña de descrédito. Traen aquí unha proposición non de lei para reprobar o Partido Popular, e pretenden que a apoiemos, polo que consideran un incumprimento dun acordo parlamentario unánime sobre o uso do galego no Parlamento Europeo. Pero hai moito que dicir e moito que aclarar. Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos deixar claro que rexeitamos, por suposto, esta proposición de reprobación; rexeitámola pola forma, polo fondo e polo obxectivo. Non responde á verdade dos feitos, parte dunha visión absolutamente partidista e distorsionada da realidade e pretende converter unha cuestión como é a defensa da nosa lingua nun campo de batalla. (*Aplausos.*)

O que o Bloque Nacionalista Galego pretende presentar como un incumprimento é unha postura responsable, coherente e transparente. A proposta de oficializar o galego, o catalán e o éuscara na Unión Europea require seriedade, diálogo institucional e garantías de viabilidade.



Non pode ser que unha cuestión tan relevante sexa utilizada como moeda de cambio político para pagar pactos de investidura con partidos independentistas.

O presidente da Xunta foi claro ao respecto. Dixo que Galicia está a favor de que o galego teña máis presenza internacional, pero tamén advertiu de que non se pode asumir unha proposta que implica un custo millonario e unha tramitación que require a unanimidade dos 27 estados membros da Unión Europea. Corenta millóns de euros anuais e condicións xurídicas complexas, que non están aínda resoltas. Esa prudencia non é obstrucionismo, non é ningunha traizón á lingua; é exercer o deber institucional de velar polos intereses xerais, tamén dos falantes do galego.

Moitos gobernos europeos, gobernados por distintas cores ideolóxicas, manifestaron as mesmas dúbidas. Expresaron que necesitan máis tempo, máis informes, máis garantías. Pero vostedes prefiren construír un relato simplista, no que o único culpable de que non avance a proposta é o Partido Popular. Un relato interesado, que tenta converter unha cuestión complexa nunha campaña de acusacións que nada ten que ver co respecto á lingua.

Falaban de contactos con outros estados, falaban de vetos, incluso de boicots, sen probas, sen documentos, sen recoñecementos oficiais. ¿Poden vostedes aportar algunha proba de que o Partido Popular atascou a negociación na Unión Europea? Díganmo aquí. A única verdade contrastada é que o Goberno de España non contou coa Xunta para esta proposta, que a impuxo nun contexto de débeda política cos seus socios parlamentarios e que agora pretende culpabilizar os demais da súa propia falta de planificación.

O noso compromiso coa lingua galega é indiscutible. O Partido Popular leva anos gobernando en Galicia, desenvolvendo políticas lingüísticas baseadas no equilibrio, na promoción real da lingua e na liberdade das persoas: (*Aplausos.*) o Plan xeral de normalización da lingua galega, iniciativas como a potenciación do galego no ensino, nas novas tecnoloxías, na Administración, nos medios de comunicación, a aposta firme pola cultura en galego, o apoio ao audiovisual, á edición, á música, ás artes escénicas... Iso son feitos. Despois das últimas eleccións autonómicas, nas que os galegos falaram moi claro, o Goberno galego puxo enriba da mesa a vontade de acadar un gran pacto pola lingua, un escenario de debate político e social que permita acadar un consenso en prol da nosa fala.

Señorías, recoñecer unha lingua nunha institución como o Parlamento Europeo non se resolve con boas intencións, é un proceso complexo. Require apoio diplomático, informes técnicos, tradutores, orzamento asignado e, sobre todo, consenso e seriedade.

O Goberno de Pedro Sánchez levou esta proposta a Europa sen negociar cos demais estados membros e sen asegurar os votos necesarios. Foi unha manobra improvisada, electoralista e puramente simbólica. Mentres aquí se nos acusa a nós, ao Partido Popular, de atacar o galego, os socios —os seus socios, señorías do Bloque Nacionalista Galego, en Madrid, os seus socios do Partido Socialista e Sumar— manteñen un goberno que ningunea a lingua galega de forma sistemática. Nos organismos do Estado a atención en galego é anecdótica ou directamente inexistente, nos medios públicos estatais a presenza do galego é residual. Xa me dirán dos fondos do PERTE da lingua, dos fondos do audiovisual. Na Administración da xus-



tiza as persoas que queren expresarse en galego tamén seguen atopando obstáculos. Iso si que son competencias estatais. Pero, curiosamente, aí calan, porque criticar o Goberno do señor Sánchez non entra nos seus plans; prefiren poñer o foco no Partido Popular, que é quen mellor defendeu o galego desde o autogoberno e quen traballa pola súa normalización sen sectarismos, sen imposicións e sen dogmatismos. *(Aplausos.)*

O que fixo o Goberno central en Europa coa lingua galega foi improvisar, crear expectativas e logo buscar culpables. Desde o Partido Popular queremos dicir con claridade que o galego se defende sumando vontades, con políticas útiles, co consenso institucional; non se defende dividindo, nin atacando nin manipulando. O noso modelo por suposto que xa o coñecen de sobra. Pero os modelos que apostan polo monolingüismo e o illamento doutras falas baten de fronte co ordenamento xurídico; e sábeno perfectamente, teñen a proba en Cataluña. Reprobar o Partido Popular por actuar con sentido común é un erro. Apelamos, polo tanto —nós tamén— polo rigor, polo respecto, polo compromiso de todos os grupos para coidarmos o galego sen convertelo nesa arma de enfrontamento.

O galego non pode ser usado para castigar, sinalar ou dividir. O galego é un espazo de encontro, un valor común e unha lingua viva que nos debe de unir. O galego é unha parte fundamental da nosa identidade e así o entendemos e o defendemos dende o Partido Popular. O galego non é de ninguén e, polo tanto, non pode ser secuestrado por ningún partido. Hoxe máis que nunca, cómpre afastar a lingua do combate político, traballar xuntos con ese sentido institucional, con responsabilidade e con humildade. Iso é o que propoñemos desde o noso grupo. Defender o galego non é berrar máis alto; é traballar mellor, é avanzar con todos. Iso é o que o Partido Popular de Galicia leva anos facendo e iso é o que seguiremos facendo. Comprometémonos a seguir traballando pola nosa lingua, sen ruído, sen manipulacións e con feitos.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

«Non entendo como se pode pretender gobernar un país de costas á súa lingua, sendo como é un dos sinais de identidade máis grandes dun pobo». Estas son palabras de María Canosa que escribiu no seu último artigo semanal nun xornal galego. Efectivamente, Rueda acaba de deixar pasar dúas novas oportunidades para demostrar que de verdade impulsa e lidera un pacto polo galego, pero nas dúas ocasións escolleu o contrario: escolleu reforzar o seu pacto contra o galego, ese pacto para o que leva traballando durante dezaseis anos. Puxo todas as institucións aos pés do negacionismo lingüístico: a Xunta, o Parlamento galego, o Congreso, o Senado e tamén agora o Parlamento Europeo. E vostede, señor Ferro, menudo papelón que acaba de facer; acaba de clarificar que vostedes, deputados e deputadas do Parlamento galego, acatan e aplauden esta estratexia de Rueda. A sociedade galega asegúrolle que na súa inmensa maioría non é así, non está en contra do galego, por iso cada vez representan menos a sociedade galega. *(Aplausos.)* Están sós, absolutamente sós, en contra do galego. *(Aplausos.)*



Acaba de avalar vostede aquí nesta Cámara que o Partido Popular madrileño desacredite este pleno, desacredite o Parlamento galego, anulando os acordos a favor do galego. Acata vostede e o seu grupo parlamentario a desautorización á que o Partido Popular os someteu como deputados e deputadas, invalidando o seu voto, o voto que deron aquí nesta Cámara a favor do galego, a favor de que sexa oficial nas institucións europeas, porque son reiteradamente o partido do «non» ao galego. A única verdade indiscutíbel —usando as súas palabras— é que o Partido Popular de Madrid anulou o seu voto a favor do galego. ¡Esa é a única verdade indiscutíbel! (*Aplausos.*) Admite vostede, señor Ferro, que non están aquí nos seus escanos para defender o galego; están aquí para defenderse a si mesmos e defender o seu partido, porque tamén aquí en Galiza, efectivamente, gustan máis da «fruta» que da «froita».

¿Por que boicotean o galego nas institucións europeas? Acaba de volver dicilo vostede: a es-cusa é o prezo. Para vostedes, o galego custa moito; para o BNG, o galego vale moito, e o seu futuro non ten prezo. (*Aplausos.*) A verdadeira razón é que o Partido Popular está en contra do prestixio do galego. Unha lingua sen prestixio saben que non ten uso, e unha lingua sen uso social non ten futuro. A señora Ayuso o que acaba de facer publicamente é o que vostedes pensan no Partido Popular pero non se atreven a facer; de non ter sido así, teríao desmentido vostede agora mesmo aquí nesta Cámara.

O galego sóbralles, está claro. Traballan para que vaia a menos, para que o galego sexa cada vez máis secundario e irrelevante. Non permiten nin un só titular a favor do galego. Pero non se enganen, hai unha sociedade galega que non se pon límites en galego e que ademais mostra o seu orgullo. Fíxense o que acaba de acontecer: mentres que o señor Rueda negaba o uso do galego e se negaba a falar en galego en Madrid, Candela, alumna de cuarto de Primaria do colexio de Chapela, gañaba, por primeira vez, o primeiro premio no concurso de lectura que se celebra na Feira do Libro de Madrid. A primeira vez que gañaba este concurso unha lectura en galego, nun certame no que participaban douscentos centros escolares de nove comunidades autónomas. No BNG somos como Candela, somos como a inmensa maioría da sociedade galega: orgullosas da nosa lingua. E, como canta Guadi Galego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...«somos como o mar, temos principios mais non temos finais». Por iso nos comprometemos a seguir traballando firmemente sen descanso até que o galego sexa, efectivamente, unha lingua viva e libre. ¡En galego, todo, e o galego para todo! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións, procedemos á votación.

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación do clúster da industria de defensa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 65; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.*

Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a Lei de esclerose lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Elena Espinosa.*

Hai unha autoemenda que foi aceptada e unha do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don José Manuel Golpe.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as medidas e as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para desenvolver e modernizar o sector mineiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 40; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que este manteña o financiamento íntegro e estable do Plan Corresponsables.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón.

Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta verbo do comportamento do Partido Popular no referido á defensa da oficialidade do galego no Parlamento Europeo e a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento dos acordos adoptados na Cámara relativos á normalización lingüística.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto sexto da orde do día, interpelacións. Neste caso, de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Socialista.

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Conselleira, vostede estivo alí, presenciou e aplaudiu o abrazo da vergoña, o abrazo entre o presidente Rueda e o señor Villares, un xesto que pasará á historia como un insulto á dignidade das vítimas. E o máis grave, señora conselleira, é que mentres vostede aplaudía ese abrazo, unha muller que debería ser protexida e respectada foi exposta e sinalada polo mesmo goberno que di estar comprometido coa igualdade. (*Aplausos.*) E pregúntolle directamente: ¿onde estaba a súa voz, señora conselleira? ¿Onde estaba a súa defensa da integridade das mulleres galegas? Porque ese día, conselleira, vostede deu as costas ás que sofren violencia, ás que denuncian, ás que esperaban esa voz firme do Goberno galego. Vostede respondía con aplausos. E, como manifestaba José Ramón Gómez Besteiro, desde este grupo parlamentario, exiximos explicacións e exiximos tamén, como mínimo, unha desculpa pública ás mulleres deste país.

Señora conselleira, hoxe interpelámola para expresar a profunda preocupación do Grupo Parlamentario Socialista coa situación actual do noso medio rural e a súa relación cos incendios forestais de quinta e de sexta xeración. E é que estamos a falar dunha das maiores ameazas que padece o noso país; un problema estrutural agravado, ano tras ano, pola inacción e pola falta de planificación do Goberno galego. Un problema que xa non responde só a factores naturais ou accidentais, senón que se enmarca nunha realidade moito máis complexa: o abandono progresivo e deliberado do noso medio rural.

E non podo deixar de reprocharlle como o Goberno galego actúa con absoluta opacidade e desprezo institucional en cuestións tan graves como os incendios forestais. Este ano, por vez primeira, sen ningún tipo de xustificación, a Consellería do Medio Rural —vostede— renuncia a comparecer para presentar ante esta Cámara o Pladiga 2025, o Plan de prevención



e defensa contra os incendios forestais. Farao en comisión o director xeral, para que este tema crucial, igual, pase de puntillas. Esperamos unha explicación.

O que está en xogo non é menor. Estamos a falar de miles de hectáreas queimadas cada ano, de aldeas ameazadas, de medios de vida destruídos, de vidas humanas en risco, de ecosistemas arrasados, de biodiversidade perdida e dun empobrecemento territorial que se vai consolidando como unha realidade estrutural. Cada verán, Galicia repite titulares dramáticos, e, cada inverno, o Goberno da Xunta de Galicia repite os mesmos erros. A historia repítese porque non hai vontade de cambiar nada, porque se mantén unha política de parcheo, de improvisación e de propaganda, moi lonxe da que este país precisa. E o que Galicia precisa é unha política forestal integral, centrada na prevención real, cunha visión de país, con planificación territorial, con equilibrio produtivo e con investimento sostido e con implicación social.

Desde este grupo parlamentario, levamos anos denunciando que o principal factor que alimenta os incendios forestais en Galicia é o abandono progresivo do medio rural: o despoamento, o envellecemento, a falta de servizos, a perda da actividade agraria e gandeira, a desaparición da multifuncionalidade do territorio e a conversión do monte nun espazo sen uso, sen ordenación e sen xestión. Ese abandono é o que transforma o territorio nunha bomba de biomasa, cando se perde a actividade agraria, cando se deixan de coidar os montes, cando desaparecen os usos tradicionais e os cortalumes naturais. E o que queda é un territorio cada vez máis vulnerable, máis inflamable e máis exposto a incendios de gran virulencia.

Agora estamos, conselleira, nun punto de inflexión. Xa non estamos a falar dos incendios tradicionais, senón de incendios convectivos de quinta e sexta xeración, que combinan condicións meteorolóxicas extremas —certo— con altas cargas de combustible no territorio. Estes incendios xeran focos secundarios con gran velocidade, atravesan cortalumes mal deseñados, saltan ríos, cruzan estradas e afectan directamente as zonas habitadas. Ante esta nova realidade, o que se require é unha mudanza profunda na forma de entender a política forestal. Non abonda con máis helicópteros ou máis bombeiros forestais, aínda que —vaia por diante— son necesarios e merecen todo o noso recoñecemento, conselleira.

Certo é que temos que felicitar neste aspecto —temos que recoñecelo— o Goberno galego, porque, despois de múltiples peticións deste grupo parlamentario e das organizacións sindicais, os fixos discontinuos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pasaron de tres a seis meses, e de seis, pasarán a nove. Neste momento están traballando oito meses. E felicitámoslos. Esperamos, conselleira, que tamén sexan quen de mudar o sistema de convenios de brigadas conveniadas cos concellos; un sistema totalmente fracasado do que falaremos tamén. O que se precisa é unha transformación estrutural na prevención, na planificación e na ocupación do territorio.

Neste punto queremos lembrar que, tras os graves incendios do 2017, este Parlamento aprobou, cos votos a favor do PSdeG, un ditame con 123 medidas. Ese ditame non era papel mollado; era un compromiso institucional, un roteiro que debía guiar a acción da Xunta de Galicia e marcar un punto de inflexión. E, hoxe, en 2025, podemos dicir con claridade que a inmensa maioría das medidas dese ditame non foron cumpridas. Moitas delas nin sequera



foron iniciadas. A Consellería do Medio Rural decidiu ignorar o mandato parlamentario e seguir actuando coma se nada pasase. E iso é absolutamente inaceptable.

Un dos exemplos máis graves dese incumprimento non-elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais, que son a ferramenta básica para coñecer, ordenar e planificar o uso dos montes en cada distrito forestal. Vostedes aprazaron a elaboración deses plans. Sen PORF, non hai xestión racional de recursos, non hai prioridade nos usos, non hai planificación de investimentos, nin compatibilización de funcións produtivas, sociais e ambientais.

Ademais, non se avanzou —e isto é moi importante—, conselleira, na creación desa paisaxe mosaico con usos diversificados que poida actuar como barreira real fronte á propagación do lume; esa paisaxe multifuncional que combine zonas agrícolas, gandeiras, forestais e de conservación. É a única forma de introducir cortalumes naturais e reducir a continuidade do combustible.

O traballo que debería estar feito antes do verán faise tarde, sen coordinación cos concellos e, moitas veces, sen ningún efecto real sobre o risco de incendios.

Señorías, non se pode facer prevención forestal sen contar coas persoas que viven no territorio. E aquí tamén hai que denunciar outra carencia do Goberno galego: a falta suficiente de accións sociolóxicas e de educación ambiental. Non se inviste na concienciación da poboación como se debería. As campañas son anecdóticas e non hai un programa sostido de formación para o alumnado, para os propietarios forestais, para a cidadanía; son por petición dos propios colexios, non un ofrecemento por protocolo da Consellería. Sen cultura forestal, sen planificación, sen corresponsabilidade, a loita contra os incendios está condenada ao fracaso. Pero, se falamos de participación, tamén —como dicía— os concellos, moitos deles, están abandonados pola Xunta de Galicia. Isto é especialmente grave nas comarcas máis vulnerables, como son o sur de Lugo ou a provincia de Ourense, que, cada verán, concentran unha gran parte da superficie queimada en Galicia.

A pregunta é: ¿cal é o plan da Xunta para poñer en actividade a superficie agraria e forestal abandonada nestas zonas, no sur de Lugo e en Ourense? Porque sen recuperación produtiva, sen pastoreo, sen agricultura, sen silvicultura sostible, non hai prevención posible. Apostamos desde este Grupo Socialista pola figura do xestor forestal profesional, pola planificación participativa, polos instrumentos de ordenación con enfoque territorial e polos incentivos que promoven a xestión activa da terra.

E outro aspecto que require claridade é o orzamento. Pedimos transparencia sobre o investimento en materia de extinción e tamén en materia de prevención. ¿Cal é o balance real para este ano? ¿Que proporción dos fondos se dedican a anticiparse ao lume e non só a apagarlo? Porque, sen cambio de prioridades orzamentarias, todo queda en palabras baleiras.

Entón, resumindo, señorías, os incendios forestais son un drama para Galicia que non se pode asumir como unha fatalidade. Son o resultado dunha política forestal con falta de visión, sen planificación, sen ordenación e sen coidado do territorio. Non estamos a falar dun fenómeno natural inevitable. Estamos a falar dun problema que é humano, político,



económico e social, e que, polo tanto, ten solución. Polo menos, minorar os danos dos incendios que nos van asolar —ou que nos poden asolar— polo cambio climático, se hai vontade política.

Entón, interpelámola, preguntándolle: ¿entende que hai que modificar os seus mecanismos de prevención fronte aos lumes de sexta xeración. ¿Que se pensa facer para activar a superficie agraria e forestal abandonada das zonas de maior risco? ¿Por que non se desenvolve esa xestión forestal sostible, profesional e equilibrada no territorio? ¿Que explicación dá para a falta de accións sociolóxicas e educación ambiental, que entendemos que deben ser máis profundas? ¿Por que as aulas forestais non están en funcionamento pleno? ¿Cal é o grao de execución das accións preventivas deste ano? ¿Cales son os investimentos reais en prevención e extinción para este ano que se prevé? ¿Cales foron os do ano 2024?

Queremos respostas, porque Galicia merece algo máis que propaganda; merece respecto, planificación, prevención e unha política forestal do século XXI.

Grazas. Nada máis, seguirei na segunda intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidenta, deputados, deputadas; grazas e bo día.

Gustárame empezar apuntando que, nas liñas de actuación desta Consellería, a loita contra o lume ocupa un lugar prioritario e non é propaganda, señora Dacosta. Tamén o está lograr un monte ordenado, produtivo e coidado, capaz de xerar riqueza para todos os galegos e galegas, tendo en conta que o 98 por cento do monte galego está en mans privadas.

Neste sentido, traballamos cos resultados que xa coñecen, ou deberían. A pasada campaña foi a mellor da última década, a que menos incendios rexistrou e con menos número de hectáreas ardidas. Isto non implica que baixemos a garda; máis ben, todo o contrario. Intensificamos o traballo e os medios para acadar os mellores resultados posibles. E, aquí, quero agradecer o traballo de todos e cada un dos máis de tres mil efectivos do servizo, (*Aplausos.*) que sempre, sempre, están dispostos para calquera emerxencia que se produza na nosa comunidade ou fóra dela.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, presenta anualmente un plan de prevención que se integra dentro do Pladiga. Neste plan, que está á disposición de calquera no portal da Consellería de Medio Rural, poden ver que existe unha planificación preventiva baseada en anos de experiencia na prevención, na extinción e na análise e investigación dos lumes. Estes coñecementos son os que permiten comprender o comportamento dos grandes incendios forestais e a recorrencia dos mesmos, así como os lugares estratéxicos para deseñar infraestrutura preventiva e as rutas de acceso aos montes.



Como ven, trátase dun enfoque dinámico que o que permite é adaptarse á evolución dos incendios dende os de primeira ata os de sexta xeración. En canto á organización dos traballos preventivos, que tamén teñen á súa disposición no Pladiga, contéplase un listado de actuacións que realizar durante todo o ano e non só ata o inicio da temporada de alto risco. Algunhas destas actuacións teñen unha duración anual ou bianual, e outras forman parte de estratexias máis no longo prazo. Por iso, tal e como se establece no apartado 6.9 do Plan de prevención, será no final do ano o momento de analizar o grao de execución das medidas preventivas, que sempre se plasman nunha memoria.

En canto ao mapa de riscos, vou facerlle referencia ao Peifoga e ao Pladiga. O primeiro inclúe un mapa de risco potencial de incendios forestais. A maiores, para que esta información non quede obsoleta, no apartado 7.3 do Pladiga, actualízase anualmente a listaxe e o mapa de parroquias de alta actividade incendiaria. Estoume a referir a aquelas zonas incluídas en zonas declaradas como de alto risco, que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisan medidas extraordinarias de prevención e protección fronte aos lumes. Así que, como ven, o mapeo das zonas conflitivas realízase anualmente para poder establecer os mecanismos máis adecuados na loita contra os incendios forestais.

Como lles dicía antes, outra das prioridades desta Consellería do Medio Rural é conseguir un monte produtivo e sostible. Precisamente, este obxectivo é o eixo central do Plan Forestal de Galicia, que recolle unha estratexia no longo prazo para o desenvolvemento equilibrado do monte. Neste contexto, máis de 500.000 hectáreas de superficie forestal xa están baixo instrumentos de ordenación e xestión forestal aprobados, superando incluso o obxectivo previsto no Plan forestal de Galicia para o ano 2035. A administración galega fixo un esforzo especial no fomento da ordenación forestal. Dende o ano 2018, pasouse de 117.000 hectáreas ata máis de 500.000 a finais do ano pasado. Galicia está moi preto dese obxectivo de ter 500.000 hectáreas baixo o Sistema de certificación de xestión forestal sustentable. Grazas a este traballo, a nosa comunidade é, hoxe, a segunda en superficie baixo o selo PEFC do sistema de certificación forestal implantado a nivel internacional. *(Aplausos.)*

Para acadar estes fitos, a Xunta desenvolveu diferentes instrumentos operativos de xestión forestal.

Por exemplo, creouse unha figura simplificada e adaptada ás persoas propietarias ou titulares de pequenas superficies forestais, mediante a adhesión a modelos silvícolas e compromisos de boas prácticas.

Con respecto aos plans de ordenación dos recursos forestais, o Plan forestal de Galicia preveu o seu desenvolvemento no quinquenio de 2026 a 2030, unha vez se obteñan os resultados do Inventario forestal continuo de Galicia.

E, en canto á posta en actividade da superficie agraria, teño que dicirlles que o noso compromiso é tan firme que, como ben saben, no 2021 se aprobou a Lei de recuperación da terra agraria, e, dende entón, estamos a recoller os froitos da súa posta en marcha. Levamos mobilizadas máis de dez mil hectáreas en Galicia. Ferramentas como os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, as concentracións parcelarias e as permutas están a cumprir co obxectivo



co que foron creadas: recuperar as terras con boa capacidade produtiva. E tamén cómpre destacar o papel do Banco de Terras, que propiciou a utilización de máis de 6.300 parcelas, entre as que están arrendadas ou en fase de arrendamento, sendo as provincias de Lugo, con 1.560, ou a de Ourense, con 3.270, as que máis rentabilizaron esta posibilidade.

Dende esta Consellería, traballamos por igual para todo o territorio galego, pero sempre buscando as diferenzas entre os territorios e potenciando aquelas actividades que poden ser máis beneficiosas para cada un deles. No caso das provincias de Lugo e Ourense, nos anos 2024 e 2025, estanse a realizar investimentos significativos por valor de 19,2 millóns de euros, no que ao monte se refire.

Por exemplo, en Ourense investíronse máis de 9,1 millóns de euros en distintas liñas de axudas forestais, incluíndo plantacións de castiñeiro, rexeneración de soutos, creación de superficies forestais, fomento das frondosas, apoio ás agrupacións de xestión conxunta, mantemento de forestacións, fomento da boa gobernanza en montes veciñais de man común e primas a servizos ecosistémicos. E, en Lugo, algo máis de 4 millóns de euros en conceptos similares. Ademais, realizáronse investimentos directos nos montes de xestión pública, por importe de 3,5 millóns de euros en Ourense e de 2,6 millóns de euros en Lugo.

No referente ás accións educativas, estase a promover o uso público dos viveiros forestais, para promover a educación e a sensibilización forestal con visitas escolares. E, por outra banda, o Pladiga contempla anualmente a realización de charlas dirixidas especialmente aos escolares nas contornas rurais, para concienciar do risco que supoñen os incendios forestais e as perdas económicas, ecolóxicas ou culturais que carrexan. Tamén contempla o programa de formación para a poboación rural, que busca a concienciación da veciñanza. Como novidade no 2025, cóntase cun novo material divulgativo: a publicación de «Os Bolechas», *Os incendios forestais*.

Ademais, dende a Consellería do Medio Rural, como en anos anteriores, temos licitado un contrato administrativo para o desenvolvemento dunha campaña de publicidade para a promoción da prevención, concienciación e sensibilización social contra os incendios forestais.

Por último, sorpréndeme que me pregunte polo orzamento. Eu xa o expliquei aquí, tanto na miña comparecencia de orzamentos como naquela en que se deu conta dos resultados da pasada campaña na prevención e loita contra os incendios forestais. Esas cifras xa se fixeron públicas, como recolleron os medios de comunicación. No obstante, non teño ningún problema en volver repetilas: 50,5 millóns de euros en prevención; 39,1 millóns de euros en extinción. En total, preto de 90 millóns de euros. Isto é todo polo momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.



Conselleira, os datos non enganan. En prevención, 57 millóns de euros —57.414.000 euros concretamente—, o 28,78 por cento do orzamento total. E, en extinción, 142 millóns, o 71,22 por cento do orzamento total. É dicir, que dedican o dobre para a extinción que para a prevención. A aposta pola prevención é insuficiente, teñen que aumentala. Porque o que Galicia precisa urxentemente non son triunfalismos —o ano pasado non acontecían incendios polas condicións meteorolóxicas—, senón unha política forestal seria, moderna e comprometida co territorio.

Estamos a falar de incendios forestais cada vez máis extremos, e ten que ser consciente diso, conselleira, porque está nas súas mans esta política forestal. Van ser máis intensos e máis difíciles de controlar, e isto é moi grave. Incendios —como dicía— de quinta e sexta xeración, que superan as capacidades operativas convencionais, que superan a capacidade dos servizos de extinción e poñen en risco vidas humanas, infraestruturas, aldeas enteiras e o noso patrimonio natural.

Fronte a esta realidade que require unha planificación anticipada, unha innovación técnica, xestión do territorio e prevención continuada —é moi importante, prevención continuada—, vostedes seguen a actuar como se estivésemos nos anos noventa, con aqueles incendios tradicionais que dicía que xa case non acontecen, cun enfoque reactivo pero sen visión de futuro. E, é precisamente esa ausencia de estratexia preventiva —e sigo reiterando, estratexia preventiva— o que máis nos preocupa, porque os incendios do verán non se apagan en agosto; prevense no inverno e en primavera, cunha política forestal.

Si, conselleira. Se non temos unha política forestal activa, cunha rede profesional de persoal permanente, cun mantemento de faixas de xestión de biomasa, con recuperación do pastoreo —votaron en contra neste Parlamento de realizar un plan de pastoreo—, con ordenación forestal e cunha planificación rigorosa, e, en lugar diso, o que temos en Galicia é un abandono deliberado da prevención, os incendios cada vez —reitero— van causar uns danos máis grandes. E non é ser catastrofistas; é un modelo que non funcionará para eses incendios, que é insostible e que está a comprometer a seguridade do país.

Un dato tamén clama por si só, e queremos explicacións, conselleira. Pasamos de 263 brigadas municipais en 2016, a 151 en 2023. Agora esperamos que nos dea o dato das brigadas que se constituíron no 2024 e das que se van construír no 2025. Un descenso nunha década dun 42 por cento. Isto é non é unha coincidencia; é un reflexo dunha estratexia de desmantelamento da rede local, porque realmente non modificaron eses convenios —como pediamos dende a oposición— para que fosen realmente efectivos e actuasen na prevención, non na extinción. Señora conselleira, —reitero— estaría ben que nos facilitase os datos actualizados do ano 2014 e do ano 2015: cantas brigadas de concellos se constituíron no ano anterior e cantas se van constituír neste ano.

Os concellos están sobrecargados, asumen competencias impropias, contratos precarios sen asesoramento técnico, mentres a formación do persoal segue sendo totalmente insuficiente para esas brigadas. Pouco máis de dezaseis horas de formación nun contexto de incendios de alta perigosidade é unha temeridade, entendemos. ¿Como pode o seu Goberno considerar que iso é aceptable? Ten que mudar ese sistema. Xa llo pedimos ao conselleiro anterior, non



nos fixo caso. Esperemos que vostede se faga eco desta petición. Ademais, constitúense o 31 de xullo, e vostede sabe que xa non é unha época para facer a prevención. A prevención hai que facela antes, e seguro que está de acordo comigo. Hai que darlle marxe para que mude esta situación, pero pode facelo ao longo desta lexislatura.

Tamén falta a actualización, conselleira, dos plans de prevención por distritos. Moitos deles están caducados. Fixéronse na época do bipartito, por Seaga, e están sen actualizar. ¿Onde están entón os criterios técnicos actualizados, as cartografías de riscos e os protocolos adaptados aos novos escenarios climáticos? Non se pode falar de prevención se non se actualizan os instrumentos básicos que sustentan eses plans de prevención por distrito. Acontece igual que co Plan forestal. Foron quen de aprazalos, e aínda non estean empezaron a realizarse.

Tampouco se avanza na limpeza efectiva de franxas secundarias. Hai que avanzar máis e recoller as medidas do ditame do Parlamento, do 2017. ¿Que pasou coas medidas que non se cumpren? ¿Onde está esa execución?

A súa política segue sendo, na prevención, de improvisación, da opacidade e de abandono institucional. Isto tamén se manifestou na xestión dos recursos materiais, xa o dixen noutra comparecencia. Gastaron máis de catro millóns de euros en tractores batracio, pero moitos están infrautilizados ou directamente tiveron que estar sen se utilizar. Outros presentaban problemas graves como rozaduras defectuosas, falta de formación para o seu manexo. ¿Que fixeron dende a Consellería ao respecto dende que este grupo parlamentario a advertía desa situación? Si, son tractores de uso agrícola mais que forestal, e quen decidiu esa compra, dende logo, fallou ao respecto; e son catro millóns de euros de todos os galegos e galegas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E xa remato.

Queremos, conselleira, que analice o que lle manifestamos, que o analice en positivo, e que pense que, ante os incendios de sexta xeración que están por vir, a prevención sexa unha prioridade na súa consellería.

Nada máis e grazas, presidente. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Hoxe están con nós os alumnos de 1º da ESO do Colexio Plurilingüe María Auxiliadora de Ourense, os salesianos, e saudámoslos. Benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores e acompañantes.

Agora continuamos co debate. Para pechar esta interpelación, ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente.



Deputados e deputadas.

Grazas de novo.

Señorías do Partido Socialista, a súa linguaxe vólvese cada vez máis negativa: «Abandono absoluto do rural, desmantelamento de servizos, bombas de biomasa, monte desordenado e moitas máis». É moi desalentador escoitalos falar sempre en sentido negativo de Galicia.

Dixo que o ano pasado non acontecían incendios polas condicións meteorolóxicas. *Válgame Dios*, non vou contestar. «E os incendios do verán non se apagan en agosto». Mire, canto antes se chega a un incendio, menos risco hai. E vostede na primeira intervención saía aquí alabando o servizo. Se non fose polo excelente servizo que temos, os incendios non se apagan só nin no inverno; apáganse cando hai unha ignición, *(Aplausos.)* e canto antes se chega a eles, mellor.

¿Como pode dicir que está abandonado o medio rural, cando somos un referente para todo o país nos sectores gandeiro, vitivinícola, forestal e, sobre todo, na calidade dos nosos produtos? ¿Como poden falar de desmantelamento de servizos cando se están creando novas casas niño, casas do maior, educación infantil e primaria no 90 por cento do territorio, fronte ao 55 por cento do resto do país? *(Aplausos.)* ¡Nos últimos oito anos se destinaron máis de cen millóns de euros a través do Plan LEADER para desenvolver iniciativas impulsadas por terceiros que repercutiron en máis de cinco mil postos de traballo, creados e consolidados no noso medio rural! Ou que a gandería e a xestión forestal sostíbles teñen cada vez menos peso, cando imos poñer en marcha por primeira vez unha liña de axudas específica para a recría de razas autóctonas gandeiras de ruminantes ameazadas, que son excelentes desbrozadoras, na provincia de Ourense. *(Aplausos.)* Cando, ano tras ano, saen convocatorias para a incorporación de mozos e plans de mellora. ¡Temos a mellor gandería do país, e recoñéceno no país e fóra del!

No que se refire á xestión forestal, acabamos de destinar 5,3 millóns de euros para o coidado de plantacións subvencionables pola Xunta, que teñen como finalidade a protección dos solos, a conservación da biodiversidade e o mantemento da paisaxe.

A estas iniciativas poderíamos sumar outros instrumentos ou programas, tal como son o Inventario forestal continuo de Galicia; a Estratexia de coníferas, para mellorar e consolidar os conxuntos forestais existentes, ou, entre outros, o Plan de xestión e mellora dos soutos de castiñeiros.

¿Como poden insinuar que os labores de prevención se resumen en rozas, que, por riba, segundo vostedes, están feitas fóra de tempo? Miren, só por poñerlles un exemplo: ampliación en 5,4 millóns de euros das axudas para previr os danos causados por incendios ou desastres naturais en bosques e agrupacións forestais de xestión conxunta, centradas no control da biomasa; fomento de pasteiros como barreira natural contra os lumes, para os que este ano destinamos 3,7 millóns de euros; construción, mellora e inspección dos puntos de auga; realización de áreas cortalumes novas cada campaña, deseñadas polos técnicos, e non mal deseñadas, como dixo vostede. ¡A rebater os técnicos da Consellería se atreve! *(Aplausos.)*



Evidentemente, os traballos de prevención realízanse todo o ano, e, se desen unha volta polo monte de vez en cando, poderían constatar que en cada época se desenvolven as tarefas que corresponden, atendendo ás condicións climatolóxicas e outras variables.

Dixo vostede que a paisaxe de Galicia non era un mosaico. Ou non viaxa en avión, ou non mira pola ventá, porque non fai falta ser ningún experto para ver o mosaico que é Galicia. ¡Home, por favor! (*Aplausos.*)

E quero lembrarllles que acabamos de renovar e dotar con 12 millóns de euros o convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e Seaga, para a xestión da biomasa na rede de faixas secundarias próximas ás vivendas. Un programa ao que están adscritos o 90 por cento dos concellos de Galicia, 288, e dos 25 que non están, 12 son do Partido Socialista. Pregunten aos seus compañeiros, a moitos deles, porque seguro que lles dirán que existe unha boa sintonía e colaboración entre as diferentes administracións nesta materia.

Poden empeñarse en falar de que o rural está abandonado e en que iso provoca lumes, pero a realidade é outra. Queden con estes datos, que son o reflexo da Galicia real deste século: o 33 por cento dos produtores de leite de Galicia teñen menos de 45 anos, e producen o 53 por cento do leite de Galicia. Temos as explotacións máis modernas e competitivas, que tamén dinamizan e coidan o territorio. Acabamos de incrementar nun 11 por cento as prazas nos nosos centros de formación. ¡Galicia produce máis do 50 por cento da madeira deste país! Temos un monte valorado en 43.000 millóns de euros.

A estratexia na prevención e a loita contra os incendios forestais está a dar resultado, e así o recoñecen fóra das nosas fronteiras, onde somos o referente. A pasada campaña acadamos os mellores resultados da última década: 105 incendios, e 2.133 hectáreas queimadas. Pregúntenlle á UME; son os primeiros que aplauden a xestión da defensa do monte galego, non é que o diga a conselleira do Medio Rural. Incrementamos os medios humanos, as condicións laborais; incrementamos o orzamento ata os 90 millóns de euros, xa que na loita contra os incendios non se pode escatimar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Dixo vostede que gastabamos moito en extinción. Para a extinción non se escatima un só euro, ¡o que faga falta! (*Aplausos.*) ¡Faltaría máis! E, como xa lles dixen moitas veces, os lumes deben ser obxecto de consenso, non de debate. E, dende esta Consellería, seguiremos a traballar por un medio rural máis produtivo, máis coidado, e por un medio rural que ten un gran futuro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Interpelación de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Como muller, sinto tristura pola actitude perversa que na pasada semana, e que continúa nesta, tivo o Goberno do noso país. E sinto tamén rabia pola película de terror que tivemos que ver e presenciar todas e todos como sociedade.

Están tratando de barrer para debaixo da alfombra un problema que din que é de carácter persoal e que non o é, e que en realidade son as vergoñas dun Goberno que merece o repudio do seu país; o repudio das mulleres vítimas da violencia machista e da súa hipocrísia; o repudio dos pais de todas aquelas cativas que teñen que ver como o noso Goberno se sitúa detrás dun presunto agresor sexual e que teñen que pensar que as súas fillas vivirán esta realidade, e o repudio de todas as nais que educan os seus nenos e as súas nenas en igualdade, e prenden a tele e ven falando o seu Goberno mentres lle dá palmadas no lombo e apertas a un presunto agresor. Merecen o repudio de todas as mulleres galegas, e tamén o da nosa conselleira de Igualdade. Aínda que non sei se llo permitirá o seu código de valores; o código de valores que vén escrito nos estatutos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Cada aplauso, cada eloxio, cada palmada no lombo ao que era o conselleiro do Mar fixo que apertaran tanto, tanto, a dignidade, que a afogaron, esmagárona.

E a pregunta é: ¿tratou a conselleira de Igualdade igual a vítima e o presunto agresor? Non. Non a tratou igual, non a tratou igual. Porque é que quizais era un grande amigo, o seu amigo. *(A señora Fernández González amosa unha fotografía do señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, e o señor Villares Bermúdez, coa lenda «O abrazo da vergoña»)* *(Aplausos.)* Quizais era un gran traballador, o seu traballador. Quizais era un gran compañeiro, o seu compañeiro. E quizais era un grande home, quizais era un bo home. Quizais é inocente. Pero a ninguén se lle ocorreu falar en presente, dicir o que é en presente. Porque é un presunto agresor sexual. Iso é o que temos diante no noso Goberno. As mulleres do país impórtanlles pouco.

En ningún momento se plantexaron situarse do lado da dignidade e da integridade. Porque prefiren a vergoña e prefiren que os medios públicos lles fagan a xenuflexión aos traxes e ás gravatas, que se axeonllen diante dos traxes e das gravatas, esquecendo que, do outro lado das pantallas, hai nenas e hai mulleres que denunciaron ou que denunciarán. Porque a vostedes as mulleres deste país impórtanlles ben pouco. *(Aplausos.)* As miserias non se dilúen con apertas, conselleira, nin con aplausos, nin con silencios.

Mulleres, refuxiémonos no feminismo, a menos que queiramos que sigan arrastrando este xénero polo chan; refuxiémonos no feminismo. *(Aplausos.)*



Agora, despois disto, falarei do tema que me trae aquí, porque, primeiro, antes de calquera tema, é a dignidade, o feminismo e os valores sempre. (Risos.) E falarei das escolas infantís, e comezarei cunhas palabras, cunha conversa entre un alcalde e un deputado. O alcalde, do Partido Popular, dille ao segundo: «O principal problema de Galiza non é o paro, nin a economía, nin farrapos de gaitas. O principal problema, a anos luz do seguinte, é a falla de nacementos de xente do país. Imos desaparecer como raza se non cambian as tornas, e substituír fillos por cans non é a solución.» E responde o deputado: «É que as familias deste país non son entes que xorden da nada; as familias deste país necesitan opcións de traballo». Estabamos nunha conversa de conciliación, falando de que necesitabamos conciliación, e el dixo que o que necesitabamos era Altri. Está sentado por aí nas súas filas.

Falaron os oráculos, ambos os dous, nos seus respectivos gobernos, votando en contra de solicitar á Xunta de Galiza máis prazas de escolas infantís públicas, votando en contra de mellorar as condicións das casas niño, votando en contra de mellorar o financiamento dos puntos de atención á infancia e das escolas infantís municipais e, ao fin, votando en contra da conciliación. Este é o nivel do Partido Popular, este é o nivel que vostede representa, e, (Risos.) diante desta conversa, eu entendo que o Consello de Contas faría as maletas e arrancaría pola porta. Porque, claro, despois de dicirlles que o que precisa Galiza é conciliación, ter que escoitar do seu propio Goberno esta conversa roza o ridículo.

Pero, para sorpresa de ninguén, este ano volveu pasar o de todos os anos: quedaron fóra moitos nenos e nenas, moitas crianzas, da escolarización infantil. A universalidade non é universal novamente. E, como van ter a tentación de chamarme exaxerada, tráiolle aquí unhas cantas listas de agarda. (A señora Fernández González amosa sucesivos documentos.) Esta, esta, esta. Ata 25. E son de dez escolas infantís da rede Galiña Azul. Só de dez. Non hai prazas abundas para cubrir a súa demanda, a demanda deste servizo, e mentres vostedes devolven 22 millóns de euros —¡22 millóns de euros!— que estaban destinados a crealas, que lles chegaran do Fondo de Recuperación e Resiliencia. ¿E por que os devolven? ¿Por que non os querían?, preguntaranse vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego. Porque di o presidente que non estaban pensados para nós, porque temos xa unha porcentaxe alta de escolarización infantil —entón, pois mira, todos estes que quedan fóra (A señora Fernández González amosa de novo os documentos.) pois que se arranxen— e porque hai no Estado rexións que os precisan máis. Cando a esmola é moita no Partido Popular, ata o santo desconfía.

Pero o caso é que, ao final, lle saíu a patiña por debaixo da porta, e lamentouse de que eses fondos non se podían utilizar para financiar prazas privadas en escolas privadas. Ese plan non lle conviña, porque, claro, o que importa non é que teñamos ou non prazas para todas as nosas crianzas. Pero, despois de renegar deses 22 millóns de euros, de devolvelos, incluso antes de que rematase o prazo para poder executalos, do que si se preocupou foi de pedir outros, seis meses despois de dicir que non a eses. Pediu ao Estado fondos para financiar a escolarización infantil. Eses si, eses si que se podían utilizar no sistema privado.

Das prazas que financian vostedes, pouco máis do trinta por cento, dependentes da Xunta —resopla a conselleira—, son públicas. E a única contía que aumenta significativamente é a destinada a financiar prazas privadas de escolarización infantil. Xa supera os 32 millóns de euros.



Logo está o caso das escolas infantís municipais. Aí, bueno, que se financien como poidan, que se financien como poidan. Continuamos conxelando esa contía para seguir asfixiando os concellos, e que, cando lle falen a un concello dunha escola infantil municipal, aparte como se fose do lume. Normal, xa sabe o que se lle vén enriba.

E neste asunto o que lles importa non é que todas as crianzas galegas teñan ou non prazas de escolarización, a pesar de que o propio señor Feixóo dixo que se incluírían nun sistema educativo na Consellería de Educación. Agora o señor Feixóo está máis preocupado por outras cousas, está en Madrid, e ten que preocuparse de quedar por dentro da porta —cando a pechen— en Génova; entón, agora iso xa lle esqueceu. *(Aplausos.)*

E agora, que estamos a pagar máis ou menos de media tres veces máis por cada praza privada que por cada praza pública nas escolas infantís, nin sequera as privadas están contentas, e elas mesmas cualifican de caos o proceso de matriculación deste pasado ano, sen ter en conta que con esta privatización promoven non as pequenas escolas infantís de xente que está asentada no territorio; non, as grandes empresas, que logo deixan tiradas a traballadoras e deixan tiradas a familias. E detrás desas pancartas, detrás desas faixas, non está o Partido Popular, detrás desas faixas está quen si quere favorecer a conciliación e quen si quere favorecer as crianzas do país, que é o Bloque Nacionalista Galego. Iso é o que vostedes promoven. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: E mentres o resto delas fan o que poden para chegar a fin de mes, agora vostede subirá aquí e falará de grandes porcentaxes —e remato, presidente—, seguirá falando de Madrid, para non mirar para si mesma, e escusarase en calquera escusa —valla a redundancia—.

Eu voulle deixar aquí —aínda que non llos van facer chegar— todos estes papeis de listas de agarda *(A señora Fernández González mostra uns documentos.)* por se nos quere dar unha solución hoxe aquí para todas estas crianzas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a resposta, a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Fernández, a educación infantil de 0 a 3 anos é unha etapa fundamental no desenvolvemento integral dos nenos e das nenas de Galicia. Pero, mire, aínda que ás veces se subestima polo seu carácter non obrigatorio, esta etapa ten un impacto profundo e ten un impacto duradeiro, porque non soamente implica coidados, senón que se trata dun proceso educativo esencial para o desenvolvemento emocional, social, cognitivo e físico de cada neno.



Por iso, señora deputada, investir nesta etapa é apostar claramente por unha sociedade máis xusta, máis equitativa e máis preparada para o futuro, e precisamente por iso Galicia fixo da gratuidade educativa no primeiro ciclo de infantil un compromiso real, un compromiso que ten resultados claramente tanxibles, que ten un impacto positivo e que supuxo marcar o camiño que agora están seguindo outras comunidades autónomas a nivel nacional.

Mire, se me permite vostede, tomando de base a súa propia expresión nesta interpelación, catro anos despois do comezo da gratuidade, a realidade é que Galicia conta cunha das mellores redes de escolas infantís de 0 a 3 anos de toda España. Catro anos despois do comezo da gratuidade, a realidade é que temos máis de 32.000 prazas no primeiro ciclo de educación infantil, que é unha etapa voluntaria —como vostede ben sabe—, e na que as familias aforran máis de 3.000 euros ao ano por fillo. *(Aplausos.)* E catro anos despois, señora deputada, a realidade é que ningunha outra comunidade a nivel nacional ten un programa de gratuidade como o que ten Galicia, aínda que nos intentan imitar.

Polo tanto, señora Fernández, catro anos despois, o único que está claro —porque as cifras nunca menten— é que somos líderes en escolarización. E isto non é para nada froito do azar nin é froito da casualidade, senón que estes excelentes resultados son a consecuencia directa do programa de gratuidade da Xunta de Galicia e do esforzo orzamentario da Xunta de Galicia, que nas escolas infantís —por certo, de titularidade municipal— é un compromiso compartido con todos os concellos, aos que hoxe lles quero agradecer a súa implicación.

Estes excelentes resultados son posibles grazas a que cada ano investimos nada máis e nada menos que 65 millóns de euros de fondos propios; un orzamento e un esforzo que asumimos, por certo, en solitario, xa que no día de hoxe a contribución por parte do Goberno de España, por parte do Goberno central, pese a todas esas promesas electorais e a todos eses anuncios, ascende a un total de 0 euros; un Goberno central que vostedes tan orgullosos apoian en Madrid, contra vento e marea, pese aos incumprimentos con Galicia. ¡Vaia nacionalistas que son, señora Fernández! *(Aplausos.)*

Pero os datos oficiais do Goberno de España —aínda que a vostedes non lles gusten— din o impacto positivo de toda esta medida da gratuidade nas escolas infantís. E estes datos tamén desmenten o que vostede tanto asegura: que as familias galegas non poden acceder a unha praza de 0 a 3 anos que sexa totalmente gratuíta. Mire, é todo o contrario, señora deputada. As cifras deixan moi claro que Galicia é líder absoluta en escolarización no primeiro ciclo de educación infantil. Somos a comunidade de España coa maior taxa neta de escolaridade na etapa de 0 a 3 anos, moi, pero que moi por riba, da media española e de todas as *ratios* recomendadas; estamos nestes momentos nun 60,6 por cento, cerca de 13 puntos por riba da media española, que se sitúa nun 48 por cento. *(Aplausos.)* E estamos, ademais, cumprindo sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030, que se sitúan nun 45 por cento. Estámonos situando nestes momentos dende Galicia a nivel doutros países con maior índice de benestar de toda Europa, como pode ser Suecia ou Dinamarca.

Miren, respecto aos fondos europeos, Galicia si os está a executar, puxémolos á disposición de todos os concellos, e, grazas a eses fondos, vanse crear 1.000 novas prazas públicas en toda Galicia; *(Aplausos.)* ¡1.000 novas prazas públicas, señora deputada! *(Aplausos.)*



Pero mire, non obstante, xa lle avisamos hai anos —hai anos— ao Goberno central de que eses criterios ían fracasar en gran parte, de que ía fracasar a execución de todos estes fondos a nivel nacional, tal e como está a suceder nestes momentos e noutras comunidades autónomas. Porque nós xa dixemos que eran unha oportunidade perdida, xa que non permiten financiar a gratuidade da que están desfrutando nestes momentos todas as familias de Galicia. Son unha oportunidade perdida porque non permiten mellorar e adaptar as escolas infantís existentes nestes momentos en todos os concellos de Galicia.

E agora o presidente Sánchez dános a razón e dinos que vai poñer en marcha 175 millóns de euros para toda España —para toda España— para financiar o acceso gratuíto á educación de 0 a 3 anos. Mire, non sabemos cando nin como chegarán eses fondos a Galicia, porque o anuncio foi, como sempre, feito á présa e correndo na Conferencia de Presidentes. Pero este anuncio o que si demostra —e déixao moi claro— é o que viñamos dicindo dende Galicia dende hai moito tempo: que os fondos europeos serven para financiar a gratuidade das escolas infantís. Viñémolo defendendo dende o ano 2022, pedíndolle ao Goberno que financiase, que cumprise o seu compromiso coa gratuidade na educación infantil. ¿E que fixo o Goberno? Impediunos ás comunidades autónomas utilizar os fondos do Mecanismo de recuperación para financiar a gratuidade nas escolas infantís.

Miren, vostedes están moi preocupados por estes fondos europeos, pero non estiveron tan preocupados os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego, que non os solicitaron en ningunha das tres ocasións en que puxemos estes fondos europeos á disposición dos distintos concellos. Non lle interesou nada ao alcalde de Ribeira pedir estes fondos para construír unha nova escola infantil na parroquia de Aguiño; non lle interesaron tampouco estes fondos europeos á alcaldesa de Santiago; tampouco lle interesaron ao alcalde de Pontevedra nin aos doutros concellos como Cangas ou Carballo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, señores deputados, en canto ao proceso de acceso ás escolas infantís, nestes momentos estamos a piques de rematar o prazo de matriculación; un período de matriculación que, como ben saben, remata o próximo venres, que é o 13 de xuño, e este proceso de matriculación está transcorrendo nestes momentos con total normalidade. Pero tamén están dentro do normal, dentro da normalidade, todas as críticas que recibimos sempre por parte do Bloque Nacionalista Galego, que alertan continuamente de que hai nenos e nenas en listas de agarda —todos eses folios que deixou aquí a señora deputada—, pero o curioso é que o proceso aínda non está rematado. Hai moitas familias que piden praza en máis dunha escola, como vostede ben sabe, señora deputada. Polo tanto, hai que esperar a que realicen e a que finalicen todos os prazos e todos os trámites para que se depuren todas esas duplicidades. Así que lle pido que vaia recollendo os folios e que espere ao final deste proceso de matriculación para saber con máis certeza como acaba ese proceso en toda Galicia. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, nos últimos anos, introducimos moitísimas melloras, como é a modificación da baremación no acceso ás escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia para darlles precisamente máis puntos a aquelas familias nas que un ou os dous proxenitores traballan. É unha decisión que tomamos por entender que as familias nas que traballan ambos os proxenitores son as que teñen máis necesidade de dispoñer destes recursos de conciliación como son as escolas infantís. E por iso, seguindo esta liña, neste curso 2024-2025 por primeira vez es-



tablecemos uns criterios preferentes de acceso a todas as escolas infantís de Galicia de iniciativa social e tamén de titularidade privada; un avance que impulsamos da man das diferentes asociacións de escolas infantís de Galicia, ás que lles quero agradecer hoxe —a todas— a súa permanente colaboración e implicación con esta medida posta en marcha pola Xunta de Galicia.

En definitiva, señora Fernández, todas as familias escolarizadas en Galicia acceden a unha praza pública, pero, ademais, a maioría son familias que están escolarizadas na nosa rede. Polo tanto, é totalmente falso que en Galicia haxa unha maior privatización porque temos a *ratio* máis alta da media española en escolas infantís públicas. O que hai detrás de todos estes datos, señoras e señores deputados, é traballo, é compromiso e son medidas que redundan claramente no benestar de todas as familias galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

¡Home, señora conselleira —muller, perdón—, está vostede para falar do alcalde de Ribeira, que o deixa sen a escola infantil e sen a residencia dos maiores! (*Aplausos.*) ¡Está vostede para falar diso! ¡Débenlle sentar mal ao Partido Popular na Xunta de Galiza os alcaldes do BNG, polo visto! (*Aplausos.*)

Mire, catro anos —que repetiu vostede: catro anos, catro anos...— despois, non lle poden chamar ao servizo «universal», porque catro anos despois quedan nenos fóra, ¡quedan nenos e nenas fóra todos os anos! ¡Home!, non sei como van correr as listas de agarda, pero estráñame que se poidan reubicar 400 nenos en Vigo, centos de nenos na Coruña, máis de 150 en Ourense... Eu penso que está complicado. Catro anos despois sacan vostedes, que di que valoran moito a etapa educativa de 0-3 anos, as horas de programación, porque a vostedes lles importa pouco a programación. Vostedes o que queren é converter este servizo nun servizo plenamente asistencial. Entón, agora, para facer a programación, péchase a porta —o que poida conciliar, ben, e o que non, que aguante— e as traballadoras fan a programación de once meses en seis horas. Esa é a valoración positiva que fai vostede do servizo educativo que se presta nas escolas infantís de 0 a 3 anos. Mire, en fin...

Votaron en contra vostedes de todas as nosas emendas aos orzamentos, onde se pedían ducias de prazas públicas de escolas infantís —¡ducias!— nas comarcas. Mire, ducias... (*A señora Fernández González mostra un documento.*) Votaron en contra. Volveron votar en contra das nosas propostas de resolución do debate do estado da nación, onde se solicitaba dende o BNG que se ampliase a rede pública de escolas infantís; volveron vostedes votar en contra. E votaron en contra de todas as iniciativas que levamos presentando dende o BNG durante todo o ano no relativo á conciliación. Logo, despois, saen de aquí, despois de votar en contra, poñen vostedes a chaqueta ou o abrigo da conciliación e pasean polo país adiante. Pero a re-



alidade é que a conciliación neste país nas escolas infantís da rede pública é precaria, é deficitaria de prazas e non é universal, señora conselleira.

Mire, nin coidan as familias, nin coidan as crianzas, nin, por suposto, coidan os concellos, aos que lles aportan menos do 25 por cento do necesario para garantir a gratuidade das escolas infantís municipais. Así é que os seus propios alcaldes, cando lles falan de pedir escolas infantís municipais, escapan coma o lume. ¡É que non as queren! Non queren escolas infantís municipais nin nas alcaldías do BNG, nin nas alcaldías do PP, nin ninguén que saiba facer contas, porque están afogando os orzamentos dos concellos con esas escolas infantís, cando son da súa competencia.

E non coidan tampouco as escolas e os puntos de atención á infancia, nin os seus profesionais, por suposto. E tampouco —e non me quero esquecer nesta intervención— coidan as traballadoras das casas niño, que son traballadoras en precario, que son falsas autónomas, porque só perciben contías económicas da Xunta coas condicións da Xunta, e que realizan un servizo de conciliación no rural. Tampouco as coidan a elas. E a última nova que temos é que lles van revisar as súas declaracións da renda para saber se realmente teñen diñeiro ou non o teñen. Ata ese punto de ridículo se pode chegar.

Miren, eu voulle pedir o que en xeral as familias solicitan, que é unha listaxe única de admisión para que non se desencadee todos os anos o mesmo caos que se leva desencadeando estes catro; voulle pedir que o período de matriculación das escolas infantís públicas e privadas sexa simultáneo, para que non haxa competencia voraz entre unhas e as outras, prejudicando sempre as mesmas; e que exerzan, señora conselleira, un control sobre as contías que se pagan ás escolas infantís privadas por cada praza, porque agora mesmo estamos pagando o triplo nas privadas que nas públicas, e o diñeiro non é do Goberno da Xunta, o diñeiro é dos galegos e das galegas.

Así que, se ten a ben, explíquenos como vai solucionar este problema que temos na conciliación e explíquenos tamén, se é capaz, por que votan en contra sempre, sempre, de todas as nosas propostas en favor desta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señorías, miren, a conciliación é unha prioridade para a Xunta de Galicia, porque así o demostran os feitos concretos e as medidas pioneiras e proactivas que estamos poñendo en marcha dende Galicia.



Miren, Galicia foi pioneira na implantación da gratuidade en todas as escolas infantís; unha medida que é histórica na que investimos cada ano máis de 65 millóns de euros de fondos propios, pese —insisto— a que levamos moitísimo tempo reclamando ao Goberno de España o seu cofinanciamento.

Galicia concede axudas directas aos recién nacidos a través da Tarxeta Benvida. Galicia axuda na conciliación en períodos de vacacións escolares a través do bono Concilia Familia, que reciben máis de 15.000 familias cada ano, e na última convocatoria precisamente. E Galicia foi a comunidade de referencia e líder en equiparar fiscalmente, para efectos de IRPF, as familias numerosas ou con dous fillos ás familias numerosas.

Pero a realidade, aínda que a vostedes non lles guste, é que Galicia é a comunidade onde máis familias teñen praza nunha escola infantil gratuíta, como demostran, señora deputada, todos os datos oficiais; uns datos oficiais —insisto— que nos sitúan como líderes absolutos a nivel nacional nesa taxa neta de escolarización, case trece puntos por riba da media nacional, superando unha *ratio* do 60 por cento de escolaridade en 0-3 e situándonos, como lle dicía, a nivel doutros países de maior benestar a nivel europeo. E isto é grazas á gratuidade que puxo en marcha a Xunta de Galicia, grazas a eses 65 millóns de euros de fondos propios que investimos, pero que non son grazas a esa achega de cero euros por parte do Goberno central.

Polo que, señora Fernández, a gratuidade pága a Xunta de Galicia e págana os galegos, non o Goberno central nin os fondos europeos. (*Aplausos.*)

Mire, señora deputada, véxoa hoxe moi preocupada pola natalidade de Galicia. Os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego tan preocupados estiveron no seu día que votaron en contra da Lei de impulso demográfico posta en marcha nesta comunidade e imitada por outras comunidades autónomas a nivel nacional.

Mire, vostede tamén, como é habitual, toca de oído e solta aquí nesta tribuna o que lle vén nese momento á cabeza. Mire, di que non hai nenos en Galicia por motivos laborais. Eu voulle dar as cifras. ¿Que din as mulleres que non queren ter fillos?: son demasiado xove para ser nai, o 17,8 por cento. Non teño parella ou a parella que teño non é a adecuada, o 12 por cento. Non quero ser nai, o 36,6 por cento. Quero seguir estudando, o 5,8 por cento. Por razóns de saúde, o 3 por cento. Por razóns económicas, o 4,4 por cento. E por motivos laborais, o 6 por cento.

Eses son os datos oficiais, señora deputada. Así que non toque vostede tanto de oídas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señorías, en definitiva, a gratuidade na educación infantil non soamente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son os datos oficiais, señor deputado. Pode consultalo vostede na páxina web. (*Murmurios.*)

Señorías, a gratuidade da educación infantil non soamente lles aforra diñeiro ás familias, senón que esta medida tamén transforma vidas. O seu impacto esténdese moitísimo máis alá das aulas, porque implica igualdade de oportunidades dende o principio, que todos os



nenos e que todas as nenas teñan acceso a esa escola infantil de calidade; tamén implica un desenvolvemento cognitivo e un desenvolvemento emocional de forma temperá, que mellora o rendemento no futuro; e tamén implica claramente un maior apoio económico a todas as familias vulnerables que permite que as nais e os pais poidan traballar ambos.

En definitiva, é un proxecto que axuda a fomentar a prevención do abandono escolar. Polo tanto, iso implica máis estabilidade educativa, pero tamén implica reducir desigualdades estruturais e situar a educación como o que é: un dereito e nunca un privilexio.

En Galicia temos un programa de gratuidade que é o máis potente a nivel nacional, cunha etapa, como dicía, que é de carácter voluntario, e facémolo a través da gratuidade oito horas ao día e once meses ao ano.

Polo tanto, como comprenderán, non imos aceptar nunca leccións de ninguén, e menos do Bloque Nacionalista Galego. Non imos aceptar leccións porque somos a comunidade de referencia, queiran vostedes ou non. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

As cifras non menten nunca, señores deputados. Sigán vostedes protestando, que nós imos seguir axudando as familias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: Señora García, a violencia machista non é un problema calquera, tampouco un problema privado ou persoal; é o problema máis importante que temos as mulleres nas nosas vidas, porque afecta precisamente ese dereito humano esencial: o de estarmos vivas e libres no mundo. *(Aplausos.)*

E nos últimos días, só pensando desde a última reunión deste Pleno do Parlamento galego, vivimos neste país feitos gravísimos, ¡gravísimos! Asistimos a tres intentos de feminicidio absolutamente salvaxes: o 20 de maio unha muller de 35 anos tirábase desde un cuarto andar no Barco de Valdeorras escapando do seu maltratador, que intentaba asasinala. Horas antes acudía a Garda Civil, antes o CIM; o sistema non a protexeu. Esa mesma noite, o 20 de maio, a Policía Nacional detivo un home de 45 anos en Tomiño por intentar asasinar a súa exparella e a súa filla prendendo lume á súa casa. Días despois, o 22 de maio, un home de 36 anos disparaba sete veces —¡sete veces!— á súa exparella en Verín como se se tratase dunha presa de caza. Esta muller estaba no sistema VioGén, cun nivel baixo. Esta muller acudira tamén a outros recursos e o sistema non a protexeu.



Por desgraza, despois disto, coñecemos outros feitos absolutamente terribles, coa localización dun corpo calcinado en Moraña. Onte mesmo tivemos a confirmación da identidade do ADN do que parece ser o segundo feminicidio no noso país no que vai de 2025, o de Marisol Costa, unha muller de 49 anos que estaba tamén no sistema VioGén e que foi asasinada por un maltratador reincidente que tiña que estar no cárcere. O sistema non a protexeu.

Unha semana, señora conselleira, de auténtico horror machista en Galiza, pero que non quedou aí, porque tivemos que engadir con espanto nos últimos días feitos absolutamente lamentables.

Señora García, supoño que no tempo que leva no cargo algo aprendería. Supoño que a estas alturas sabe que os asasinatos machistas son só a punta do iceberg dunha violencia que nos mata e que condiciona as nosas vidas; unha violencia machista que deixou no 2024 no noso país nada máis e nada menos que máis de 7.600 denuncias; 21 denuncias aproximadamente ao día, malia que miles de agresións quedan sen denunciar, porque denunciar é difícil. Porque é difícil ir a unha institución e poñer unha denuncia como a que puxo unha muller contra o seu presunto agresor, un home poderoso, un conselleiro do Goberno galego e amigo persoal do presidente da Xunta. Señora conselleira, non son números. Esa muller era unha muller real, coma vostede ou coma min. ¿E que pasou nas últimas horas? Algo indecente. O presidente da Xunta e tamén o Consello da Xunta —insisto, o presidente da Xunta e o Consello da Xunta—, do que vostede tamén fai parte, asistiu a un espectáculo —do que vostede fixo parte tamén como comparsa— no que quen se xulgou non foi o presunto agresor, senón á vítima, cuestionando a muller que denunciou violencia machista, convertendo o imputado en vítima e heroe ao mesmo tempo por facer o mínimo, que era dimitir, despedíndoo entre aplausos e revitimizando a muller. É gravísimo, jé absolutamente grave!

E vostede, que podía ter algo de dignidade, que podía marcar a diferenza, que podía ter dito algunha palabra en apoio á vítima, se é que cre algo desa palabrería á que nos ten acostumados nesta Cámara pleno si, pleno tamén; que podía, como máxima responsable de políticas de igualdade, dicir algo, dicir algo en apoio á vítima e sobre esta lamentable situación, decidiu non facelo, decidiu ser unha máis, unha cómplice máis neste espectáculo absolutamente bochornoso.

Eu preguntolle, señora García: ¿tanto vale unha cadeira no Consello da Xunta? ¿Tanto vale unha cadeira da Xunta como para non ter esa dignidade que todas as mulleres precisabamos da máxima responsable de políticas de igualdade?

Hoxe sabemos que o presidente Rueda leva catro meses, catro meses, coñecendo estes feitos e ocultándoos, catro meses. ¿Canto tempo leva vostede, señora García? ¿Canto tempo había que sabía que sentaba no Consello da Xunta cun presunto agresor sexual? ¿Tamén catro meses? ¿Máis? ¿Menos? ¿Estivo catro meses sentando con el no Consello da Xunta sen pedir a súa cabeza, sen pedir a súa dimisión?

Porque, ademais, nestes catro meses vostede en particular, e o Partido Popular en xeral, falounos moito de feminismo inclusivo, déronnos moitas leccións de feminismo desde o Partido Popular, con vostede á cabeza. Eu preguntome: ¿este é o feminismo que promove o



Partido Popular? ¿Poñerse do lado anticipadamente xa do presunto agresor e culpabilizar a vítima coa súa estratexia de exoneración pública? ¿Este é o feminismo do Partido Popular?

Señora conselleira, o que leva pasando na última semana é un dos episodios máis vergonzosos da historia do seu Goberno; eu máis: diría que da historia colectiva da democracia deste país. Amosa, ademais, o rearme do machismo, o rearme do machismo contra as mulleres, e amosa claramente de que lado está o Partido Popular e o Goberno galego.

Esa Xunta que tiña, que ten a obriga de protexer as mulleres, estamos vendo como se puxo do outro lado para protexer un dos seus, usando medios da Xunta, usando por suposto a CRTVG e os medios públicos, e todo isto para facer un xuízo público no que o acusado é convertido en vítima. ¿Como pode ser posible —pregúntanse hoxe moitos galegos e galegas— que a plana maior da Xunta, tamén vostede, se dedicara a enviar mensaxes de apoio ao denunciado e non teñan aínda hoxe, unha semana despois, nin unha soa palabra de apoio para a vítima? (*Aplausos.*) Tampouco vostede, tampouco vostede. ¿Non lle dá vergonza?

A palabra igualdade, que leva no seu cargo de conselleira de Política Social e Igualdade, ¿non significa nada para vostede, absolutamente nada? ¿Que mensaxe envía ás mulleres deste país e ás posibles vítimas de violencia machista que poidan estar pensando en denunciar unha agresión que pase isto, que o goberno que a ten que protexer, que o goberno que as ten que protexer, se proclame xuíz proclamando a inocencia do acusado? ¿Está acaso o Partido Popular... (*Murmurios.*) —hai a quen lle dá a risa; a min, risa, ningunha; risa, ningunha; risa, ningunha— (*Aplausos.*) Si, si. Ao deputado home que me está sinalando —que poden seguir sinalándome, porque non me van calar, nin a min nin a ningunha das mulleres do BNG— recordaríalle un libro dunha xornalista americana no que conta a historia da súa violación, e comeza dicindo que toda muller imaxinou como sería o momento da súa violación, porque esa é a violencia machista estrutural que hai no mundo e que tanta risa lle fai a esta bancada, e singularmente a algún home desta bancada; esa é a violencia estrutural que hai.

¿Están vostedes insinuando, como estaba dicindo, señora conselleira, que non cren a vítima? Xa se lles olvidou que vostedes teoricamente abrazaran o «Eu si te creo» que o feminismo levou ás rúas nos últimos anos con intensidade. ¿Está vostede facendo parte tamén desa insinuación velada, ou non tan velada, de que é unha denuncia falsa? ¿Non vai dicir nada a conselleira de Igualdade de que se filtre o nome, a identidade dunha vítima de violencia machista? ¿Tampouco van aclarar se, como din algúns medios, isto saíu do contorno da Xunta de Galiza, do contorno do conselleiro? ¿Non van aclarar por que hai esa presunta casualidade de que simultaneamente a esa rolda de prensa de dimisión se coñezan o nome e o apelido da denunciante? Nós non cremos nas casualidades. Iso ten un nome: violencia institucional da Xunta contra as mulleres. (*Aplausos.*)

É tan lamentable o que vivimos nas últimas horas, nos últimos días, que incluso vetaron vostedes que puidera haber un pronunciamento do Observatorio Galego contra a Violencia Machista. Pero ¿en mans de quen estamos, en mans de quen estamos, que hai algo así no noso país e nin sequera o Observatorio Galego da Violencia contra a Violencia Machista di algo? ¿En mans de quen estamos?



O señor Barba, o subdirector de Violencia Machista deste país, e vostede deberían estar no mesmo sitio que o señor Villares: dimitidos os dous. (*Aplausos.*)

Remato xa cunha última reflexión. Hai uns meses falámolo moito nesta Cámara grazas a un filme. Todo o Estado estivo a falar do terrible caso de Nevenka Fernández e de como mudara o mundo. Hai vinte e cinco anos era Nevenka Fernández. É inevitable comparar os dous casos: unha muller agredida, un home poderoso e un cuestionamento público que a xulga sen piedade. A propia Nevenka dixo hai poucos meses que debe de haber moitas Nevenkas, toneladas aínda de Nevenkas.

Nós tamén o pensamos. Pero, con todo, hoxe hai máis voces que denuncian esta inxustiza e máis voces de apoio, porque o feminismo cambiou o mundo e aínda o vai cambiar máis.

Pero a pregunta é: ¿onde está e onde quere estar o Partido Popular? Esa é a pregunta: ¿onde está e onde quere estar o Partido Popular?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Retrocederon décadas ou caeron as caretas. Esa é a pregunta, señora conselleira. E hoxe vostede ten unha oportunidade de ouro de rectificar, de que a Xunta, o seu partido e o Goberno galego dean o apoio á vítima, que rectifiquen esta estratexia, que se solidaricen, pidan desculpas e se poñan do lado das mulleres deste país.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días de novo.

Señora Presas, a loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para a Xunta de Galicia, que traballa dende hai moitos anos para tentar previr este tipo de violencia contra as mulleres, ofrecendo sempre a máxima dilixencia, que é a través desa abordaxe integral e personalizada en cada caso. Pero tamén o levamos moito tempo facendo informando e sensibilizando toda a poboación, especialmente entre a xente máis nova da nosa comunidade.

Mire, este firme compromiso coa erradicación da violencia machista é un compromiso integral, que inclúe o ámbito normativo, o ámbito económico ou o ámbito social. E, deste xeito, dende o punto de vista normativo, Galicia conta cunha Lei de prevención e cunha Lei de tratamento integral da violencia de xénero, que fomos modificando, por certo, progresivamente, para garantir cada vez máis protección a todas as vítimas, as vítimas de trata, para recoñecer a violencia vicaria, para recoñecer a violencia dixital.



Pero é que, ademais, Galicia tamén conta nestes momentos cunha Lei de igualdade que actualiza o marco normativo. E xa lle informo tamén e lle avanzo que estamos ultimando a futura Lei de violencia dixital, que será por certo a primeira de España.

Mire, dende o punto de vista económico, este ano destinamos preto de 60 millóns de euros a políticas relacionadas coa promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. Uns orzamentos, señores deputados, que nos servirán non soamente para manter todos os recursos, os servizos e as prestacións que xa temos nestes momentos á disposición das vítimas, senón que nos van servir para reforzalos e tamén, ¡como non!, para amplialos.

Miren, a protección a todas as mulleres dende o punto de vista social facémola a través dun amplo programa e de recursos, de iniciativas, para atallar sempre a violencia de xénero. Mire, entre eles destacan as axudas directas e periódicas ás vítimas de violencia de xénero, que a Xunta de Galicia ofrece en exclusiva. Son achegas, como ben saben, señores deputados, que poden chegar aos 800 euros ao mes durante un ano, e este ano imos destinar a este ámbito 4,3 millóns de euros e que en 2024 recibiron 653 mulleres galegas.

Pero miren, tampouco nos podemos esquecer das axudas para dar solucións habitacionais a todas as vítimas para que poidan acceder de forma inmediata a unha vivenda. Iso facémolo a través do Bono Alugueiro Social, do que se beneficiaron 556 mulleres no ano 2024; é unha axuda que pode chegar aos tres anos e á que destinamos 2,9 millóns de euros.

Pero mire, tamén ofrecemos axudas para a inserción laboral a todas as vítimas de violencia de xénero, porque queremos continuar apoiando sempre todas as mulleres para darlles esa saída a través da formación profesional e brindándolles un plan de traballo, un ámbito ao que destinamos cada ano 3,8 millóns de euros.

Imos continuar apostando polo tratamento psicolóxico integral e contando cuns servizos de tratamento a todas as vítimas, que son os máis completos a nivel nacional. Imos seguir ofrecéndolles a todas as vítimas asistencia xurídica gratuíta, garantindo sempre a presenza de traballadores sociais nas oficinas de atención ás vítimas.

Este compromiso en materia de igualdade tamén se manifesta con medidas que teñen como obxectivo a prevención entre a xente máis nova, como dicía, entre a mocidade. Estámolo facendo nos distintos centros escolares a través dese proxecto educativo de O machismo é violencia, que leva testemuñas de vítimas aos propios institutos.

Tamén o imos seguir facendo a través dese protocolo contra as agresións sexuais LGTBfóbicas nos espazos de lecer nocturno, instalando durante todos os festivais do verán eses puntos lila e arco da vella nos principais lugares onde está a xente máis nova, poñendo en marcha, como xa aprobou o Consello da Xunta de Galicia, ese plan integral para o impulso dos centros de información da muller e tamén coa posta en marcha dos coñecidos CIM móbiles, que levaremos ao rural e aos campus universitarios.

Mire, pídeme vostede unha valoración dos últimos datos de violencia machista. Mire, como comprenderá, señora deputada, a nosa valoración nunca, nunca poderá ser positiva cando



exista en Galicia un só caso de violencia, nunca. *(Aplausos.)* Non poderá ser nunca positiva, xa que nesa loita toda cifra superior a cero é negativa e tennos que facer actuar e tamén reflexionar. A nosa valoración non pode ser positiva mentres haxa casos como o de Josefa, asasinada polo seu marido no Bolo. E dende a Xunta de Galicia imos estar moi pendentes tras os últimos feitos rexistrados nas últimas semanas, como vostede tamén dicía, no Carballiño, en Verín ou en Campo Lameiro; agardamos que as investigacións avancen sempre o máis rápido posible.

Miren, o ano 2024 deixounos moitos datos para a reflexión. Aumentaron as denuncias por violencia de xénero, con case vinte e unha ao día, confirmando o que din os expertos, que as mulleres, por fortuna, están perdendo o medo a denunciar. Tamén baixa o número de mulleres vítimas, que se sitúa nestes momentos no 2,6 por cento. Contabilizáronse 66 menores tutelados vítimas de violencia de xénero e actualmente case 5.900 mulleres galegas están no sistema VioGén, que é un sistema, como dixen nesta Cámara, que necesitaba dende hai moito tempo ser actualizado e ser mellorado.

Con todo, a taxa de violencia de xénero en Galicia segue sendo a segunda máis baixa de todo o Estado, o 51,6 por cento fronte ao 74,2 por cento a nivel nacional, e en todos os casos, como dicíamos, dende a Xunta de Galicia, o que manifestamos sempre é o noso máximo respecto á Xustiza, o noso apoio permanente a todas as vítimas e as axudas e as medidas que poñemos á súa disposición para tentar que ningunha conduta quede sen castigo e para facer todo o posible para que aquela muller que se sinta ameazada poida reaccionar cos medios que ten ao seu alcance. Imos seguir poñendo o foco na importancia de denunciar, de alzar a voz fronte á violencia.

Señorías, unha vez máis, eu quero expresar o noso máximo respecto a todo o procedemento xudicial. E sobre o caso de Alfonso Villares, polo que vostede tamén me pregunta e ao que fai referencia, penso que é agora a Xustiza a que debe de pronunciarse. Pola nosa banda, dende a Xunta de Galicia, o que está claro e o que está fóra de toda dúbida, como ben dixo tamén o presidente da Xunta de Galicia, é o noso decidido apoio a calquera vítima de violencia de xénero en Galicia. *(Aplausos.)* Está fóra de toda dúbida, señora deputada.

Pero miren, o que nós non facemos nin imos facer é valorar as decisións xudiciais en función de se nos gustan ou non nos gustan, como fan precisamente vostedes.

Miren, señorías, aínda que o certo é que Galicia é a comunidade con máis e mellores recursos en materia de violencia de xénero, tamén é certo que os últimos datos din ás claras que queda moito que traballar e que queda moitísimo camiño por percorrer.

Por iso debemos de seguir actuando, principalmente ao redor de tres eixos, como vostedes ben saben: tolerancia cero fronte á violencia, resposta conxunta de todas as administracións e de toda a sociedade, atención integral e atención especializada. Imos seguir apostando sempre principalmente pola sensibilización e poñendo o foco nas xeracións máis novas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: De verdade, señora García, que cando unha pensa que non ten nada por ver xa nesta historia, cando unha pensa que xa non ten nada que ver despois tamén da resposta bochornosa e lamentable do presidente da Xunta esta mañá, o Partido Popular supérase a si mesmo, e vostede de verdade que acaba de ter aquí unha das reaccións máis bochornosas que recordo do seu papel neste Parlamento. (*Aplausos.*) Porque é absolutamente indigno, é absolutamente indigno que a máxima responsable de igualdade veña aquí cun *discursito* en modo piloto automático, de refrito de cuestións que xa sabemos e que xa anunciou e non teña a dignidade de rectificar.

Pero xa non só iso, é que tivo unha sublimar e colateral referencia ao último caso, evidéntísimo, de asasinato machista neste país. É que só lle faltou facer, como o seu Goberno popular de Moraña, que homologou, nun comunicado lamentable de minuto de silencio, o agresor e a agredida.

Espero tamén que o desautoricen e que rectifiquen, porque non pode ser que un concello que é consciente de que é un maltratador reiterado e reincidente, que tiña que estar no cárcere, e mata a súa muller e que se diga que minuto de silencio polo agresor e pola agredida. Espero tamén que rectifique desde a tribuna esa actuación do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E vén aquí, con toda a cara, con toda a cara, a repetirnos esa retahíla de que o Goberno da Xunta está comprometido coas mulleres e que anima a denunciar, e que anima a denunciar, e aínda asenten. Moi ben. ¿E parécelle a vostede que un goberno saia en tromba, despois de estar catro meses polo menos, que saibamos, amparando, protexendo e apoiando un denunciado por agresión sexual, e lles diga ás mulleres deste país que se animen a denunciar, cando o Goberno da Xunta todos os indicios apuntan a que directamente é responsable de filtrar a identidade desa vítima, de filtrar esa identidade, que aínda non deron explicacións sobre iso, non anunciaron unha apertura de investigación sobre isto, non lle pediron á Fiscalía que investigue quen narices filtrou a identidade da vítima? E vén aquí dicirlles ás mulleres que se animen a denunciar.

Isto é como quen pide paz mundial e ao mesmo tempo financia o armamento, señora conselleira. (*Aplausos.*) É unha incoherencia e é unha vergonza. É un insulto, é un insulto, porque é unha diferenza do que din algúns responsables do Partido Popular a outras mulleres adversarias en política. Non penso que ninguén sexa tonto ou tonta neste país. Pero, se non é ignorancia, é maldade; se non é ignorancia, é consciencia absoluta de facer aquí un posturoe cando en realidade se está traballando para outra cuestión, señora conselleira.

¡Animar as mulleres a denunciar!, despois de ver como unha vítima, unha denunciante se converte en obxecto de picota pública, de escarnio público, de exame público á súa vida, iso é unha vergonza. E insisto: é unha vergonza que a Xunta aínda non fixera unha reprobación específica destes feitos e que a Xunta aínda non se solidarizase, ninguén da Xunta de Galiza, especificamente con esta denunciante. ¿É que non hai a máis mínima dignidade deste lado?



¿É que non hai a máis mínima solidariedade humana? É que xa case non fai falta nin ser feminista, é que hai que ser humano para facer esa declaración de solidariedade. *(Aplausos.)*

E o que non consentimos xa, o que non consentimos é que se nos veña aquí coa retahíla de deixar actuar á Xustiza. Non o consentimos, porque aquí quen non quixo deixar actuar á Xustiza, con todos os problemas que hai tamén na Xustiza, que darían para outro capítulo, é o Goberno galego. Son vostedes os que, para salvarse a si mesmos, fixeron unha operación de demolición controlada, cun espectáculo público de conselleiros e conselleiras, e vostede tamén facendo parte desa comparsa, para facer un xuízo público de inocencia do acusado e de culpabilidade da vítima.

Polo tanto, non nos veñan con esa hipocrisía. Nós estamos falando de respectar as vítimas e de respectar as mulleres e de ter respecto tamén, señora conselleira, por este país. *(Aplausos.)*

E todo isto, e todo isto nun contexto que non é calquera, que non é calquera. Porque o que está pasando envía unha mensaxe de atemorizar e de intimidar a calquera muller e a calquera vítima, por extensión, porque é todo, porque é neste contexto de rearme do machismo, porque é no contexto dun país que o ano pasado tivo cinco asasinadas por violencia machista, que acaba de vivir tres intentos de asasinatos múltiples, algún deles absolutamente brutal, e que acaba de ver como se confirma que a muller que o outro día foi calcinada era unha vítima de violencia machista, porque levaba maltratada anos e anos e porque o seu maltratador tiña que estar no cárcere.

Non sei que ten que pasar para que digan que é unha vítima oficialmente desde o ministerio, pero, con independencia das cuestións xudiciais dese caso, esa mensaxe que se nos achega ás mulleres de que nos están matando e de que á mínima cunha denuncia o Goberno se pon de lado do presunto agresor en lugar de ao lado das mulleres...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...é demoledor.

Aí é a onde nos están levando, e isto demostra onde está situado neste momento histórico o Partido Popular de Galiza, e con vostede á cabeza, que lle debería dar vergonza xa directamente como muller.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pече da interpelación, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señorías.



Miren, o compromiso deste goberno coas vítimas vai moito máis alá que o de darlle respaldo económico, ese respaldo económico que necesitan para romper co círculo de violencia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor!, ¡silencio! Por favor, aquí as intervencións de momento foron respetuosas, non imos agora estropear todo. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, silencio. Por favor. ¡Por favor, por favor!, silencio.

Prosiga, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

O compromiso do Goberno non é só darlles o apoio económico que necesitan todas as vítimas para romper co círculo de violencia que sofren, senón que dende a Xunta de Galicia imos seguir traballando para aumentar as medidas e para aumentar, como lles dicía, todos os recursos dirixidos a proporcionar un tratamento integral e personalizado a todas as vítimas.

Imos estar sempre ao lado das vítimas, imos estar sempre poñendo á súa disposición esa axuda económica mensual. Imos seguir estando ao seu lado, reforzando e ampliando cada vez máis os centros de acollida. Seguiremos ofrecéndolles a todas as vítimas o apoio psicolóxico que necesiten, para que se poida reparar ese dano feito, e imos seguir actuando en todos os ámbitos da sociedade para previr, para frear e para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres. (*Aplausos.*)

Pero, señorías, para seguir avanzando, como lles dicía, necesitamos do compromiso de todas as administracións públicas, e tamén do compromiso de toda a sociedade galega, porque, grazas a este compromiso, contribuírase sen dúbida a facer de Galicia un lugar máis libre de violencia, e seguro para todas as persoas que vivimos aquí.

Pero miren, señoras deputadas e señores deputados do Bloque Nacionalista Galego, non están vostedes para dar leccións nesta materia. A hipocrisía é a que practica aquí o Bloque Nacionalista Galego, que lle tiña que caer a cara de vergoña, (*Aplausos.*) ¡a cara de vergoña, señores e señoras deputadas, a cara de vergoña!

Miren, da lei do só si é si, que vostedes apoiaron a nivel nacional, ¿séntense orgullosos?..., (*Murmurios.*) ¿séntense orgullosos? Pois vostedes se senten orgullosos de 1.450 excarceracións e de 126 rebaixas de condena. (*Aplausos.*) ¡Que orgullosos se senten os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego! ¡Que pena!

¿Séntense tamén vostedes orgullosos das declaracións dun concelleiro do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Cambados, con expresións machistas cara a unha vicepresidenta do



Goberno, a señora Soraya Sáenz de Santamaría, que lle chamou «*chochito de oro*»? ¿Séntense orgullosos? (*Murmurios.*) ¿Séntense orgullosos das actitudes machistas do aínda portavoz do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Porto do Son, denunciadas por unha compañeira, á que ameazou con tirarlle a cadeira á cara?, unha compañeira do Bloque Nacionalista Galego, que non atopou respaldo no seu partido. ¿Séntense vostedes orgullosos dese cartel machista e sexista da CIG, do seu sindicato, contra a miña persoa, que nunca vostedes denunciaron e que tanta risa lles provoca? (*Aplausos.*) ¿Séntense orgullosos?, ¿séntense?

¿Séntense vostedes tamén orgullosos dese cartel que lle encargaron a un artista que lle desexou «*darle de hostias a la señora Díaz Ayuso.*»? ¿Ou séntense vostedes orgullosos da inclusión nas listas electorais do Bloque Nacionalista Galego dunha persoa condenada por abuso sexual a unha menor? (*Murmurios.*)

Non aceptamos leccións, señora Presas, non imos aceptar nunca leccións do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

O que sempre vai facer esta bancada e a Xunta de Galicia é crer e confiar na Xustiza e dar un apoio incondicional a todas as vítimas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto oitavo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

O pasado venres, con motivo da celebración da Conferencia de Presidentes, asistimos a unha nova mostra de dúas formas de entender a política actualmente en España: por unha banda, a dos presidentes do Partido Popular, que pretenderon dar voz aos problemas reais da cidadanía en busca de solucións; e, por outra, a do presidente Sánchez, que só aspiraba a protagonizar un monólogo estéril co que tapar os seus propios problemas. Nada novo, porque a realidade é que, mentres uns traballamos día a día cos pés na rúa, en contacto coa realidade, outros están atrincheirados no búnker, no que ninguén se atreve a admitir que o emperador vai desnudo.

Señorías, xa hai tempo que a Pedro Sánchez se lle caeu o traxe novo, e o único que queda del son os restos en descomposición dun goberno e dun Partido Socialista afogados nas cloacas da corrupción. E a proba está en que, mentres os presidentes do Partido Popular propoñían mellorar o financiamento autonómico, o presidente Sánchez só ofrece cupos á medida do



independentismo. Mentres os presidentes do Partido Popular demandaban melloras no funcionamento dos trens, o presidente Sánchez só sabe de como mellorar o tren de vida dos seus —a custa de todos, iso si—. E, mentres os presidentes do Partido Popular aspiraban a que lles permitisen contratar máis médicos, o presidente Sánchez só sabe de como contratar fontaneiras para tapar os malos cheiros das tuberías de Ferraz.

Esta é a triste realidade tras a cortina de fume na que, polo que coñecemos, Sánchez converteu a Conferencia de Presidentes. Cortina de fume da que é cómplice o Bloque Nacionalista Galego, como tamén é cómplice de todas as vergonzas do Goberno de Sánchez e do seu falso feminismo; sostendo o goberno das Jéssicas; sostendo o goberno das juergas dos paradores; sostendo o goberno de Leire, Aldama, Cerdán, Koldo, Ábalos e as súas sobriñas; e apoiando hoxe aínda a primeira versión da lei do só si é si e as súas nefastas consecuencias para os dereitos das mulleres. *(Aplausos.)*

Dicía hoxe aquí unha deputada do Bloque Nacionalista Galego, que chamou fachas aos xuíces que aplicaban esa lei, que quería que estivésemos vivas e libres. E libres son como están os agresores sexuais despois de poñer en marcha unha lei que conseguiu poñer na rúa centos de agresores sexuais, *(Aplausos.)* e hoxe veñen aquí darse golpes no peito solidarizándose coas vítimas.

Señorías, non poden dicir que é unha incoherencia pedir a paz mundial e, por outra banda, financiar o armamento, e vir aquí poñerse do lado das vítimas cando vostedes son partícipes e foron os que lle deron ao botón do «si» á lei do só si é si, *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* a máis nefasta para a defensa dos dereitos das mulleres e que puxo máis de mil agresores sexuais nas rúas; *(Aplausos.)* iso é co que teñen vostedes que convivir, e coa súa incoherencia.

Señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non, coñece a pregunta.

A señora PRADO DEL RÍO: A pregunta xa está escrita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.



A verdade é que os peores presaxios que tiñamos na Xunta de Galicia en relación coa Conferencia de Presidentes se confirmaron o pasado venres en Barcelona. É certo que, cando fomos convocados a esa comisión preparatoria a semana anterior en Madrid todos os conselleiros de Presidencia, xa pediamos como primeiro punto da orde do día que cambiase o formato da Conferencia de Presidentes. O máis importante xa non era debater sobre os asuntos que podíamos poñer enriba da mesa calquera das dezasete comunidades ou as dúas cidades autónomas, senón que non podíamos tolerar e non podíamos aceptar que se reproducise o que pasou en Santander, onde a cada comunidade autónoma, a cada presidente, lle deron un turno de intervención de dez minutos, onde o presidente do Goberno nas dúas primeiras parecía que escoitaba pero nas seguintes xa se despistou totalmente, non prestou nin sequera atención, e, cando acabou o último interveniente, rematou a Conferencia de Presidentes dicindo que moitas grazas a todos, nos vemos na seguinte, que vai ser en Barcelona.

Por iso, o primeiro punto que puxemos enriba da mesa as comunidades do PP, e outras comunidades que non eran do PP e tamén o dixeron alí, é que tiñamos que cambiar o formato, que isto era un órgano para poder falar, para poder debater e para poder chegar a acordos entre as comunidades autónomas e o Goberno, e ao mellor nalgún asunto non podíamos chegar a un acordo, pero cando menos tiñamos que debater nese foro da Conferencia de Presidentes.

Evidentemente, o ministro de Administracións Públicas, o señor Torres, non se comprometeu a nada e dixo que iso era unha potestade única e exclusiva de quen presidía a reunión, que era o presidente do Goberno.

Xa non entramos en que foi convocada fóra de tempo e non respectando os prazos que veñen establecidos nunha orde que está publicada no *Boletín Oficial del Estado* —pero niso xa non imos entrar—, pero nin sequera iso.

E, en segundo lugar, as comunidades autónomas, segundo o regulamento da Conferencia de Presidentes, poden propoñer asuntos que hai que tratar na Conferencia de Presidentes. É normal que o presidente do Goberno inclúa asuntos que dende o punto de vista da Presidencia ao Goberno teñen que ser tratados; ninguén se opón a iso, é de sentido común. Pero tamén é de sentido común, e ademais o reflicte o propio regulamento, que, se as comunidades autónomas teñen algún asunto para tratar nesa Conferencia de Presidentes, tamén teñen que estar na orde do día, sobre todo cando hai unha maioría de comunidades autónomas que conflúen neses puntos.

Pois ben, levantámonos desa conferencia preparatoria sen que o ministro sometese..., jah, non, perdón!, someteu a votación os puntos que queríamos introducir nós; votamos a favor, pero el dixo que non estaba de acordo e, polo tanto, levantámonos desa conferencia sen haber orde do día. ¡Inaudito, inaudito!, nunca ten pasado nada polo estilo. Isto facía presaxiar o que ía ocorrer á semana seguinte en Barcelona, que na segunda parte da resposta lle darei.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

En efecto, señor conselleiro, a Conferencia de Presidentes foi a constatación de que Pedro Sánchez ten medo a votar. Ten medo a que se voten as propostas dos presidentes autonómicos, porque o resultado deixaría en evidencia que non conta con apoios nin entre os seus.

Do mesmo xeito que ten medo a que voten os españois, porque as urnas deixarían en evidencia que a cidadanía quere botalos —botalos con B— da Moncloa, a el e a súa mafia. Ao final, ao que realmente ten medo o señor Sánchez é á democracia. Ten medo ao poder lexislativo e por iso ten amordazado o Congreso dos Deputados, no que bloquea calquera iniciativa que propoña as solucións que o Executivo non dá. Ten medo ao poder xudicial, hoxe manifestándose na rúa, e por iso estende o seu control sobre a Xustiza ata o extremo de levar o fiscal xeral do Estado ao banquillo por delinquir para cumprir coas súas ordes. E ten medo tamén ao cuarto poder, e por iso pretende poñer couto á liberdade de prensa, que contradí a súa verdade revelada. E ten medo a saír á rúa e mirarlle aos ollos á xente, porque non é capaz de escoitar as críticas e dar a cara.

Sánchez non pode saír á rúa, Sánchez pasa o día fuxindo e Sánchez non para de falar de fango e de bulos, e o único fango que hai é o fango da corrupción que lle está chegando xa ao pescozo, *(Aplausos.)* e os bulos que saen da Moncloa para intentar tapar todo ese fango que xa é imposible de tapar. Pero os galegos e o resto de españois non lle temos medo a Sánchez nin á súa mafia. E por iso, pedímoslle dunha vez por todas que se renda á democracia e convoque eleccións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Miren, señora Prado, señorías, o que pasou en Barcelona foi exactamente igual que o que pasou en Santander. Chegan os presidentes das comunidades autónomas, invítaos a un café, fan unha foto co rei, unha rolda de prensa do señor Sánchez sen ninguén, e empeza unha conferencia onde o señor Sánchez encabeza unha recua de ministros —ata nove ministros— que non abriron a boca en todo o tempo. Dáselles a palabra ás comunidades autónomas, remata e di que lle parece que non vai ter un resultado oportuno e, por tanto, non se somete a votación ningún dos puntos que foron incluídos na orde do día. Foi o presidente Rueda o que dixo: pero ¿ningún dos asuntos que trouxeron as comunidades autónomas merece ser votado ou podemos chegar a un acordo? E dixo Sánchez: «*eso es*» —palabras textuais—; levantamos a sesión, vémonos na seguinte, que vai ser en Asturias.

A verdade, foi unha constatación de que o único que buscaba era unha foto, que buscaba a foto dos presidentes das comunidades autónomas co rei en Barcelona —que lle daba



moita ilusión a el — e sobre todo buscaba unha cortina de fume. Porque, mentres que falamos da Conferencia de Presidentes, non falan de todos eses casos que vostede poñía e que son os casos que lle preocupan á xente e que, dende logo, están indignando a maior parte dos españois.

Pero fíxense, non chegou a acordo nin quixo someter a votación nada. As comunidades do PP entregamos un proxecto de real decreto, só hai que poñer a data; un real decreto co cal nos comprometíamos a aprobar as entregas á conta das comunidades autónomas e entidades locais, comprometémonos a aprobalo no Congreso. ¡Oia!, que é fácil, xa está redactado, cámbiello o que queira, tome, aquí está. ¿Sabe que dixo? Non. Pero nin votación. E isto era importante para todos os concellos; os do Bloque tamén, e os do PSOE e os do PP e doutros partidos que hai por España. Pero a el iso dálle igual, porque alí non vai solucionar ningún problema.

Propuxémoslle falar de financiamento, efectivamente, das entregas á conta, con ese real decreto redactado — ¡xa o levaban redactado! —, pero nin iso tiñan que facer, e non quixeron sometelo a votación, porque o que realmente buscan non é solucionar problemas e moito menos chegar a acordo.

Foi o propio presidente o que falou despois tamén coa conselleira de Vivenda, coa propia ministra, e ¡vaia bronca que lle botou o presidente Sánchez por case acercar posicións co presidente Rueda! Ese é o obxectivo de Sánchez, señorías, e ese é o obxectivo que cada vez ven e é evidente para moitos españois.

Non quixo falar de vivenda —como lles dicía—, non quixo falar do financiamento —pero de nada do financiamento—, non quixo falar dun novo plan enerxético, non quixo falar das infraestruturas críticas que temos. ¡Oia!, pero non só o ferrocarril, que hai problemas por toda España, de diferente natureza, pero por toda España.

Pero tamén das comunicacións. É que as compañías telefónicas deixaron o 112 da maior parte das comunidades autónomas non no apagamento, senón varias semanas máis tarde, sen funcionar. Creo que isto é un problema salientable e que temos que poñelo enriba da mesa e que hai que facer que non só unha compañía cubra a cobertura dun centro de atención ás emerxencias, senón dúas; e que o Goberno ten que actuar nisto, porque é competencia do Goberno. Non quixo falar disto.

Son asuntos que moitos deles nin sequera son políticos, son de xestión do día a día dos cidadáns, pero iso a el dálle igual...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...porque o que buscaba era outra cousa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego canto ao seu compromiso de recuperar a terceira unidade de educación infantil do CEIP San Clemente, do concello de Caldas de Reis, para o vindeiro curso 2025-2026

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora Prado e señorías do Partido Popular, ¡que malo é Sánchez!, malo malísimo; mágoa que a cidadanía española non pense o mesmo, porque leva sete anos gobernando. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E miren, quero saudar desde aquí toda a comunidade educativa do CEIP San Clemente, de Caldas. E quero, señor conselleiro, hoxe traerlle —señor conselleiro, Román Rodríguez— unha reivindicación xa non só desta comunidade educativa, destes pais e nais do CEIP San Clemente, de Caldas, senón tamén de todo este concello e sobre todo desta parroquia onde se atopa este centro. Quero traerlle unha xusta reivindicación.

Queremos falar hoxe deste centro plurilingüe de referencia neste concello e dunha decisión errática tomada pola súa consellaría desde principios deste curso. O pasado mes de agosto a Consellería de Educación da Xunta de Galicia decidiu suprimir unha das tres aulas de educación infantil, sen que esta decisión estivese xustificada. E digo sen que estivese xustificada e contravindo tamén ese acordo cos sindicatos de educación, con Comisións Obreiras, ANPE e UGT-Ensino, que vostedes publicitaron na prensa, nos medios, e que dicían que era o punto de partida para esa educación inclusiva en Galicia.

Pois ben, este convenio onde vostedes asinaron que se ían reducir as *ratios* de 25 a 20 alumnos por aula, e que ademais para mellorar ese carácter inclusivo da educación en Galicia ían computar de forma diferente aqueles nenos e nenas cunha discapacidade recoñecida de igual ou superior ao 33 por cento, que computarían como dúas prazas, e superior ou igual ao 65 por cento, que computarían como tres prazas para efecto das *ratios*, pois ben, ese acordo que vostedes publicitaron e que xa tamén hai que comentar que matizaron inmediatamente días despois, porque o presidente Rueda dixo que se ía implantar de forma progresiva, xa non se ía implantar na totalidade do ensino, pero ían comezar vostedes polo 4º curso de educación infantil a partir do curso 2024-2025, e ían incrementalo nos anos posteriores.

Pois ben, no tocante a este centro, no pasado curso estaban inscritos nos cursos de educación infantil 26 nenos e nenas, dos cales 2 tiñan unha discapacidade, un en grao 2 e outro en



grao 3. Isto supón 29 prazas, polo que, se temos en conta este acordo do que acabamos de falar, quere dicir que o máximo dunha aula podería quedar fixado en 19 alumnos, nun caso, ou en 18 se a discapacidade fose superior ao 65 por cento. Incumpriron vostedes este criterio neste centro, e a supresión ¿que xerou? Xerou un gran malestar nos pais, nas nais e na comunidade educativa, que se dirixiron ao Departamento de Educación intentando recuperar este dereito.

Pois ben, o Goberno galego admitiu o erro e dixo que era un erro administrativo pero, no canto de rectificar —que sería o previsto—, puxeron unha solución parche, que foi ampliar cunha mestra máis, con cargo ao Plan Mega, o cadro de persoal na educación infantil, pero co compromiso, non só de palabra, ante os pais e as nais que acudiron a Educación,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...senón tamén... ¿Rematou o tempo?

O señor PRESIDENTE: Si, pero ten despois outra intervención.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Señora Castro, coincido con vostede en que o señor Sánchez é malo malísimo e non coincido en que leve sete anos gobernando España, senón que leva desgobernando España sete anos; así que ten que axustarse. *(Aplausos.)* Ten que ver tamén o que afirma neste caso concreto, porque é algo recorrente. Sempre toman unha parte polo todo e deseñan un discurso que, obviamente, cunha visión xenérica eu creo que non se soporta, non se soporta, sinceramente. Hai que poñer encima da mesa toda a información, e eu vouno facer nesta resposta.

Vostede estame falando dun concello concreto, que é Caldas de Reis, un concello fantástico, onde se fai unha oferta de prazas. É unha oferta de prazas para 4º de infantil, que é onde estamos radicando —digamos— o problema. A oferta de prazas en Caldas de Reis é ampla e suficiente para todos os nenos dese concello e aténdese, perfectamente, toda a demanda deste. Hai cinco centros públicos e ofertáronse, neste curso en concreto, 101 prazas, 101 prazas, de 4º de infantil; non obstante, houbo só 64 solicitudes. Este é un problema debido, fundamentalmente, á baixa natalidade. É dicir, que no concello de Caldas hai 37 prazas de 4º de infantil dispoñibles. Todos os nenos do concello, todos, tiveron praza, ben neste concello, ben nalgún dos centros deste concello, incluído, por suposto, o colexio de San Clemente. Insisto: hai un 37 por cento das prazas ofertadas libres.

Quedaron —iso si— 2 nenos. Unha vez que se fixo o baremo para 4º de Infantil, dos alumnos que pode acoller este centro quedaron 2 solicitudes fóra. Son 2 nenos de dous concellos ve-



ciños, que non é Caldas —un máis próximo e un de máis lonxe, Valga e O Porriño—, que, en ningún caso, alegaron proximidade ao lugar de traballo ou ao centro escolar. Obviamente, se calquera destes alumnos ten interese en estudar en Caldas, hai máis de 30 prazas libres nun radio mínimo ao redor de oito minutos en relación con este centro. Insisto nisto porque é un dato moi importante. Hai unha porcentaxe de prazas moi alta e hai posibilidade de educalos en calquera outro centro deste concello.

Non ten moito sentido, señoría —como vostede está plantexando aquí—, que se habiliten ou se desdobren novas unidades cando non hai unha demanda ou cando hai unha oferta de prazas no contorno que dá acollido esta demanda de 2 alumnos, os cales nin tan sequera son do concello.

Hai que compatibilizar dous dereitos: o de escoller centro e tamén o dereito que teñen os cidadáns a que xestionemos ben...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...os seus impostos, os seus recursos, que son os de todos os galegos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señor Rodríguez, vostede —de verdade— debería apelidarse Houdini, porque é un mestre do escapismo. Sabe perfectamente a problemática deste centro e a súa reivindicación; sabe, perfectamente, que a vostede —xa non só os pais e as nais, senón tamén a Valedora do Pobo— lle dixeron que a recuperación desta unidade dependería do número de matrículas en admisión o vindeiro curso e que existiron 11 novas solicitudes, tendo que baremar este centro e deixando eses nenos fóra; e sabe tamén que se queremos asentar poboación no rural, temos que dotar o rural de servizos. Estes pasan por servizos de proximidade, por un centro na súa parroquia, e non por un centro no seu concello ao que teñan que desprazarse, polo menos, en coche, porque non hai tampouco transporte público entre esas parroquias. Polo tanto, isto imposibilita a conciliación.

Vostede fala de 37 prazas libres nese concello. ¿De que me está a falar? ¿Das prazas dos colexios concertados? Ou ¿estame a falar de prazas que non teñen plans de conciliación, como o Plan Madruga ou o Plan de comedor, que si ten este centro? Vostede comprometeuse e recoñeceu nun primeiro momento que foi un erro administrativo. Sobre todo, teñen que cumprir ese decreto, e este centro cumpre as características para que se teña que incrementar unha aula máis. Estes pais, estas nais e este centro non están a pedir privilexios respecto



doutros centros, simplemente están a pedir que se cumpra a normativa e que se dean os mesmos dereitos que se dan noutros centros ao longo do territorio.

Fala vostede de educación inclusiva e fala, moitas veces, das demandas do rural e de intentar asentar poboación no rural, pero, por outro lado, o Goberno galego está, de forma reiterada, limitando e restrinxindo os servizos nestes concellos máis rurais, e isto é un exemplo.

Creo que a demanda da comunidade educativa é unha xusta demanda. Creo que todos estes pais, estas nais e o equipo directivo deste centro deron xustas reivindicacións para poder seguir reclamando esa supresión. Non están pedindo unha ampliación, senón que están pedindo algo que foi suprimido de forma inxusta.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que dubidar do apoio que dá este goberno ao ensino rural —como os servizos de proximidade— cos datos na man é moi difícil. Sabe vostede —ou debería saber— que practicamente o 93 por cento dos concellos galegos teñen un centro educativo e que máis do 98 por cento dos nenos se escolarizan en centros do seu propio concello. ¿Sabe cal é a media de España ou cal é o dato medio das comunidades autónomas historicamente gobernadas polo Partido Socialista? Pódollo dicir eu.

Tamén lle vou dicir outra cousa: vostede fala de que non nos preocupamos por este centro. Casualmente, hoxe mesmo, ¡hoxe mesmo!, se licita un proxecto de eficiencia enerxética para este centro, con máis de catrocentos mil euros en illamento térmico, en carpinterías exteriores e noutras actuacións que van posibilitar que os alumnos que están aquí se poidan educar e formar nas mellores condicións posibles.

Agora, señoría, vostede pertence a un partido político que aspira a gobernar —ben, aspira pouco a gobernar—, pero vostede —digo en Galicia— cos datos na man e como xestora dos impostos e dos recursos públicos dos galegos, ¿diría o que está dicindo? No concello de Caldas de Reis —do que todos sabemos a topografía, o tamaño, a dimensión e a escala xeográfica—, existindo 37 prazas libres de 100 —é dicir, aproximadamente un terzo das prazas libres de 4º de infantil dispoñibles para calquera alumno do concello, en que todos os alumnos pertencentes toparon praza onde a pediron na primeira opción—, porque haxa 2 alumnos que, voluntariamente —obviamente—, queren e deciden escolarizarse neste centro educativo, ¿está dicindo vostede que é necesario habilitar unha nova unidade? Porque o está dicindo.

Dende logo, está moi ben que vostede estea na oposición, porque, se estivese no goberno, a capacidade de xestión plantexando asuntos deste tipo sería absolutamente *(Pronúncianse pa-*



labras que non se perciben.) — non vou poñer un adxectivo, xa que estou seguro de que vostede o está a pensar— desastroso para os intereses dos galegos.

Obviamente, estes 2 alumnos, que proceden de dous concellos diferentes ao concello de Caldas, teñen unha oferta fantástica neste concello para poder ubicarse, pero non diga vostede que non hai un apoio neste caso a estes centros —e a este centro en concreto, no que se vai facer o investimento que acabo de dicir hoxe— nin ao ensino rural, porque creo que os datos a deixan en evidencia, pois, como soe ser habitual, collen sempre un exemplo concreto —o que os beneficia a vostedes—, teñan ou non teñan razón, e intentan facer causa xeral.

Mire, falaba vostede tamén do cumprimento dos acordos. Estanse cumprindo e estamos poñendo en marcha medidas que, por certo, o ministerio non fixo. Segundo vostedes, segundo o Partido Socialista, en cada clase de infantil debería haber 25 nenos; e segundo nós, segundo o Partido Popular e segundo a Xunta, 20; polo cal, as palabras están moi ben, pero están moito mellor os feitos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á seguinte pregunta, saudamos e damos a benvida á casa de todos aos alumnos e ás alumnas de 5º e 6º de primaria do CEIP plurilingüe Antonio Faílde, de Cambeo, Coles, Ourense. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Agora continuamos coa pregunta referenciada na orde do día no apartado 4.

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas peticións de reformas nas infraestruturas dos centros de ensino público de Betanzos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Desde o respecto, señor conselleiro, as preguntas aquí fainas a oposición. Eu supoño que a xente que está no goberno está para dar as solucións. *(Aplausos.)* Se quere, dámosllas nós tamén, pero temos que cambiar de asento e non creo que vostede quixera.

Dado que estamos hoxe aquí xa case no remate, aproveito para saudar os compañeiros do concello de Betanzos, que estarán por arriba —Andrés Hermida—, e tamén os que nos seguen por *streaming* —seguramente desde Betanzos—, os profesores e as ANPA dos tres colexios: o Vales Villamarín, o Francisco Aguiar e As Mariñas, sobre o cal imos facer as preguntas.



Sobre esta triloxía de grupos escolares, xa a súa alcaldesa —a alcaldesa de Betanzos, María Barral— o denunciou moitas veces e preguntou que ía pasar ou que criterios hai para afrontar as obras nestas tres entidades educativas, tendo en conta que recollen máis de 1.000 alumnos, cerca de 1.500 —sobre 1.300 ou 1.500 alumnos—, e hai 13.000 habitantes en Betanzos e 38.000 habitantes na comarca. Polo tanto, dan un servizo extenso a todo o territorio, inclusive a algúns alumnos de colexios da Coruña que chegan a esta escola, sobre todo ao Francisco Aguiar. Chegan alumnos da Coruña, porque é un colexio —como dicía xa na nosa iniciativa— cunha implantación no territorio, cun compromiso coa comunidade e cunha resolución da problemática do máis alto que hai en Galicia.

O que nos parece un pouco grave é que utilizaron e levantaron a epiderme política —alá no ano 2023, fronte ás municipais— dicindo que se ían afrontar de forma inminente reformas en, polo menos, algún dos grupos escolares. Isto non foi así, foi unha promesa do 2023. Hoxe, tanto o Vales Villamarín como o Francisco Aguiar —vanme perdoar a expresión— parecen *el tren de la Bruja*. Eu convídoos a vostede a que faga unha visita, sobre todo ao Francisco Aguiar. Hai pingueiras que caen directamente polas instalacións eléctricas indo para as aulas de informática; hai cachotes que caen indiscriminadamente nas zonas de paso de todo o colexio; e hai aulas, onde se imparten clases, nas que o cheiro a humidade e, sobre todo, a contaminación que hai dentro son insalubres a todas horas para calquera que estea alí, tanto para profesores como para alumnos. Non é unha petición en van, á parte de que hai espazos que teñen que ser rexenerados e outros que teñen que ser, dalgunha maneira, afrontados desde unha reforma estrutural. Non é unha cuestión de mantemento por parte do colexio. Entón, a pregunta é: ¿cal é o criterio para que estas reformas se poidan levar a cabo?

O colexio ten máis de cincuenta anos. No seu día, recibiu unhas ventás de segunda man que viñan dunha reforma dun colexio de Arzúa —que é xemelgo— e por iso puideron...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora LONGUERIA CASTRO: ...adaptarse a esas mesmas ventás. ¿Cal é o criterio da Consellería? (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para darlle a resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que cando lin a iniciativa levei unha sorpresa grande, pero aínda a levo máis grande agora mesmo, ao acabala de escoitar a vostede, señora deputada. Voulle dicir por que.

Falaba vostede de preguntas. É moi bo facer preguntas, porque se vostede cando redactou esta iniciativa fixese preguntas —permítame a expresión—, non faría o ridículo político que acaba de facer, porque non escribiría na iniciativa —na exposición de motivos— o que escribiu nin diría aquí o que acaba de dicir e que, obviamente, escoitamos todos.



Vostede escribe e di literalmente, literalmente: «Na véspera das eleccións municipais do ano 2023, a candidata do Partido Popular de Betanzos anunciou unha inminente licitación da que nunca máis se soubo». Literalmente di: «da que nunca máis se soubo».

Se preguntase —incluso se lese a prensa— nesta comarca, daríase conta de que meteu —como se soe dicir— «o pé na sachareira», como se di na miña zona, ou que meteu a pata dun xeito radical. Mire, ese proxecto non só está licitado e adxudicado a unha empresa —saíu nos medios de comunicación—, senón que ten licenza de obra concedida, ¡licenza de obra concedida!, e, por certo, concedida por unha administración gobernada por unha alcaldesa socialista. ¿Por que non lle preguntou? É inaudito. Eu podía entender que metese a pata, como así foi, na parte escrita, pero que se ratifique na exposición oral... Realmente —con todo o meu respecto, por suposto—, descoñece absolutamente a realidade dese centro educativo, igual que a do Instituto Aguiar.

¿Como pode dicir que «nunca máis se soubo» e como o pode volver ratificar aquí? É unha obra que —fíxese— foi adxudicada o 1 de abril e o 15 de maio ten licenza de obra. ¿Como é posible que se diga que «nunca máis se soubo»?

Neste centro, que é un dos grandes centros de Galicia —aí compartimos a visión—, lévanse investindo dende o ano 2009 máis de 4,5 millóns de euros, ¡máis de 4,5 millóns de euros! Agora imos ter unha nova intervención. Durará, aproximadamente, cinco meses e comezase tamén unha vez que rematen as clases.

Escoitar, como acabamos de escoitar, que non se mira por este centro —tamén se reorganiza o comedor e se mellora a biblioteca, que tamén cita vostede—, igual que non se mira polo outro centro que vostede cita aquí —polo instituto—, realmente é: primeiro, disparar; segundo, preguntar —que mellor lle sería—; e terceiro, darse conta de que dispara con balas de fogueo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Longueira.

Déanlle voz ao escano da señora Longueira, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Volvo insistir: vaia facer unha visita ao Francisco Aguiar, non hai máis que dicir. Evidentemente, as obras do das Mariñas comezáronas e a licitáronas vostedes en maio. Xa estaba metida esta iniciativa, pero vaia vostede ao Francisco Aguiar. Volto repetir: son máis de setecentos alumnos. Non fixeron absolutamente nada. O que fixeron foi importar unhas ventás de segunda man que viñan dun colexio de Arzúa xemelgo —é dicir, exactamente igual— e



que, polo tanto, tiñan cabida neste colexio. ¡Non hai máis! Non fixeron nada máis no Francisco Aguiar, ¡nada máis!

É un colexio que ten unha das mellores *ratios* en Galicia e é un colexio que —volto repetir— fai comunidade. Moitos alumnos da Coruña e doutros centros acaban indo ao Francisco Aguiar, precisamente, pola lealdade do profesorado cara ao alumnado e pola implicación que teñen en que os nenos e as nenas teñan un bo resultado. É un colexio exemplar, con proxectos que, ademais, van máis alá da propia Comunidade autónoma. Vostede sabe que non fixeron nada no Francisco Aguiar, nada, e, se vostede cre que o fixeron —porque igual o equivocado é vostede—, dígolle que vaia facer unha visita alí.

Mire como están as instalacións: un ximnasio onde fan actividades a 1 grao cando son os meses de inverno e outono; un comedor onde non caben os rapaces; un salón de actos no que, evidentemente, xa nin nos imos meter —porque, ao mellor, trátase máis de darlle unha mellor infraestrutura—, pero o que pedimos é que, simplemente, vaia a un espazo do Francisco Aguiar que lle chaman «as porquerizas»; así está denominado e así están alí impartíndose as aulas. Vaia vostede velo, porque igual o equivocado é vostede neste sentido.

Aproveito para dicir unha cousa: por favor, a toda aquela comunidade educativa que nos estea escoitando, despois do que temos visto sobre este tema de violencia de xénero nos últimos días...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...agarden vostedes e eduquen ben os nenos e as nenas para que isto non volte repetirse.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Efectivamente, eduquemos ben os nenos para todo; por suposto para o que vostede acaba de dicir, pero tamén para que sexamos capaces de discernir a verdade da mentira, para que non usemos a mentira e para que cando falemos, falemos —digamos— con datos obxectivos e reais, e non traslademos por escrito e oralmente cuestións como a que acaba de dicir vostede.

Mire, teño aquí (*O señor Rodríguez González amosa unha copia dun recorte dun xornal.*) un traspapelado, un recorte da *Voz de Galicia* que di literalmente: «Betanzos dá licenza para as obras no CEIP Vales Villamarín.», cunha declaración da alcaldesa que di que vai ser un salto cualitativo no centro educativo de referencia do que estamos a falar. Vostede fala do Francisco Aguiar, e tamén di que non se fai nada, que temos todo sen facer. Mire vostede,



neste centro, investíronse nos últimos anos máis de medio millón de euros, ¡máis de medio millón de euros!, e non nunhas ventás, como di vostede —unhas ventás—. Inves-tíronse máis de medio millón de euros nos últimos anos, en obras como a cuestión do pa-villón deportivo, a escaleta do edificio anexo, a carpintería exterior... Ben, medio millón de euros, ao mellor, parécelle pouco... En todo caso, eu creo que está ben a palabrería, está moi ben, e están ben os discursos altisonantes, pero despois hai que ver a realidade.

É obvio que esta estratexia de disparar, preguntar ou non preguntar —ou non preguntar— e, despois, darse conta de que estamos con balas de fogueo, sinceramente, é pouco útil para o país. E eu quero que o Partido Socialista sexa útil para o país e para Galicia, dentro da súa responsabilidade. Por iso, voulle dicir unha cousa: se vostede ten —cando digo vostede, dígoos como membro dun partido político, non é unha cuestión, para nada, persoal directa— intención de ser útil ao país e de mellorar as infraestruturas educativas de Galicia, ¿por que no seu momento se posicionou e votou en contra da posta en marcha dun plan nacional de mellora das infraestruturas educativas por parte do Goberno do Estado?, tendo en conta que a inmensa maioría —unha porcentaxe altísima— dos centros educativos de España se cons-truíron ao redor dos anos 1980 e 1990, teñen, aproximadamente, unha media de cincuenta anos. ¡E había recursos! Había unha ministra que dicía: «*Nos va a salir el dinero por las orejas*». Había plans para todos, para todos, menos para facer un plan de mellora dos equipamentos e das infraestruturas educativas de Galicia, e vostede, como xa digo, posicionouse en contra, porque, obviamente, se o ministerio —o Goberno, o Partido Socialista— lles di que non se debe de facer, non o fan. Creo que iso é realmente un problema para vostedes: que non lle son útiles nin ao país, neste caso, nin lle son útiles a Galicia. É moi cómodo, moi cómodo, para o Goberno do Estado, pero realmente con moi pouca utilidade para todos nós.

Eu espero, se imos debater aquí outras cuestións, que sexan máis positivos para o sistema educativo de Galicia. Por exemplo, temos rexistrada unha iniciativa que pide que as obras que se fan nos centros educativos deixen de cotizar o 21 por cento do IVE e pasen a cotizar un 10 por cento. Agardo contar co seu voto favorable, porque iso sería liberar unha gran can-tidade de recursos económicos para a Administración autonómica que se poderían reinvestir en moitos centros educativos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFE-SIONAL (Rodríguez González): Obviamente, o Goberno de España —o señor Sánchez— ten que permitilo. Espero que lle pregunten e que poidan ter unha resposta positiva. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Aquí prodúcese unha acumulación, en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema. Acumúlanse as preguntas refe-renciadas na orde do día no apartado 5 e no apartado 6.



Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os anuncios da Xunta de Galicia relativos á eliminación do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta do mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela para o vindeiro curso

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por parte do Grupo Socialista, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Remárcoo porque é importante, xa que esta pregunta, aínda que é sobre un tema concreto —un mestrado—, ten que ver coa ciencia e ten que ver coas universidades.

Supoño que vostede, dentro do Goberno de Galicia, está encargado de velar pola calidade da docencia, pola calidade do Sistema universitario de Galicia, fundamentalmente público, e tamén pola calidade da investigación e do talento que se xera na nosa comunidade autónoma, e aí é onde temos que enmarcar esta situación.

Neste momento, no Sistema universitario de Galicia temos unha titulación que é o grado en Matemáticas —unha titulación única no sistema e de referencia a nivel estatal, tanto nacional como internacional— e temos un mestrado que dá saída —digamos— á formación e aos futuros doutoramentos —tamén temos ese doutoramento— daqueles alumnos e alumnas que queren facer o seu desenvolvemento de investigación nas áreas estruturais e fundamentais de matemáticas, non en áreas de especialización doutros mestrados que tamén hai.

Pois ben, en aplicación do decreto do ano 2010 —o 222—, pois resulta que a Xunta de Galicia acaba de retirar a singularidade dese mestrado e, polo tanto, ese mestrado non se vai poder impartir o ano que vén. A situación é que é un mestrado que leva moitos anos así. Este debate xa o tivemos no ano 2012 e 2013 cando, tamén por parte da Xunta de Galicia, se intentou eliminar este mestrado. Aí apareceu a consideración de «titulacións singulares», precisamente para aqueles casos de titulacións que non cumprían os mínimos marcados nese decreto.

Polo tanto, a Xunta de Galicia retirou esa singularidade baseándose en que non cumpría un dos tres criterios que se establecían para decretala. Os criterios son: estar vinculado directamente a unha liña de investigación acreditada de excelencia a nivel internacional —¿non existen investigadores neste mestrado que estean vinculados a liñas internacionais? Ten un vostede como presidente da ACSUG—; estar vinculado a sectores considerados estratéxicos polo Goberno da Comunidade autónoma —¿quérreme dicir que a Comunidade autónoma non considera que as áreas de matemáticas, e as matemáticas, sexan estratéxicas para Galicia,



para o futuro de Galicia e, sobre todo, para sectores fundamentais do noso desenvolvemento, sectores incluso económicos e sociais?—; e o último, estar vinculado aos centros CIGUS recoñecidos pola Xunta de Galicia, centros CIGUS, por certo, que ata o ano 2022 non existían —porque foi nese momento cando se puxo en marcha esta rede CIGUS—, pero si que existía un centro de transferencia en matemáticas, que era o Itmatí, e que levaba xa moitos anos funcionando; e agora existe tamén outro centro interuniversitario.

Polo tanto, ¿como xustifica a Xunta de Galicia o incumprimento destes criterios de declaración de singularidade? E, sobre todo, ¿como é posible que nesta declaración de singularidade non se aportasen os datos en que se basea a propia facultade?

Por certo, quero saudar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Abalde. *(Aplausos.)*

Ten despois unha segunda intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro.

Non sei se a vostede lle gustan máis as patacas fritidas ou as cocidas, pero o que sei é que a pública parece que non lle gusta moito. *(Aplausos.)* Lévaos demostrando bastantes anos, pero é que os últimos meses foron a apoteose, a verdade. Porque, mentres lle están dando para adiante a todo canto grao, mestrado, doutoramento ou universidade privada pasa por Galicia, como diría Mariano Rajoy, a universidade pública, «ya tal».

Pois si. Falemos claro: vostede sabe coma min que a decisión que están tomando, e que van tomar, non ten ningún tipo de sentido. Sabe que o seu secretario xeral de Universidades, Díez de Castro, está cometendo un erro, e sábeo vostede coma min, porque non hai ningún tipo de razón —nin académica nin de investigación, nin razón de país, sobre todo— que xustifique esta decisión.

Vostedes agora van gastar moito en captar investigadores. Está moi ben, pero ¿os que están aquí? ¿Que pasa cos que están xa aquí e queren desenvolver a súa carreira de investigación aquí? *(Aplausos.)* Ademais, estano facendo nun contexto histórico moi concreto, porque sabemos, perfectamente, que somos a cuarta —ja cuarta!— comunidade autónoma do Estado con maior fuga de talento universitario —ja cuarta!— e quitan este mestrado. Saben por estudos feitos recentemente que toda a fuga de talento universitario nos custa 210 millóns de euros ao ano e 1.300 nacementos menos, pero seguen para adiante con quitar este mestrado. Entón, xa aproveito. Ten todo o recinto do Parlamento; hai moitos membros, tanto estudantado como docentes e familias deste mestrado; saia a falar con eles e elas, explíquelles as razóns e intente convencelos de por que lles van quitar este mestrado. *(Aplausos.)*



Iso si —*al César lo que es del César*—, vostede conseguiu algo que é moi meritorio: unir todo o sector. Uniu todo o sector e así se ve que, en poucos días, van 5.000 sinaturas en contra da súa decisión. Moitas son moi significativas, por exemplo, as de todos e todas as decanas da USC —¡todos e todas as decanas!—, todos e todas as decanas das facultades de Matemáticas do Estado —¡todos e todas!—. Logo, como nos vangloriamos tanto dos nosos investigadores, como por exemplo, Alberto Enciso, Eduardo Sáenz de Cabezón ou José Luis Mascareñas —aínda lle estaba poñendo un tuit hai cinco días parabenizándoo polos seus éxitos—, pois asinan contra esta decisión que non ten ningún tipo de sentido. (*Aplausos.*) Eu, sinceramente, creo que sabe que está só neste camiño, que van seguir sós e que non teñen razón.

No BNG temos clara unha cousa: á pública moito non lle suman, moito non lle suman, pero polo menos non lle resten. E así, por resumilo: Román, non mates as Mates.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Para darlle resposta, e como é acumulada, ten vostede seis minutos. Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Ben, eu creo ten que quedar moi claro que a Xunta de Galicia ten un compromiso firme, moi firme, co Sistema universitario público galego. Creo que poñelo en dúbida pois é faltar á verdade. Temos unhas universidades abertas, cada vez máis accesibles desde a perspectiva económica, e que sen dúbida ningunha están mellor que hai quince anos. Temos unha responsabilidade tamén, que é que estas universidades, con todo o que implican, sexan eficaces, sexan eficientes e por suposto teñan calidade, calidade na formación e calidade na investigación.

Dito isto, é moi difícil compartir cuestións que se acaban de escoitar aquí neste Parlamento. É certo que existe unha problemática, é certo que existe unha diverxencia entre, neste caso, os responsables dun máster específico cos responsables da Consellería, pero eu creo que están, sinceramente, señores do Partido Socialista e señores do BNG, sobreactuando. Vostedes o que pensan é que isto é malo para a Xunta, e por iso están facendo esta posición.

Miren, aquí estanse cumprindo os acordos; en primeiro lugar, estanse cumprindo os acordos. Vostedes din que se tomou sen ningún tipo de diálogo, que se tomou isto á lixeira, case de xeito arbitrario, como se algún día alguén na Consellería se levantase e dixese: imos fastidiar o máster de Matemáticas, e facémolo e xa está. Estano dicindo así, con esa simpleza.

Ben, pois mire, iso, como se di agora, é un auténtico bulo, é un auténtico bulo. Nós temos un diálogo permanente coas universidades. Non hai máis que ver hoxe o periódico; poden ver hoxe os xornais e daranse conta. E tamén o que temos é unha serie de acordos, a inmensa maioría de xeito unánime, asinados coas tres universidades, para organizar a vida dentro



das propias universidades e dentro das súas titulacións. Un destes acordos fixa os requisitos mínimos en materia de alumnado, é dicir, o número de alumnos mínimos que ten que ter unha titulación para poder ser ofertada.

Tamén falan do escurantismo, de falta de comunicación; escribeno así, jeh! Tamén me parece que é unha sobreactuación. Mire, o procedemento de solicitude de prazas de grao e de máster está absolutamente regrado, é transparente e é coñecido e repítese todos os anos, e o número de alumnos que fixa o decreto do ano 2011 eran 20 por cada máster. Foise baixando de xeito consensuado coas universidades, e non me deixará mentir o ex-reitor da Universidade da Coruña: fomos baixando consensuadamente para ter o número mínimo de 18 no ano 2019, e ultimamente de 16. Así está asinado polas tres universidades e pola Xunta.

Pois ben, aquí a Xunta non pecha nada. A Xunta o que fai é que cumpre un acordo existente, e iso leva a que, neste caso, como noutros máis que se teñen feito noutros anos e se farán no futuro, pois, se non hai un cumprimento dun criterio asinado e dun requisito asinado polas tres universidades e pola Consellería, o que se plantexa é que non se oferte a titulación específica con base niso.

Son as regras comúns, son as regras comúns que nos demos todos, e que debemos respectar, a non ser que tanto o Partido Socialista como o Bloque nos digan que non respectemos os acordos ou que incumpramos os acordos, ou que os rachemos sen máis, en función dunha casuística concreta. Estou seguro de que non piden iso e que non din iso, porque, se o din, mal asunto, por dicilo dun xeito moi resumido.

E fala vostede tamén das declaracións singulares, e falou tamén aquí; moi interesante isto. Efectivamente, hai un número mínimo de alumnos, pero hai criterios de flexibilización. Cando un mestrado é o único que se oferta nun centro, aí se rebaixa; cando habilitan para unha profesión, cando forman parte do programa Erasmus Mundus ou cando teñen declaracións singulares.

E aquí tamén, fundamentalmente o Partido Socialista, pon en dúbida —acabámolo de escoitar— os criterios que se utilizan para a declaración de singularidade. Eses criterios están no *Diario Oficial de Galicia*, e falan, por suposto, de investigación acreditada, pero, para xustificar esa investigación acreditada, é necesario contar —está así fixado— con dous grupos de referencia competitiva e un de potencial crecemento; está así na norma, está así na norma, non é o caso. Ou que estean vinculados cun centro CIGUS, que non é o caso, ou que non estean vinculados directamente —estamos falando dun máster, como se di no argot, de matemáticas puras— cos sectores considerados estratéxicos para Galicia.

Non reúne ningún dos tres requisitos. E non o di este conselleiro, dío a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, dío a ACSUG, dío quen avalía e quen di que unha titulación pode manterse ou non.

E iso non sei, a verdade, por que lle sorprende tampouco a vostede, lle sorprende ao deputado do partido do Bloque. Hai dous anos tamén se presentou unha declaración de singularidade;



presentouse dous anos seguidos exactamente a mesma, sen facer cambios que puidesen modificar a argumentación que se presenta.

Tampouco é certo, como se di —neste caso é o Bloque—, que vai acabar co mestrado de Matemáticas, como se non houberse máis mestrados de Matemáticas. Hai tres mestrados de Matemáticas na facultade, tres: un de Matemáticas Industriais, un de Técnicas Estatísticas e este.

Pois mire, dato cuantitativo, é un puro dato cuantitativo. En Matemática Industrial hai 86 matriculados, 46 das universidades galegas; en Estatística hai 60; neste temos nos últimos tres anos unha media de 12. E ese é o dato frío, e que realmente tamén deixa en evidencia outro argumento que vostedes din que afecta á investigación. ¡Home!, a investigación comeza cando alguén comeza a súa tese de doutoramento, non cando está no máster, e pode haber carreira investigadora facendo outro máster, sen dúbida ningunha, ou ao acceder aos cursos de doutoramento. E segue habendo, como xa acabo de dicir, mestrados dispoñibles na facultade.

Sigo no seguinte turno. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro. Ten despois un segundo turno.

Réplica, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, o da sobreactuación dígallelo aos alumnos que están aí arriba e aos que estiveron diante do Parlamento, e ao decano da Facultade de Matemáticas. Eses son aos que vostede acusa de sobreactuación. *(Aplausos.)*

Non faga trampas ao solitario; se non, ¿aquí a que estamos? Está comparando vostede con outros mestrados que están organizados por tres universidades, e por cinco universidades, como é o de Matemáticas Industriais. E, polo tanto, non son comparables. E, sobre todo, que dan acceso a outras titulacións distintas ás de Matemáticas, porque o mestrado de Matemáticas é fundamentalmente para as áreas de matemáticas.

Polo tanto, non compare, non compare. E en determinadas áreas a investigación que van realizar despois no doutoramento está vinculada a áreas específicas de matemáticas, que son as que se imparten neste mestrado de Matemáticas.

Nós aquí non estamos defendendo cuestións porque son malas para a Xunta. Non. Estamos defendendo cuestións que son boas para o Sistema universitario de Galicia. ¿Vostede pode entender o empobrecemento que supón para o Sistema universitario de Galicia perder un mestrado como é o mestrado de Matemáticas? Eu, como vostede recorda, sendo vicerreitor da Universidade da Coruña, defendín que este mestrado no ano 2013 tiña que permanecer. ¿Por que? Polo Sistema universitario, pola calidade da formación do Sistema universitario. Vostede non é o conselleiro de Facenda, non está velando pola eficiencia económica. Non. Está velando pola calidade do Sistema universitario. E, polo tanto, pídlle que reconsidere esta decisión, porque non vai supoñer maior eficiencia. Porque o profesorado xa está na uni-



versidade, non vai haber unha redución de custos para a universidade, pero si vai haber un empobrecemento, que vai ter moi difícil o retorno. Porque vostede plantexa que estea un ano sen funcionar. Un máster deste tipo, que leva anos e anos funcionando, que deixe de funcionar un ano supón matar o máster.

Polo tanto, non tomen decisións desde o punto de vista da eficiencia económica e tomen decisións respecto da calidade educativa, e, por favor, reconsideren esta decisión, fagan caso ás alegacións da facultade e poñan en marcha para o curso que vén este mestrado de Matemáticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

A verdade é que vostede me veña falar hoxe aquí da ACSUG, cando onte mesmo sacou un informe dicindo que merecía totalmente a excelencia, en contra da decisión que van tomar, que o nomeou vostede mesmo, o presidente da ACSUG, ¡por favor! (*Aplausos.*) E logo fala de sobreactuar.

Mire, colleron uns papeis e encheron a recta do Hórreo, da xente que asinou contra esta dirección. ¿Vanlle dicir á xente, á rapaza ou ao rapaz que se ten que ir a Madrid ou a Barcelona estudar ao día seguinte, porque non ten este mestrado, que está sobreactuando? ¡Por favor!, polo menos respecten un pouco a xente que os escoita.

E aquí hai dous xeitos de actuar clarísimos: un é o da privada e outro é o da pública. A privada, cando hai unha Lei galega de universidades que che di que non podes reduplicar a oferta pública que hai na universidade pública —valla a redundancia—, ¿vostedes que fan? Tres graos de Dereito que hai xa no noso país, chama Abanca, pois hai que meter un na privada. Oito graos de Enfermería que hai no noso país, chama Abanca, pois hai que meter un na privada.

E, en cambio, este é o único máster que hai en todo o país, e este hai que quitalo, porque é da pública. E por iso xa lle falo directamente á xente que veu hoxe: mirade (*Risos.*), se viñésedes na maleta cun logo dun banco, teríades moitas máis opcións de manter este mestrado, pero, como vides cunha universidade pública, pois cámbiache a cousa. (*Aplausos.*)

E, sobre todo, por todo o que levamos escoitando estes días de neutralidade ideolóxica nos centros de estudo, ¿vostede pensa que, pechando un máster na pública, con todo o necesario que é, mentres se lle dá para adiante a todo na privada, non hai ideoloxía? Aí hai unha ideoloxía moi clara e moi sibilina, que é que quen máis cartos ten máis oportunidades ten, así de claro.

E no BNG recoñézolle —xa para rematar, tería moitísimas cousas que dicir, pero xa para rematar— que temos ideoloxía, tamén na educación, de defender a pública, porque é a que



tanto a min como a calquera persoa das que está aquí ou fóra do país nos fai iguais. Vostedes parece que cren máis na desigualdade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, moitas grazas.

Señores deputados, señoras deputadas, especialmente o do Bloque, por recordarme que eu fun estudante sempre da pública, e son profesor da pública; agradezo moito que mo recorde.
(Murmurios.)

E ben, volvendo ao que estaba dicindo anteriormente e volvendo á cuestión da excepcionalidade, creo que tamén é importante sabelo. Nós temos unha aposta —creo que todo o mundo o sabe— por que a nosa universidade teña calidade, sexa accesible, sexa comprometida e dalgún xeito tamén sexa sostible e teña —digamos— unha racionalidade, e se cumpran —importantísimo— os acordos asinados polas tres universidades e pola Xunta de Galicia, que é o que permite racionalizar o noso traballo.

¡Home!, non se toman decisións á lixeira, non se toman. Mire, este máster leva dende o ano 2018 e 2019 tendo dalgún xeito unha baixa demanda, acabámolo de ver comparativamente cos outros, e sempre houbo unha excepcionalidade respecto do número mínimo de alumnos, dende o curso 2018-2019. Buscábase con isto dar tempo a que se puidese encauzar ou reconducir a situación.

A verdade, hai informes de seguimento. Vostede citou a ACSUG. Pois mire, hai unha frase moi concreta da ACSUG, que tamén ten que ver moito nestas decisións, porque é quen fai os informes —insisto—, que di que non consta no plan de mellora acción concreta ningunha destinada ao incremento do alumnado de novo ingreso. Iso di literalmente neste caso a ACSUG, e dígoo porque non se toman decisións á lixeira, senón despois dunha avaliación feita por profesionais independentes, e acábo de citar aquí para a súa causa, co cal non negará a independencia da ACSUG.

E respecto do máis importante, creo que é o máis importante deste debate, onde se ve moita demagogia, se ve moita busca de aplauso fácil, pero o máis importante é, habendo aquí persoas involucradas neste máster, a nosa total dispoñibilidade, a partir de mañá, para sentarse para ver como se pode reorganizar a organización deste máster, para que non sexa un máster que perde alumnos de xeito progresivo, que ten unha demanda, como acabamos de dicir, nos tres últimos anos de media de 12 alumnos, e sexamos capaces de melloralo.



Se unha administración, se un servizo público non mellora, se un servizo público non ten capacidade de reorganizarse, pois malamente se moven e se sustentan as políticas públicas. E para que unha formación poida ter o recoñecemento social, ten que ter un número mínimo de alumnos. Se non, ¿que estamos facendo?

E xa lle digo desde aquí que, a partir de mañá, a partir de mañá, estamos á disposición dos responsables deste máster, dos responsables da facultade, para sentarnos a falar, en serio, en serio, e ver que se pode reformular neste máster para que teña e poida acadar o número mínimo de alumnos necesarios para o seu mantemento; número mínimo que non é arbitrario, que xorde dun acordo asinado entre as tres universidades e a Xunta de Galicia.

E, se queremos un máster de calidade, teremos que ter o máis importante, que é o alumnado, que despois poderá aplicar o coñecemento adquirido neste máster.

Co cal, máxima dispoñibilidade para poñer á disposición os servizos administrativos da secretaría xeral, para deseñar, para avaliar, para mellorar, para analizar, para deseñar unha nova oferta de máster para o curso que vén que poida e dea resposta aos requirimentos da sociedade.

Porque nós traballamos para a sociedade. Calquera goberno, calquera administración pública ten que traballar para a xente, para a sociedade, e temos que cumprir os criterios. Os criterios están clarísimos, asinámoslos coas tres universidades, publicámoslos coas tres universidades, e vostedes estannos dicindo aquí que os incumpramos; literalmente, están dicindo que se incumpra un acordo acordado coas tres universidades e coa Xunta de Galicia.

Creo que iso non ten sentido, e non se pode tampouco negar en ningún momento a busca da capacidade de chegar a acordos entre o Sistema universitario público e a Xunta de Galicia. Insisto: collan hoxe o xornal, que se darán conta perfectamente.

Pero ben, a min xa me tardaba —tamén teño que dicilo— que saísen as palabras tótem pois dunha forma de facer política, onde todo é falar de recortes, falar de privatización; agora xa falan tamén do conflito. Non hai formación política tan potente como a UPG, que sen presentarse nin unha soa vez a unha elección é capaz de mandar nun sindicato e é capaz de mandar nunha forza política, e onde hai un chamamento clarísimo ao conflito. E creo que vostedes están nese conflito xerando unha dualidade público-privada, ricos-pobres, ben, ese discurso, efectivamente, que é o discurso de *Las venas abiertas de Latinoamérica*, que afortunadamente xa pasaron moitas décadas, moitísimas décadas por encima, e non se sustenta.

E creo que ao final, miren, o que queremos todos é que este máster, igual que calquera outro máster da universidade pública galega, teña calidade, cumpra os requisitos e poida formar os alumnos e as alumnas de hoxe, que van ser o día de mañá fantásticos profesionais.

E por iso digo que nos sentemos para deseñar, para redeseñar, para reformular a oferta deste máster, para que dea cumprimento aos requisitos que se piden e poidamos seguir formando nesta universidade, nesta facultade, profesionais na matemática.



Hai dous másteres que teñen un número de alumnos moi importante...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e hai un que por desgraza non o ten. Imos ver por que non e imos traballar para que o teña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do primeiro ano de funcionamento da Oficina Económica de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señora Lorenzana.

No contexto económico actual a simplificación de trámites administrativos e o áxil acceso á información constitúen factores clave para a competitividade e o desenvolvemento de proxectos empresariais. A dispersión normativa, a complexidade dos procesos administrativos e a falta dun acompañamento firme son barreiras de entrada que exigen respostas claras, coordinadas e útiles por parte da Administración.

Non é novo dicir que a burocracia excesiva frea ou mesmo paraliza moitos proxectos empresariais que poderían contribuír activamente ao desenvolvemento do noso tecido produtivo. De feito, as pemes, así como as persoas traballadoras autónomas, enfróntanse a miúdo a unha maraña de procedementos burocráticos complexos, que retardan a posta en marcha e o crecemento das súas iniciativas.

Ademais, a transformación dixital e a implementación de mecanismos de tramitación simplificada deben ir da man dun modelo de atención próximo e personalizado. Non basta con dixitalizar procesos se estes seguen sendo complexos e se os usuarios non atopan un acompañamento axeitado.

Neste contexto, os emprendedores, os empresarios e os traballadores autónomos precisan dunha administración colaboradora, que implante ferramentas innovadoras que lles permitan centrarse no que verdadeiramente importa: crear actividade económica, emprego e riqueza para Galicia. Por iso, contar cun mecanismo eficaz que coordine o acceso á infor-



mación ás empresas resulta esencial para a promoción do emprendemento, para a consolidación do tecido empresarial e tamén para a atracción de novos investimentos.

Neste sentido, concibiuse a Oficina Económica de Galicia, dependente do Instituto Galego de Promoción Económica, que vostede preside e que acaba de cumprir un ano de funcionamento, como instrumento para acompañar, simplificar, coordinar e sobre todo achegar solucións reais ás persoas que invistan e que creen e manteñan emprego nesta terra. Esta oficina funciona como unha canle única de atención especializada para acompañar as nosas empresas e as nosas industrias, para reducir a burocracia e para ir da man do tecido produtivo.

Queremos posicionar Galicia como destino atractivo e diferenciado para o investimento, atraer e facilitar a implantación de novos negocios, seleccionar e captar os investimentos que complementen as cadeas de valor e favorecer o mantemento e a ampliación dos investimentos que xa existen en Galicia. Queremos, en definitiva, que os empresarios e emprendedores teñan unha porta á que chamar e que saiban que dentro dela atoparán un equipo que os vai acompañar na súa aposta por Galicia.

Señora conselleira, ¿cal é o balance do primeiro ano de funcionamento da Oficina Económica de Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Ben, no escenario económico actual que define vostede na exposición da pregunta, cada vez máis complexo, cada vez máis globalizado e cada vez máis exixente, pois sen dúbida a cooperación público-privada convértese nunha prioridade —ou así o pensa o Goberno de Galicia— para calquera administración que realmente queira acompañar o tecido produtivo. Non abonda soamente con programas ou con convocatoria de liñas de axudas, de préstamos e de apoios, senón que temos que estar ao carón das empresas e comprender as súas necesidades reais e actuar con axilidade.

Esta é a convicción da que nace a creación desa Oficina Económica de Galicia, unha estrutura nova pero integrada dentro do Igape, e que o que pretende é establecer un novo modelo de relación entre a Administración e as empresas. É un modelo de proximidade, é un modelo de acompañamento continuo e personalizado, e cremos tamén que é un instrumento estratéxico como punto de entrada á Administración galega pois de calquera empresa ou de calquera iniciativa económica que se queira implantar en Galicia.



Pregunta vostede polo balance. Pois neste primeiro ano levamos máis de 22.600 consultas atendidas, máis de 1.000 reunións presenciais con empresas. E, sobre todo, o modelo de funcionamento é un modelo que pon o foco na eficacia e na axilidade. O 85 por cento das consultas estanse resolvendo no acto, grazas a un equipo humano especializado e súper comprometido co traballo desta oficina. Son máis de cen profesionais, entre o equipo propio e persoal propio do Igape —que son recursos humanos moi coñecedores da realidade empresarial, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos—, pero que están reforzados cunha rede de colaboradores externos. Temos expertos en áreas clave como financiamento, enerxía, innovación e estratexia empresarial.

E estamos tamén actuando en novas temáticas. O exemplo claro pois foi a creación desa oficina *ad hoc* dentro da Oficina Económica na área de seguridade e defensa aeroespacial, que acabamos de anunciar dentro da nova estratexia. Pero traballamos noutras temáticas, por exemplo, na área de *crowdfunding*, para garantir que os proxectos de infraestruturas estean deseñados tendo en conta os impactos actuais e futuros do cambio climático.

A misión da oficina é clara: desburocratizar, simplificar e achegar a Administración ao ritmo real da actividade económica. E sobre todo é un instrumento dinámico que se vai adaptando. Acabamos de anunciar un punto de atención permanente en Madrid, e que colabora ademais con axentes externos, como pode ser Invest in Spain-ICEX, actores institucionais cos que cremos que temos que ter tamén unha colaboración. E está sendo xa copiada por outras administracións, porque funciona e porque resolve e conecta coas empresas.

Cremos que é unha nova forma de facer política económica e que demostra tamén unha forma de facer país e de visualizar Galicia como un territorio confiable para o investimento e para os empresarios.

De momento, nada máis.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidenta.

Señora conselleira, noraboa polo balance que vén de presentarnos.

O que desde o Partido Popular non facemos, a diferenza dalgunhas formacións políticas da esquerda, é demonizar os empresarios e os emprendedores. Non son os nosos inimigos. Non cremos nesa falacia de que só traballan para recortar dereitos e só pensan no seu propio beneficio. Para que un país avance, necesitamos do concurso de todos, tamén dos que arriscan o seu patrimonio e dedican a súa vida persoal e profesional a poñer en marcha unha iniciativa que xere riqueza e emprego en Galicia.



Por iso, parécennos especialmente positivas iniciativas como a Oficina Económica da Xunta, e queremos aproveitar para convidar ao uso a ese servizo. ¿A quen? Pois a persoas emprendedoras ou autónomas que precisen de información e apoio para comezar o seu negocio; as empresas galegas que queiran investir, medrar, mellorar a súa competitividade, innovar ou buscar novos mercados; e tamén as empresas de fóra de Galicia que estean estudando como establecerse na Comunidade ou investir neste territorio.

Finalmente, poñer en valor que esta oficina —como explicou— se concibe como un espazo vivo, que se adapta ás necesidades dos sectores produtivos ante os desafíos que vaian xurdindo nun contorno tan cambiante; por exemplo, hoxe en día no reto que supón a política arancelaria de Estados Unidos. Inmediatamente a Xunta puxo en marcha dentro desta Oficina Económica un espazo de asesoramento técnico especializado, en colaboración coa antena do Igape Miami, para prestar atención directa ás empresas e facer un control actualizado da evolución do impacto arancelario. Medidas nas que nos gustaría que afonde na segunda quenda. E digo isto porque onte aquí nesta Cámara os grupos da oposición non lle deron ningún valor ás iniciativas da Xunta.

Remato xa. Unha Oficina Económica útil que sirva ao obxectivo marcado polo presidente Rueda de captar investimentos e continuar simplificando o camiño ás empresas que queiran implantarse en Galicia. Galicia conta coas persoas, talento e recursos; Galicia conta cunha administración proactiva...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora SANZ ARIAS: ...e profesional que actúa e que se anticipa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Réplica do Goberno, señora Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Ben, agradezo o interese en formular esta pregunta, porque, ademais de efectivamente facer un balance cuantitativo e cualitativo do que supón o primeiro ano de funcionamento da oficina, permite tamén poñer en valor o carácter estratéxico que ten este instrumento para a política económica, e tamén efectivamente a política comercial do Goberno galego, nun momento ademais pois especialmente intenso —digamos— no eido internacional.

Falaba antes da versatilidade que ten a oficina. A oficina nace precisamente configurada como unha estrutura absolutamente viva que ten que adaptarse aos desafíos económicos que vaian xurdindo. E o exemplo clarísimo é o que está sucedendo coa política arancelaria dos Estados Unidos e como a través da oficina e dese contacto directo, desa capacidade de adaptación, pois temos conseguido —creo— implementar un primeiro grupo de medidas moi axustado ao que as empresas actualmente están necesitando.



En primeiro lugar, precisan nun acompañamento da Administración ante a incerteza —que xa expliquei nesta Cámara en anteriores comparecencias— da situación comercial actual. Isto permitiu traballar cunha oficina técnica específica dentro da Oficina Económica coordinada coa antena do Igape en Miami, para dar información actualizada —importantísimo— ás empresas, pero tamén para ofrecer asesoramento técnico e para ofrecer solucións e reformular estratexias de exportación.

O que pretendemos é non soamente informar —como digo—, senón tamén actuar e facilitar esas adaptacións ou mesmo pois permitir abrir novas portas comerciais. De feito, a oficina —en relación co que vostede preguntaba— mantivo xa reunións cos representantes dos principais sectores, como o clúster agroalimentario, o naval, o biotecnolóxico, materiais de construción ou as TIC, para avaliar o impacto real das novas tarifas e tamén para establecer estratexias de mitigación; e, como digo, importantísima esa coordinación e ese apoio directo coa antena do Igape en Miami.

E este contexto é o que nos permitiu estar xa a piques de publicar a nova liña de préstamos anunciada, despois de escoitar os sectores a través desta oficina, de coñecer realmente que se adaptan ás súas necesidades; préstamos que van ter unha carencia de catro anos —o dobre do habitual— para reforzar esa capacidade de adaptación das empresas exportadoras. E un novo servizo de consultoría internacional dentro do programa Re-acciona, que cremos que tamén é clave.

Isto é o que significa ter unha oficina económica útil, poder pasar da diagnose dunha determinada situación de xeito absolutamente inmediato á acción e poder acompañar os sectores nun contexto internacional económico absolutamente cambiante. Pretendemos ser unha administración económica amigable. Pretendemos continuar facendo crecer as nosas empresas, empresas que exportaron máis de 31.000 millóns de euros o ano pasado. E pensamos que a Oficina Económica de Galicia, co plan de internacionalización, foi e está sendo peza clave en toda esta estratexia.

Seguiremos reforzándoa, seguiremos conectándoa co mundo e seguiremos converténdoa nun verdadeiro centro da estratexia económica ao servizo de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de información que ofrece o Goberno galego ao Parlamento verbo da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade e dos seus plans de futuro para esta comarca

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Suárez.



O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi ben, moitas grazas, presidenta.

Señorías, señor conselleiro, voulles ser moi directo: ¿teñen vostedes algo que ocultar? Seguen sen enviarnos a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, a pesar de que temos dereito a ela, polo artigo 9 que regula esta Cámara. Igual teñen algo que ocultar, (*O señor Suárez Fernández amosa unha fotografía.*) tal e como ocultaron unha denuncia por agresión sexual de todo un conselleiro da Xunta de Galiza, o conselleiro do Mar. (*Aplausos.*) Ocultárono durante meses; mentres o despediron con louvanzas, aplausos e homenaxes, a un presunto agresor sexual, nin vostede nin ningún membro do Goberno galego, nin ningún deputado do Partido Popular tivo a máis mínima palabra coa vítima. Este é o feminismo do Partido Popular: nin vostede nin ningún membro do Goberno galego tiveron unha palabra coa vítima.

En fin, o que si nos ocultan —ao igual que esta denuncia de agresión sexual— é a candidatura, como digo, da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade. ¿Por que non nola envían? Pregunto. ¿Hai algo que ocultar, hai algo que non poidamos saber? Desta vez parece ser que si que se presentou en firme a candidatura, non como hai uns anos, no 2021, cando o alcalde de Madrid, o señor Almeida, llela mandou retirar e vostedes, obviamente, sen rechistar, obedeceron. (*Aplausos.*) Igual non o cre, señor conselleiro, pero esta ocultación e esta opacidade cunha cuestión tan importante como é unha candidatura a Patrimonio da Humanidade crea moitas reticencias por parte da poboación local, entre a cal eu me inclúo. ¡Normal! A xente pregúntase —e dígollo con coñecemento de causa— que vai pasar ao día seguinte da presentación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade. ¿Que vai ser do sector vitivinícola? Grazas á produción de viño en bancais ao pé dos ríos que conforman a Ribeira Sacra —o Miño, o Cabe ou o Asma—, os verdadeiros garantes de que se manteña a paisaxe e de que actualmente haxa candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade son viti-cultoras e vicultores. A Ribeira Sacra é Ribeira Sacra grazas á produción de viño en bancais. De non ser pola viticultura, non se estaría falando de Patrimonio da Humanidade.

Hoxe por hoxe, o sector vitivinícola está en perigo: non está garantido de aquí a quince ou vinte anos. ¿Sabe vostede cal é a media de idade das viti-cultoras e vicultores da Ribeira Sacra? Sesenta anos de media. ¿Quen vai producir o viño? ¿Vostede? ¿Eu? ¿Quen o vai facer? ¿Que vai ser da candidatura da Ribeira Sacra? ¿Retiraránnola de aquí a uns anos —o cal pode pasar e xa ten acontecido noutras ocasións—?

Se algo aprendemos da anterior candidatura é que vostedes non coñecen o territorio ou non o queren coñecer. (*O señor Suárez Fernández amosa un documento.*) Aquí teño o mapa que vostedes presentaron na anterior candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade. Como pode ver, aquí, na zona que está en vermello, é o que vostedes catalogan como posible Patrimonio da Humanidade. Están aquí as diferentes comarcas de Lugo: a de Chantada, a de Terra de Lemos e a de Quiroga; e na zona de Ourense, a da propia comarca de Ourense e tamén a da Terra de Caldelas. Hai un erro clamoroso neste mapa que vostedes presentaron a Patrimonio da Humanidade, que está aquí, na comarca de Chantada, no concello de Taboada. Hai aquí unha parroquia...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...na zona sur do concello de Taboada, que se chama Sobrecedo,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten un segundo turno despois.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...—acabo rápido—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non, pero é que nas preguntas ten un turno e non pode...

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...senlleira en produción de viño, e que vostedes non incluíron na candidatura da Ribeira Sacra.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten unha segunda intervención.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Rolda de réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Suárez, sinto darlle unha vez máis as costas, pero a distribución deste hemicycle non permite facelo doutra maneira.

Quero dicirle que, evidentemente, este goberno non ten absolutamente nada que ocultar nin na candidatura da Ribeira Sacra nin noutro tipo de cuestións, por suposto.

Recórdolle —non sei se vostede é coñecedor ou non— que o pasado 12 de novembro, en resposta ao traslado de petición de documentación da proposta da candidatura da Ribeira Sacra, recibiron vostedes esta documentación. *(O señor López Campos amosa un documento.)* Esta é a proposta que, polo artigo 9, se lles remitiu ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista en relación coa documentación presentada arredor do proxecto da Ribeira Sacra. Ao mellor non teñen vostedes coordinación e interlocución, ao mellor non falan dentro do seu grupo político, ao mellor teñen que pasar toda esta información previo filtro por outros organismos que manexan o partido e que ao mellor non llela achegan a vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pódolles garantir que o Goberno cumpre coas súas obrigas e xa lles digo que esta documentación, que vostedes pediron, foilles remitida o 12 de novembro.

Non só iso, senón que ademais este conselleiro compareceu en varias ocasións neste Parlamento para dar conta da estratexia da Ribeira Sacra. En maio de 2024 e en agosto de 2024 respóndense dúas preguntas escritas do Bloque Nacionalista Galego; en outubro de 2024 respóndese tamén neste Parlamento a unha pregunta oral en relación coa Ribeira Sacra; o 30 de outubro, na comparecencia de orzamentos, fálase expresamente da estratexia que temos arredor da Ribeira Sacra; o 12 de novembro respóndese a dúas solicitudes de acceso á información do BNG e do PSOE —12 de novembro; *(O señor López Campos amosa o mesmo documento.)* é esta



documentación, a que lles foi remitida aos grupos políticos—; o 6 de maio de 2025 comparezo a petición propia para dar conta do estado actual da candidatura; fanse congresos no territorio, como o pasado 28 de outubro, cando fixemos o Congreso Fontes, en Nogueira de Ramuín, onde participaron todas as entidades que levan colaborando neste proxecto.

¿Cal é o problema? ¿Que información, que parte da información lle falta ao Bloque Nacionalista Galego? Pois a verdade é que o descoñecemos. Eu creo que, neste caso, unha vez máis, o BNG non busca información, o BNG busca confrontación. Esta é a realidade da súa estratexia, defendendo o indefendible cando falamos, neste caso, dun proxecto fundamental e estratéxico para as provincias de Lugo e Ourense, que ten unha implementación, que ten un compromiso social importante, no que participaron moitas entidades e moitos organismos. Sorpréndeme moito que veña vostede aquí a poñer en cuestión esta iniciativa que será transcendental e fundamental para o territorio.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Deberían estar aliñados co Goberno nun tema...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...tan importante como este e non estar confrontando, como fan habitualmente. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten outro segundo turno.

Réplica, señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, non me importa que me dea a espalda; con tal de que non lle dea a espalda á poboación da Ribeira Sacra e con que non governe de espaldas á poboación, xa estaríamos contentos. *(Aplausos.)*

Cando falamos de ocultación, señor conselleiro, referímonos ao seguinte: ¿onde está un plan de emprego para a Ribeira Sacra? ¿Onde está un plan de vivenda? ¿Onde está o plan de remodela do sector vitivinícola da Ribeira Sacra? Non hai nada.

Deixen de utilizar a Ribeira Sacra como un simple parque temático onde parece que non vive xente, onde parece que non traballa xente. Vivimos e habitamos o territorio, ¡claro que si!; necesitamos que se governe tamén para nós e non de espaldas a nós.

¿Onde está a súa defensa do Románico? É un dos factores verdadeiramente diferenciais da Ribeira Sacra, a maior concentración do Románico de toda Europa. Nós temos rexistradas, desde o BNG, decenas de casos de edificacións singulares do Románico caendo: a casa de Torno, do Saviñao, cun escudo de armas do século XVI, no chan; a antiga igrexa de san Pedro



de Cela de Louredo, en Ribas de Sil, está caendo; a casa de Miraelfe, en Chantada, caída; o pazo de Suatorre, en Chantada, tamén caendo; a torre de Arcos de Chantada, singular edificación da revolta irmandiña, tamén está practicamente no chan; do pazo de Vilar, de Taboada, xa está derruída a súa metade; ao mosteiro de san Salvador do Asma —sobre o cal xa lle teño preguntado— tamén foron roubados del diferentes pezas de valor incalculable e non se sabe onde están actualmente; a casa da abadía de san Vitoiro de Ribas de Miño... En fin, ¿esta é a súa defensa do territorio e a súa defensa da candidatura da Ribeira Sacra?

Xa lle teño dito que a Unesco pode retirar as declaracións de Patrimonio da Humanidade, pódeas retirar. Esta é unha candidatura que é carne de canón para que sexa retirada nun futuro, porque vostedes non coidan o territorio absolutamente nada.

¿Cal é o plan de turismo da Xunta de Galiza para a Ribeira Sacra? (*O señor Suárez Fernández amosa unha fotografía.*) No pasado mes vimos ata catro exemplos coma este de autobuses que quedan atrancados na Ribeira Sacra. ¿Que vai pasar despois de que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade, se é que ao final o é?

Se non teñen plan, por favor, comuníquense coas comunidades locais e non gobernen de costas á poboación local. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Lamento moitísimo, de verdade, señor Suárez, a súa actitude. Polo que desprenden as súas palabras, parece que o mellor que lle pode pasar á Ribeira Sacra é que esta candidatura ao final fracase e non sexa declarada Patrimonio da Humanidade. ¡Parece mentira!; paréceme increíble que vostede, sendo deputado desa zona —ademais, do concello de Chantada—, veña a utilizar, a poñer en cuestión e a xogar cun tema e cunha estratexia tan importante para o futuro dese territorio. Paréceme, de verdade, unha deslealdade absoluta, que espero que chegue aos seus veciños da Ribeira Sacra.

Escoite, non me estraña moito a súa estratexia. Voulle dicir máis: mire que preocupados están, señorías, os alcaldes e o Bloque Nacionalista Galego de que tantas costas lle imos dar á Ribeira Sacra que mañá eu estarei persoalmente nos Peares, facendo unha xornada de traballo en relación coa candidatura da Ribeira Sacra. ¿Saben vostedes cales son os tres únicos alcaldes que non van acudir? Os dos gobernos do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) ¡Ese é o compromiso! Non sei se obedecerán a ordes da UPG ou do Bloque Nacionalista Galego ou de calquera outra forza política que manexe ese conglomerado de partidos, pero si é certo que os únicos que non van estar nesa xuntanza, onde se lles vai dar información e traslado de toda a documentación, son os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego. Esa é a realidade que os define a vostedes; e despois poden facer a demagogia que consideren oportuna.



Dígolles máis: a documentación téñena. Eu non sei se vostedes a leron, pero hai unha páxina web que lles recomendo que consulten. Ademais, saíu en todos os medios, en todos os diarios: na *Voz de Galicia*, no *Faro de Vigo*, na *Región*, de Ourense, que teñen vostedes —se queren, despois doulles copia—. En calquera dos medios publicouse unha páxina web destinada exclusivamente para colgar toda a información da estratexia que desenvolvemos sobre a Ribeira Sacra.

E dígolle máis. Fala vostede daquelas cuestións que hai que acometer. Evidentemente, hai retos de futuro. A declaración de patrimonio mundial vai permitir que teñamos unha estratexia definida, unha estratexia planificada, unha estratexia coordinada no territorio. Evidentemente, para isto hai un compromiso orzamentario vinculado á declaración da Ribeira Sacra —é unha das cuestións fundamentais tamén para a declaración de patrimonio mundial—. Unha vez máis, voullo dicir —cría que lle quedara claro na miña anterior intervención, cando comparecín aquí e lle contestei á señora Queixas, e dígollo a vostede porque parece que non lle quedou claro—: quen presenta as candidaturas, como a da Ribeira Sacra, a patrimonio mundial é o Goberno de España. É falso e é mentira, tallantemente mentira, que o Goberno galego retirase a candidatura no ano 2021. O único que pode presentar e retirar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...candidaturas é o Goberno de España. Polo tanto...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...deixen de mentir, deixen de faltar á verdade... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e deixen de enganar a veciñanza da Ribeira Sacra...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e apoiem este proxecto fundamental para Galicia. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o tempo, señor conselleiro.

Continuamos coa orde do día, coa última pregunta, de feito, da sesión plenaria.

Pregunta de D^a Carmela González Iglesias e D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto da ampliación do porto deportivo de Baiona e da presión turística nesta vila

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta —como sabe, son tres minutos—, a señora González.



A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Señora Villaverde, ás mulleres galegas non nos representa a posta en escena indecente do seu nomeamento a consecuencia da imputación do seu predecesor por agresión sexual. (*A señora González Iglesias amosa unha fotografía.*) Vostede tamén foi partícipe, vostede tamén ten a súa propia «foto da vergoña», conselleira, abrazando e bicando o presunto agresor para mostrarlle en público a súa solidariedade e recoñecemento, sen dicir nin unha soa palabra de apoio á vítima. Desde o BNG queremos trasladar todo o noso apoio e solidariedade a esta e a todas as mulleres valentes que denuncian. E dicímoslles que non están soas; somos moitas as que estivemos, estamos e estaremos loitando para que a vergoña estea do lado do agresor e dos e das que o amparan e agochan. (*Aplausos.*)

Os 4.200 metros cadrados de recheos para a ampliación do porto deportivo de Baiona están a provocar o rexeitamento da veciñanza, que quere vivir no seu concello e protexer a baía de Baiona. O modelo de turistificación masiva do Partido Popular é insostible, con consecuencias que dificultan a vida cotiá das baionesas e dos baioneses.

Baiona é un dos concellos co prezo da vivenda máis alto, o que fai imposible mercar ou alugar unha vivenda, e os mozos e mozas baionesas vense na obriga de marchar do seu concello para empezar un proxecto de vida.

O pequeno comercio ten serias dificultades para manter a persiana subida e son moitos os que pecharon e pechan, xa que é imposible manter un negocio con ingresos só durante dous meses do ano. Durante o verán, practicamente a diario padecen insufríbles atascos do tráfico nas estradas de acceso á vila, que colapsan e dificultan a comunicación para o seu día a día, para ir ao traballo, para ir a un centro hospitalario ou a calquera outro servizo na cidade de Vigo.

A ampliación do porto deportivo é un paso máis para ese avance do turismo de masas que non ten en conta as consecuencias sobre a veciñanza, alén de que un novo recheo vai ter consecuencias nefastas para a baía de Baiona. Tal e como indica o informe de avaliación ambiental estratéxica do Plan especial do porto de Baiona, vai ter graves afeccións na paisaxe, ao modificar a fachada marítima de Baiona; no patrimonio natural, xa que o recheo vai ocupar hábitats nos que existen elementos naturais e provocará a contaminación que afectará as especies mariñas e a calidade da auga; na atmosfera e no cambio climático, polo aumento de tráfico marítimo-terrestre; nos ciclos hídricos —como xa está facendo na praia de Santa Marta—, coa modificación das correntes mariñas...

Conselleira, a pregunta é clara: ¿vai vostede...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...paralizar de inmediato o recheo para a ampliación do porto deportivo...?

(*A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde. Ten tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Villaverde Acuña): Bo día, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Señora González, asisto a este pleno para responder unha pregunta presentada polo seu grupo, e iso vou facer. Resposto por unha actuación que non só vai mellorar os servizos náuticos da localidade de Baiona, senón que tamén vai abrir este espazo á cidadanía. A actuación desenvolve o proxecto de finalización dunha obra positiva no porto deportivo, modelo de desenvolvemento respectuoso coa contorna. O proxecto está baseado no seguimento e cumprimento rigoroso de todas as determinacións de proxección ambiental, en liña cos principios de desenvolvemento sostible e de crecemento azul, e lévase a cabo por un equipo de goberno no Concello de Baiona que foi totalmente transparente, mantendo reunións con distintos representantes: a Asociación Náutica Baía de Baiona, a Asociación de Usuarios do Porto Deportivo, a Asociación de Empresarios e, como non, a Confraría de Pescadores. As reunións permitiron expoñer o alcance do proxecto e intercambiar información co fin de garantir que todas as partes implicadas estivesen debidamente informadas.

Señorías, o proxecto responde a unha necesidade real identificada xa no ano 2015, cando se aprobou o Plan especial de ordenación no porto, un proxecto que foi esencial entón e que é esencial hoxe. Grazas a este documento, foi posible ampliar o porto pesqueiro, conservar o paseo sobre a dársena e crear unha zona de protección subacuática na baía. Grazas a este documento, melloraremos a situación do porto deportivo, que nin presenta servizos de calidade nin ofrece un aspecto digno á entrada ao municipio de Baiona.

É por isto que o seu concello tratou a operativa desta actuación seguindo escrupulosamente as directrices do informe de compatibilidade coa Estratexia mariña da demarcación noratlántica, emitido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e facendo fincapé na necesidade de evitar afeccións a especies protexidas polo Real decreto 139/2011 e pola Lei 42/2007, na aplicación de medidas para evitar a turbidez e a sedimentación de zonas sensíbles, na implantación do Plan de vixilancia ambiental e no cumprimento das condicións establecidas pola Dirección Xeral da Biodiversidade en relación co corredor migratorio galaico-cantábrico occidental, integrado na Rede Natura 2000.

É dicir, estamos ante unha actuación legal, unha actuación ordenada e unha actuación debidamente autorizada.

Polo tanto, señorías, dende a Xunta de Galicia imos seguir defendendo que se fagan as cousas ben, como están planificadas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Ten un segundo turno despois.

Réplica, señora González.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: A estampa que nos deixa a salvaxe explotación do litoral baionés é desoladora: cada vez hai máis iates e embarcacións de recreo e menos barcos de pesca. O porto pesqueiro é diminuto se o comparamos cos portos deportivos que teñen na vila. Queren vendernos, conselleira, esta ampliación como unha oportunidade: máis prazas de aparcadoiro, máis espazo comercial e máis amarres. Pero a realidade é que o Partido Popular aposta polo fomento da turistificación de Baiona na contra de traballar pola veciñanza.

Este é un exemplo clarísimo de cales son as prioridades políticas do Goberno do Partido Popular. O Partido Popular é máis de garantir prazas de amarres para os iates dos ricos que de garantir prazas nas residencias públicas para as persoas maiores do Val Miñor ou prazas nas escolas infantís públicas para as crianzas de Baiona. O Partido Popular do presidente Rueda e do alcalde Almuíña é máis de aterrar a baía de Baiona para que os ricos poidan aparcar os seus iates que de liberar a peaxe da AG-57 para mellorar a comunicación de toda a veciñanza do Val Miñor. O Partido Popular é máis de abrazarse a un amigote imputado por agresión sexual que de apoiar e acompañar a vítima. E a Consellería do Mar é máis de portos deportivos e campañas millonarias de postureo que de medidas de saneamento da Foz do Miñor para recuperar o marisqueo.

Rectifiquen, señora conselleira. Están a tempo. Paralicen o recheo para a ampliación do porto deportivo de Baiona, tal e como demanda a veciñanza. Hoxe mesmo a plataforma denuncia que está habendo aterramentos ilegais traídos dos destellos do barrio do Cura. É unha obra que non é beneficiosa para Baiona e por iso a veciñanza está en contra. Non o vendan como algo para os veciños e veciñas; é algo para que os ricos teñan máis amarres para os seus iates.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira. Ten novamente tres minutos. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Esta actuación enmárcase no obxectivo do Goberno galego de impulsar a economía azul, na que a náutica de recreo constitúe un motor xerador de riqueza e emprego para a nosa comunidade, pois arredor de trescentas cincuenta empresas traballan neste sector náutico galego, dando lugar a 2.200 empregos directos e 10.000 indirectos. Galicia ten un altísimo potencial para escalar no ámbito da náutica recreativa a nivel internacional e, por ende, o noso cometido é optimizar ese potencial. Este é un eido de traballo estratéxico.



É por isto que, por unha banda, neste ano dedicamos por primeira vez unha partida económica de 1,2 millóns de euros a través dun plan de mellora de infraestruturas náuticas para incrementar a calidade das instalacións e a calidade dos servizos, e, por outra banda, modificamos a normativa para ampliar os espazos concesionais para aportar maior seguridade xurídica aos operadores privados que ven en Galicia un nicho de negocio.

Este é o caso da concesionaria Nauplia Capital SL, que investirá a cantidade de 4 millóns de euros na mellora desta infraestrutura. Este investimento será beneficioso para todos os baionenses, e o que beneficia a Baiona —o que beneficia calquera municipio de Galicia— beneficia a nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, señorías do BNG, ábranse ao futuro e descubran o ben que senta dicir que «si» e non tanto «non» (*Aplausos.*), dicir que «si» a unha contorna respectuosa co medio ambiente, dicir que «si» a contar con máis e mellores servizos públicos, dicir que «si» a unha imaxe renovada do conxunto urbano e mariñeiro e dicir que «si» a dispor dun novo punto de encontro para veciños e visitantes.

Señorías, ábranse ao futuro e digan «si» a Baiona e a que siga a ser un referente do turismo náutico recreativo.

Bos días. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematada a resposta a esta pregunta ao Goberno, que, como saben, era o último punto da orde do día, rematamos a sesión, desexándolles bo proveito a todos e a todas.



Remata a sesión ás dúas horas e cincuenta e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

